

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 16

SESION ORDINARIA DO 26 DE OUTUBRO DE 2009

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velo Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e quince minutos do día vinte e seis de outubro do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velo Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes o membro da Xunta de Goberno Local Sr. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno en sesión ordinaria, convocado por orde do día do 22 de outubro do presente ano que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Ábrese sesión pública, constátase quórum e antes de proceder coa orde do día damos conta dun informe elaborado pola Secretaría do Pleno no que se establece, de acordo co Regulamento municipal, o xeito de tramitación das emendas ás mocións. De acordo co Regulamento municipal as emendas deben someterse a votación con carácter previo e para o caso de resultaren aprobadas deben entenderse que substitúen nas partes correspondentes ás propostas ou mocións de que se trate, someténdose estas xa convenientemente modificadas a votación.

Este sistema de procedemento de emendas será utilizado a partir deste Pleno en todas aquelas propostas nas que existan emendas.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Quero presentar unha cuestión de orde en relación co artigo 94. Segundo parece agora se vai cambiar o sistema de votación das emendas; no anterior Pleno eran os mesmos concelleiros, o mesmo Alcalde, o mesmo Regulamento orgánico de funcionamento do Pleno e sen embargo se adoptou outra medida. De hai un mes a agora cámbiase o criterio a pesar de que dende o Partido Popular pediamos un informe á Secretaria e o que estamos a dicir é que dun mes a outro se cambia o criterio de organización e funcionamento do Pleno porque no fondo o que se producira fora unha decisión do Alcalde sen ter en conta o informe da Secretaria.

Por tanto estamos a reiterar outra volta o tema da necesidade dun Regulamento de Plenos e que ó final o Partido Popular ten a razón. Vostede non.

A PRESIDENCIA: Sr. Concelleiro, o outro día quedaba claro que o mecanismo que se estaba a utilizar por esta Presidencia, coido que tamén por Presidencias anteriores neste Pleno, era o habitual de funcionamento dos Plenos democráticos que sempre tratan de dar vantaxe nun sentido non pexorativo á oposición. Coido que este

sistema tal e como o establece o regulamento do Concello é obsoleto e deixa á oposición nunha situación feble porque se se votan as emendas das mocións que presenta a oposición, o que é certo é que non hai moción.

Isto era o que eu defendía no anterior Pleno ante a súa insistencia en proceder de acordo co Regulamento. Especificamente lle dixen que cría que o mecanismo que estabamos a utilizar era conveniente para seguir adiante neste Pleno, polo tanto se vostedes o solicitan podemos seguir co sistema anterior de non votar as emendas e as emendas deben ser sometidas a autorización do grupo propoñente para a súa tramitación. Coido que cando se presenta unha moción o seu autor debe ter a posibilidade de que sexa votada e non sexa alterada a través dunha emenda que a pode desvirtuar.

Sr. Concelleiro, vostede sabe que era unha proposta que eu facía de boa fe atendendo a un funcionamento razoable e democrático deste Pleno. Se vostedes o solicitan podemos volver a ese sistema de tramitación ou senón aplicamos o Regulamento. Vostedes teñen a palabra.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O que hai que facer é cambiar o Regulamento, teñen maioría para o presentar e mentres non exista outro o que pedimos é a aplicación do existente de acordo co que xa pediamos no pasado Pleno.

Por certo, non é a única norma obsoleta e absurda que existe no Regulamento senón que existen máis e podemos ir comprobándoo. Fai falta de xeito urxente que presenten un Regulamento novo no Pleno; mentres tanto haberá que seguir aplicando a norma vixente que o mes pasado non quixo vostede aplicar.

A PRESIDENCIA: Perfecto, seguiremos aplicándoo pero quero lembrar que o actual Regulamento debe datar dos anos oitenta. Isto quere dicir que aquí houbo moitos gobernos municipais que non o cambiaron, incluído o anterior goberno, por tanto non parece razoable poñer a carga da culpa sobre este goberno cando houbo tantos e tantos que puideron facelo e non o fixeron.

1.- (198).- INTERVENCIÓN DA PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN ASNAIX.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 09.10.09,

S. Ordinaria 26.10.09

número 90144560, a presidenta da Asociación Asnaix solicita intervir perante o Pleno da Corporación en relación coa situación da lista de espera das axudas de comedor e adquisición de material escolar.

INTERVENCIÓN DE DONA IOLANDA DE LA TORRE EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN ASNAIX: A nosa comparecencia neste Pleno ten como obxecto agradecer a vostedes, os nosos gobernantes, todas as actuacións dirixidas a mellorar as condicións desfavorables das persoas en xeral e das familias en particular.

Non queremos obviar os pasos acertados e as boas intencións, queremos facerlles saber que agradecemos cada unha das axudas e accións de goberno dirixidas a diminuír as desigualdades sociais, por pequenas que estas sexan, entendemos que vostedes traballan para conseguir unha sociedade mellor e mais xusta para todos que pasaría por ter todos un posto de traballo aínda que isto aínda é unha utopía mentres se desenvolven estes proxectos de acción social, pero queremos e consideramos necesario reprobar a actuación deste goberno e do seu alcalde en particular en relación ao acontecido nesta última convocatoria para as axudas de comedores escolares e para a adquisición dos libros da segunda etapa de infantil de 3 a 6 anos.

Sr. alcalde, temos que dicirlle que non se poden facer promesas pensando que ninguén as escoita, porque eu e máis nas coma min escoitámolas e quedamos coa seguridade de que teríamos a axuda e a realidade é que cando o curso comezou eu e máis de 500 nais quedamos sen ela.

Se ben é certo que a situación regularizouse para a case totalidade das solicitudes, non debemos esquecer que aínda existente 143 nenos e nenas sen a súa axuda de comedor e 218 para a compra de libros en 2ª etapa de infantil cando a educación ten que ser un dereito universal e non ter dificultades á hora de adquirir o material e, aínda que lles parezan poucos, queremos lembrarlles que cada un deles forma parte dunha familia con unha situación de necesidade que lles obrigou a facer esta solicitude, algo que non é doado, e estamos seguros tamén de que ningún de vostedes coñece a sensación de desasosego e desesperanza que produce o feito de non dispoñer dos recursos suficientes para o benestar dos nosos fillos e fillas, que é o motivo da nosa loita e desta comparecencia. Para que vostedes non os esquezan, pedirlles que sigan traballando pero que non xoguen coa necesidade e a esperanza das nais, nais ás que se nos pide que sexamos agarimosas, que dediquemos tempo á educación e ó lecer dos nosos fillos e fillas pero que á par e non o esquezan, se nos esixe que sexamos competitivas, traballadoras, rendibles para a sociedade, en definitiva, que sexamos supernais. Non fai falla dicir que conseguir isto é xa difícil, agora pensen como é a situación cando a nai non dispón de máis axuda que ela mesma e en consecuencia son os nenos e nenas os que sofren e as que sofren estas complicadas situacións.

Os datos a día 23 de outubro sobre as bolsas solicitadas cumprindo os requisitos son os seguintes:

- Bolsas de comedor solicitadas: 2.194, das que case 600 quedaron en lista de espera ata o pasado día 4 de outubro que se reduciron ás 143 bolsas actuais que

S. Ordinaria 26.10.09

continúan en lista de espera e as axudas a libros de 2ª etapa infantil das 870 solicitadas que cumpren os requisitos son aínda 218 as que continúan en lista de espera.

Dende a nosa perspectiva queremos axudar ós nosos gobernantes e ás administracións locais na tarefa de discernir as prioridades.

O pasado mes de setembro o tenente de alcalde, Santiago Domínguez, facía unhas declaracións, publicadas na web deste Concello, sobre o plan de choque do actual presidente da Xunta contra a crise, coas que estamos de acordo.

Segundo o Tenente de Alcalde, “é impresentable que por unha banda se fale de plan de choque e por outra se desatendan as necesidades básicas” como está a acontecer na nosa cidade. Ao respecto salientou que o plan de choque contra a crise se demostra nas partidas orzamentarias e tendo claras as prioridades, “que para nós son os máis desfavorecidos”. En consecuencia, anunciou que se seguirán incrementando as partidas de Benestar social “e para iso sacaremos de onde faga falta”.

Ese “o sacaremos de onde faga falta” chama a nosa atención sobre todo cando este mesmo concello non acaba de atopar os fondos para cubrir o seu compromiso coas necesidades básicas das familias e destina outra partida dos cartos dispoñibles a unha proposta que aínda que pode favorecer nalgúns casos ás familias e ós comerciantes nestes momentos de crise, resulta chocante e paradoxal para nós e referímonos ás axudas de 600 euros para estimular o consumo.

Temos que dicir que os comedores escolares axudan ás familias a conciliar as obrigas laborais coa atención básica dos nenos e nenas, as nais, os pais e sobre todo as familias monoparentais, é, en definitiva, unha medida conciliadora, pero que necesita sen dúbida ser incrementada e mellorada.

Coincidimos coa concelleira de Benestar social, María Méndez, sobre a necesidade de ampliar os comedores escolares e debemos agradecer a súa demanda que facemos nosa e que consideramos unha necesidade e unha prioridade social da cidade de Vigo. Loxicamente, a situación actual non é a máis indicada para favorecer a conciliación laboral e familiar. Consideramos imprescindible a necesidade de dotar ós centros de máis prazas de comedor.

Por outra banda, na xestión dos comedores escolares chama a atención que só oito están xestionados pola Xunta, os restantes xestiónalos as Anpas, e isto implica diferencias importantes nos prezos, polo que solicitamos a este Concello a xestión destes comedores escolares como medida que favoreza a igualdade e que todos os colexios estean dotados dos mesmos recursos e oportunidades.

Queremos salientar así mesmo que consideramos necesario un cambio estrutural en relación ós horarios escolares e ós laborais. Na etapa infantil de 0 a 3 anos as escolas infantís municipais ofrecen unha cobertura entre as 7,30 da mañá e as 9,00 da noite, sendo 8 horas o tempo máximo da estancia do neno no centro, e o custo máximo que a familia paga co servizo de comedor incluído é de 180 euros, sen ter en conta as axudas municipais para as familias de rendas máis baixas.

Pero entón nós nos preguntamos: ¿A partir dos catro anos, os nenos xa poden quedar sós na casa?, ou ¿dos 4 anos en diante o pai ou a nai pode quedar na casa atendendo ó neno e deixar de traballar? ¿o neno pode saír e estar só? ¿quen se ocupa dos nenos nas horas que traballamos? ¿Por que a cobertura a partir dos 4 anos xa non se contempla do mesmo xeito que as escolas infantís da primeira etapa?

Consideramos imprescindible un cambio nas estruturas horarias dos centros escolares co apoio das administracións e, por que non, dos centros laborais, e que dende as administración se axeiten os servizos necesarios que axuden ás familias a conciliar de forma real a vida laboral coa vida dos seus nenos e nenas.

E ¿como imos esperar que sexan os empresarios os que acaden medidas favorecedoras para as familias se dende os mesmos organismos municipais non consideran os problemas que temos á hora de conciliar? lonxe de ofrecernos traballos con horarios que faciliten a atención dos nenos e nenas nos reproban o feito de presentar este problema.

Dende os plans concertados por perceptores do Risga, “Conta con elas”, “Plan Vial”, “Plan E”, son oportunidades e traballos pensados para non ter cargas familiares nin problemas de horarios; o SADI é unha boa idea, un luxo e un servizo moi profesional pero insuficiente e moi limitado, a beneficiaria non pode gañar máis de 690 euros, o servizo de atención non poder ser de máis de catro horas e non exceder dun mes..., é un recurso máis, pero non é suficiente.

Os campamentos de verán só ofrecen oportunidades ás familias que dispoñen do tempo para levar e recoller os nenos, nalgúns casos dos cartos tamén, e ningún deles abarca máis de 15 días. A conciliación é imposible sobre todo para as familias monoparentais.

Outra demanda do noso grupo é conseguir a equiparación de familia numerosa para as familias monoparentais (como xa é unha realidade en Cataluña), sobre todo para as que non perciben axuda do outro proxenitor.

Por último, pedimos que este goberno faga unha seria reflexión sobre os sistema das puntuacións para o acceso ás axudas, xa que neste momento estar no paro con o sen subsidio outorga unha maior puntuación que o feito de ser familia monoparental. Poño un exemplo: unha familia de 3 membros, nai, pai e fillo, con ingresos un deles e outro no paro (é dicir, o do paro podería atender o fillo), terá 1 punto polo neno, 3 puntos se dispoñen de prestación por desemprego e 5 puntos se non a ten, en total un mínimo de 4 puntos, en calquera caso terá sempre máis puntuación cunha nai soa, traballadora que teña ó seu cargo dous fillos, xa que terá 1,5 puntos por ela e máis 2 polos fillos, é dicir, 3,5 puntos en total, e aínda por riba non pode estar na casa coidando deles.

Polo que pensamos que este goberno, con este sistema de puntuación desprotexe obxectivamente ás familias monoparentais (a maioría mulleres e en moitos casos con poucos recursos e grandes dificultades para conciliar).

Iso é todo. Espero que sirva para que vostedes nos axuden.

INTERVENCIÓN DA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: En primeiro lugar quero agradecer a presenza de ASNAIX, xa que así tamén temos máis oportunidade de coñecer as necesidades dun colectivo que neste caso fundamentalmente está composto por familias monoparentais, que sempre teñen o noso maior respecto e evidentemente dende este goberno xa se implementaron medidas nas propias ordenanzas fiscais para axudar a este colectivo. Iremos seguir por ese camiño, incrementando todo tipo de axudas. Tentarei facer un breve resumo porque as axudas de comedores escolares e as axudas para libros danse dende a Concellería de Benestar Social que teño a honra de dirixir neste caso. Tamén porque ás veces a cidadanía sabe o que hai pero non sabe o que había, entón quero establecer a comparación porque probablemente a través desta se amose a aposta deste goberno polo que sempre estamos a falar que é o gasto social, o gasto en servizos sociais.

Por ir debullando datos que espero que non cansen a ninguén, dicir que cando chegamos á Concellería de Benestar Social a verdade é que era unha das concellerías máis esquecidas. Pretendíase que Benestar Social pasase desapercibida porque dende sempre neste país se entendeu que Benestar Social era para as persoas necesitadas e os servizos sociais non tiñan ese concepto de universalidade que xa se lle ten dado noutros países e noutros lugares do noso Estado. Falamos doutras comunidades autónomas e doutras nacións históricas coma Cataluña e País Vasco. Eu, que ó principio da miña lexislatura tiven a oportunidade de estar no País Vasco vendo como funcionan os servizos sociais, volvíñ terriblemente deprimida porque o que eles destinan a servizos sociais para nós é case o orzamento enteiro do Concello. Pero así funcionamos, así é e así son tamén as facendas locais no caso de Galicia.

Para ir a datos dicir que cando nós chegamos á Concellería de Benestar Social tiñamos concretamente 4.400.000 euros no orzamento. Falo do ano 2007. Nestes momentos, a esta data do ano 2009, logo da modificación de crédito introducida hai pouco, temos 7.219.447 euros. Pasamos de 4.400.000 a 7.219.447 euros, coido que é máis do 40% do que había de orzamentos en toda a Concellería.

Por ir directamente ó que significan axudas a familias, ó que significa apostar pola infancia e mesmo polas familias destruturadas, dicir que o Servizo de Infancia e Familia recibe unha achega de 519.000 euros; nel temos dez educadoras, dúas traballadoras sociais e unha coordinadora máis unha auxiliar que traballan con estas familias que teñen problemas de destruturación ou problemas doutra índole mesmo

con adolescentes.

Á parte diso nestes momentos temos un orzamento para axudas de emerxencia, para os casos de máxima emerxencia de familias que entran en problemática de emerxencia social, de 200.000 euros; cando chegamos á Concellería tiñamos exactamente 105.000 euros.

En canto ás axudas de comedor e libros, no ano 2007 tiñamos en total 400.000 euros; deles destinábanse para comedor 360.000 euros. Agora mesmo temos 516.000 euros, ou sexa, 116.000 euros máis para axudas de comedor. Pero tamén é certo que a demanda incrementouse e así no curso 2008-2009 de 1.656 alumnos pasamos a 2.194, unha diferenza do ano pasado a este de 512 alumnos, pediron bolsa 512 persoas máis. O ano pasado concedéuselle bolsa a 1.197 alumnos, este ano a 1.656; ata o momento demos 457 bolsas máis que o ano pasado que á súa vez xa incrementáramos 200 alumnos a respecto do 2007.

Nestes momentos efectivamente temos unha lista de espera de 143 persoas, pero tamén hai que dicir que subimos o IPREM e polo tanto está entrando xente con menos necesidades económicas que o ano pasado. Nestes momentos quedan 143 persoas en lista de espera para axudas de comedor e 200 para libros.

Evidentemente os recursos deste Concello son limitados. Fixemos a aposta máxima porque como se ve incrementouse notablemente o orzamento e considerablemente o número de axudas; pero tamén é certo que tanto a nivel de libros como de comedor recibimos unha avalancha superior a outros anos polos problemas da crise, pero tamén porque na Xunta de Galicia cambiaron o criterio xa que se o ano anterior eran gratis os libros de texto, este ano houbo unha serie de pais que en previsión de que non ían seren gratis pediron axudas e tivemos que remontala. Houbo un pedimento de axudas para libros e para comedor que nunca houbera.

É certo o que dicía antes a representante de ASNAIX respecto dos comedores escolares que dependen da Xunta de Galicia. Era un compromiso do goberno bipartito seguir asumindo comedores que nestes momentos están dependendo das ANPAS. Nin as ANPAS mesmas, nin os comedores teñen capacidade, pero cando miramos os orzamentos da Xunta vemos que non van incrementar agás dos comedores.

Coido que o pedimento lóxico que fan vostedes hoxe aquí debería dirixir tamén ás outras administracións porque nestes momentos non se está apostando dende a Xunta de Galicia. Algo tan necesario como é a gratuidade dos libros e o material debe

seguir manténdose. O Concello cos recursos que ten, co que estamos a padecer as facendas locais, non podemos asumir algo que lle corresponde á administración autonómica a todos os niveis porque evidentemente tampouco se incrementou o número de comedores escolares que van depender da Xunta. Nós non podemos seguir sostendo esta presión porque vai crecer indefinidamente.

Hoxe espertabamos con outra sorpresa que viña na prensa: os 200 euros que a maiores lle estaba dando o goberno bipartito ás persoas maiores que tiñan rendas baixas retíranse. Esas foron as declaracións da Sra. Conselleira de Benestar e Traballo e iso quere dicir que novamente sobre os servizos sociais van recaer todas eses pedimentos de axudas que se estaban solventando máis ou menos con eses 200 euros que tiñan a maiores as prestacións máis baixas das persoas maiores.

Coido que efectivamente as administracións locais debemos apostar para axudar ós que menos teñen, como efectivamente vostede antes ben dicía debemos apostar como se fixo agora mesmo, cunha medida para axudar a esas familias dende Tenencia de Alcaldía, que se lles ía dar 600 euros a todas e por iso apostamos dende este Concello. Pero tamén é certo que o Concello non pode asumir todo o que outras administracións nestes momentos deixaron de asumir.

Agradecemos de verdade a súa presenza porque coido que tamén nos axuda ós que estamos a traballar no Concello a tentar facelo cada día moito mellor.

INTERVENCIÓN DA SRA. LÓPEZ ATRIO: Dirixíndome a contestar á problemática que presenta D^a Yolanda Torres direille, para completar e non repetir, que os comedores escolares da Xunta non son oito, son dezasete; uns colexios teñen comedores propios e outros *cátering*, pero son da Xunta. Os que organiza FOANPAS, Federación de pais e nais, son trinta e dous. A diferenza de prezo está solucionada coas subvencións por mor do convenio con FOANPAS e por suposto que as bolsas entran *prioritariamente* nestes comedores, non sei nos outros pero si que na Federación de ANPAS entran as bolsas que dá benestar social. Polo tanto complementamos mesmo ata a gratuidade total estas bolsas.

Por outra banda a demanda de comedores escolares é enorme pero o espazo non crece na medida das demandas. Solicitámoslle por iso á Xunta de Galicia que fixera unha ampliación dos comedores dos centros educativos pero de momento negouse alegando que non conta con medios. A resposta real foi que ese é un problema que non lle corresponde resolver a Educación porque é un problema social, pretende facer

a convivencia máis doada pero esa non é responsabilidade educativa.

Polo tanto este Concello enfróntase a ampliar certos comedores coa esperanza de que o que nós non podemos afrontar, que son todos os necesarios, o faga a Consellería de Educación. Nestes momentos temos varios comedores previstos, de inmediato dous, confiamos en que a Xunta faga outros dous de ampliación e así sucesivamente ata cubrir as necesidades. A demanda cada ano é maior por distintas causas e sobre todo pola conciliación da vida familiar que, como dicimos, uns teñen dereito e os outros non, sobre todo se traballan. É moi importante atendelos.

En canto á proposta de estruturas horarias dos centros escolares, isto non o podemos cambiar, se nos adaptamos a todos os pedimentos non sería posible conseguir uns horarios, o que pretendemos e haberá que buscar é algún sistema para axudar ou algunha medida para compensar ás persoas ou ás familias monoparentais no seu caso que precisen dunha atención continuada para os seus fillos. Dende logo sería máis doado que as empresas buscaran a maneira de compensar eses horarios e axustalos, en todo caso implicaría un cambio total da sociedade para conciliar vida familiar, laboral e escolar. Por iso para min os centros educativos son tan importantes na súa estrutura porque as horas que pasan os nenos nas escolas xa van sendo máis de dez e iso implica un coidado dende as 8 da mañá ata posiblemente as 6-8 da tarde.

En fin, que non é doado dende o Concello resolver todos e cada un dos problemas, todas as administracións teríano que ter en conta e tamén as empresas para atender as demandas sociais.

Con isto confiamos en que poidamos traballar conxuntamente coas Concellerías de Igualdade, Benestar Social, Educación, Promoción e Emprego, con todas as concellerías que poidan achegar algo e tamén, como non, hai que ter en conta a responsabilidade da Xunta de Galicia en resolver o problema social de Galicia.

INTERVENCIÓN DA SRA. LARRIBA LEIRA: Quero agradecer a intervención da presidenta de ASNAIX que, aínda que é unha asociación recente, recolleu na súa intervención de xeito sintético pero fondo unha reclamación sobre a conciliación da vida laboral e familiar coa que nos identificamos plenamente.

A asociación solicita intervir neste Pleno en relación ás listas de espera das axudas municipais de comedor e adquisición de material escolar, especialmente para as familias monoparentais, resposta que non lle estamos dando neste Pleno. Querería

centrar a miña intervención neste sentido.

Estase a facer un discurso vencellado ás actuacións das políticas da Xunta de Galicia e non ás do Concello de Vigo que en definitiva é o que esta asociación ven demandar hoxe aquí. Por iso o Grupo municipal do Partido Popular únese á esixencia que esta asociación fai ó goberno local de que se faga efectiva a promesa de axudas para os comedores escolares e adquisición de material escolar, así como de eliminación das listas de espera, cuestión que se anunciou amplamente por parte do Alcalde da cidade xa no mes de maio deste ano, cando se falaba de fondo ilimitado para cubrir a demanda, de atender todos os pedimentos ampliando o fondo de bolsas para comedores escolares. Estamos a ver aquí que iso non se fixo, quedou unha vez máis en teoría.

O PP insiste en que seguimos poñendo en dúbida o interese deste goberno local polo ensino público porque vemos que non son máis que promesas, teorías, que non se levan á práctica e esa aposta polo ensino público e a modernización das súas instalacións ponse en tea de xuízo hoxe tamén.

Vou dar outras argumentacións para nos engadir ás reclamacións que ASNAIX fai neste Pleno.

O actual goberno no ano 2008 reduciu o capítulo de investimentos. No orzamento inicial o investimento en educación foi de cero euros e cunha modificación posterior de 100.000 euros; ademais reduciuse tamén a partida de reparacións e mantemento dos colexios en 65.000 euros. Lembrar que co goberno anterior presidido pola Sra. Porro o 100% dos colexios públicos de primaria de Vigo contou con comedor escolar e cunha achega estable mediante convenio con FOANPAS.

A proposta de investimentos do Concello, Plan E, do presente ano non recollía ningunha partida destinada a educación ata a moción presentada neste Pleno polo Partido Popular. Aínda así, de 52 millóns de euros (8.632 millóns de pesetas) dedicáronse finalmente 353.478 euros a educación. Como digo a xestión deste goberno non se caracteriza por eliminar o gasto superfluo, sen embargo aínda están pendentes as axudas municipais como veñen denunciar hoxe.

As axudas dependentes da Concellería de Educación só afectan a un 43% dos alumnos; o 57% restante que son os matriculados en colexios concertados non poden solicitar estas axudas.

No goberno anterior o orzamento era de 120.064 euros, 90.000 euros máis que co goberno anterior. No curso 2008-2009 o orzamento foi de 160.444,25 euros, o que

viña supoñer uns 41 euros por alumno. No curso 2009-2010 pasou de 160.000 a 170.000. Nas axudas de Benestar Social, que si son para todas as familias de Vigo mediante bolsas que sufragan case o 50% dos gastos, independentemente do centro e da titularidade onde estean matriculados os rapaces, no curso académico 2008-2009 mantívose a cantidade que se destinaba co goberno anterior da Sra. Porro e curiosamente deixáronse sen executar 11.468 euros do orzamento dedicado a estas axudas. No curso 2009-2010 subiu a 460.000 euros o que significou un 15% máis, pero non debemos esquecer que proporcionalmente os orzamentos xerais do Concello subiron bastante máis do 15%.

Como lembrábamnos, en xullo deste ano fíxose unha modificación de crédito de 20 millóns de euros; desta cantidade destináronse a axudas de comedor, logo das promesas do Alcalde nos medios de comunicación de axudas ilimitadas, só 40.000 euros, un 0,19% da modificación de crédito. Para que o comprendan mellor e sobre todo as persoas que nos escoitan, esa mesma cantidade de 40.000 euros é o que custou a publicidade da Feira Mundial de Pesca ou por exemplo é a décima parte do que se gastou nas festas de Vigo.

Con todas estas argumentacións que engadimos ó xa exposto pola presidenta de ASNAIX, reclamamos ó goberno local que faga efectiva esa promesa de axudas escolares para os comedores e adquisición de material.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sra. Larriba Leira e gracias a D^a Yolanda Torres, pero quero reiterar algunhas cuestións no nome do goberno.

En primeiro lugar nós dixemos que ninguén ía quedar sen bolsa de comedor neste Concello e ninguén vai quedar sen ela. Ese é un compromiso firme que xa mantivemos incrementando en 400 as bolsas e faremos efectivas as 143 restantes que están en lista de espera. Ninguén vai quedar sen bolsa de comedor no Concello de Vigo agás que haxa un problema de capacidade nos comedores, cousa que está a pasar nestes momentos porque hai oito colexios en Vigo que teñen dúas quendas de comedor e que precisan de urxente ampliación.

Xa no mes de maio enviei unha carta á Xunta de Galicia urxíndolles que ampliaran os comedores destes oito colexios. A día de hoxe seguimos sen ningunha resposta e vai ser o propio Concello quen asuma e custee as ampliacións deses comedores.

En segundo lugar non vai haber límite de partida orzamentaria para bolsas de comedores e nos seguintes orzamentos, que están a piques de seren presentados,

S. Ordinaria 26.10.09

non haberá límite orzamentario para que ninguén quede sen a súa bolsa de comedor. Adicionalmente, a nosa preocupación polo ensino público é de tal calado que, xa co anterior goberno e reiteramos neste, fixemos unha proposta de ampliación e mellora das instalacións educativas dos colexios públicos por valor de 20 millóns de euros. Colexios e instalacións de ensino público que levan case corenta anos en funcionamento e que demandan dende hai quince anos ou probablemente máis unha reforma dese calado.

Confío en que cheguemos a un acordo coa Xunta de Galicia porque nós estamos dispostos a discutir as formas de financiamento desa gran reforma da maior parte dos centros de ensino público desta cidade. Adicionalmente estamos nestes momentos asumindo obras de comedores que son competencia da Xunta de Galicia. Polo tanto eu queredría reiterarlle, Sra. Torres, en primeiro lugar a nosa simpatía coa súa proposta global. En segundo lugar a nosa vontade de facer fronte ás deficiencias que eventualmente pode haber nalgún dos modos de funcionamento e nalgún colectivo que poida estar sendo atendido por debaixo do que require, singularmente familias monoparentais que teñen unha situación laboral e de conciliación laboral moi complicada e quero por tanto transmitirllas que estamos e seguiremos a traballar na consecución dunha maior atención a estes colectivos e ó ensino público.

2.- (199).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de setembro ó 21 de outubro de 2009.

3.- (200).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 6 de agosto ó 20 de outubro de 2009.

4.- (201).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 29.09.09 POLO QUE SE RESOLVE A ADXUDICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA A UN CONCELLEIRO DO GRUPO DO PSDEG-PSOE E ESCRITO DE ACEPTACIÓN DA MESMA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 29 de setembro de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“O Pleno do Concello en sesión de data 28.09.2009, acordou:”Modificar o réxime de dedicacións do acordo plenario de data 17.07.07 que lle corresponde ó grupo político municipal do PSdeG-PSOE transformando unha das dedicacións parciais de 9 horas semanais (por importe de 16.166,13 €/ano no seu inicio) en execución de acordo plenario de data 03.09.07, nunha dedicación exclusiva por importe de 67.167,96 €.”

Polo anteriormente exposto e en virtude do art. 75.5 da LBRL, RESOLVO:

Primeiro.- D. XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ, exercerá a súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cunha retribución bruta anual de 67.167,96 €, con efectos dende o 1 de outubro de 2009.

Segundo.- A retribución aboarase en catorce pagas, o importe revisarase anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- A retribución por dedicación exclusiva implicará a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

Cuarto.- Notificar a presente resolución ó interesado, advertindo que no prazo dos tres días seguintes á notificación, deberá dirixir escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno no que se manifieste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escrito do que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Quinto.- Notificar a presente resolución á Unidade de persoal deste Concello, á Tesourería, á Intervención Xeral e ó interesado.

Sexto.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e no Taboleiro de Editos do Concello.

Sétimo.- Dar conta da presente resolución ó Pleno.”

Por escrito de data 2 de outubro, número de Rexistro Xeral 90140459, o Sr. Calviño Rodríguez manifesta a súa aceptación a devandita dedicación exclusiva.

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

5.- (202).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 15.10.2009 POLO QUE SE RESOLVE A ADXUDICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL A UN CONCELEIRO DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 29 de setembro de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Na sesión plenaria de data 28 de setembro de 2009 tomou posesión como concelleiro do Grupo Político Municipal do Partido Popular, D. Pablo José Beiro Diz.

Mediante escrito do voceiro do Grupo Político Municipal do Partido Popular de data 01.10.2009, entrada no Rexistro Xeral na mesma data número doc. 90099598, manifesta que trala toma de posesión do concelleiro D. Pablo Jose Beiro Diz no Pleno do 28.10.2009, este desempeñará as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas semanais.

En virtude dos antecedentes expostos e segundo o art. 75.5 da LBRL, RESOLVO,

Primeiro.- D. PABLO JOSE BEIRO DIZ, desempeñará as súas funcións en réxime de dedicación parcial de nove horas semanais con efectos dende a súa toma de posesión. As retribucións aboaranse en doce pagas e tales importes revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Segundo.- Non percibirá indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación nin dos organismos autónomos municipais, sen prexuízo das indemnizacións polos gastos ocasionados no exercizo do seu cargo.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución ó interesado, á Unidade de Persoal, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de Editos do Concello.

Quinto.- Dar conta ó Pleno na próxima sesión que este órgano realice.”

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

S. Ordinaria 26.10.09

6.- (203).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA
CORRESPONDENTE Ó TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2009.
EXP.10518/140.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 7 de outubro de 2009 polo interventor xeral:

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Regra 105 da ORDEN EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2009, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o órgano que teña atribuída a función de contabilidade, remitiralle ó Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao terceiro trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables ata o 30 de setembro de 2009.

A información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, nos que se reflicten a situación inicial, cobros e pagos así como a situación final.

En canto ós estados consolidados, a información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. As institucións consolidadas son: a Entidade Local, o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de outubro, tomou coñecemento do anterior.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: O goberno non fai intervención de presentación.

SR. CONDE GIL: Quero facer unha serie de comentarios sobre o expediente que ven a Pleno para dar conta do Estado de Execución orzamentario que coidamos que denota unha vez máis un problema de xestión, pero este trimestre atopámonos ademais con algo que ven sendo bastante cotiá neste Concello por desgracia, que é a ocultación de información á alternativa de goberno que é o Partido Popular.

Observamos como no expediente faltan por exemplo e non aparece como aparecía noutros trimestres, a recadación do exercicio corrente, a recadación de exercicios pechados, a institución consolidada e por exemplo como no estado de situación do orzamento de gastos nos anteriores trimestres facíase referencia ós tantos por centos das distintas fases deste estado de situación do orzamento de gastos e curiosamente neste trimestre ese dato de tanto por cento non aparece. Pregunteime por que non aparece e, aínda que sexa de letras, botei man da calculadora e dos recordos de cando empregaba as matemáticas e descubrín por que non o puxeron: sinxelamente porque os datos empeoran e por iso, Sra. Díaz, é mellor ocultalo que poñerse colorada neste Pleno.

Ese empeoramento ven significar que existe unha mala xestión pola súa parte, non sei debido a que nin o quero saber, pero ten máis preocupación polos prazos que realmente por facer as cousas ben e así vemos como os créditos definitivos aumentan once millóns e medio de euros; en troques os recoñecementos de crédito e as cantidades non dispoñibles non evolucionan como deberían, entendemos que a estas alturas do exercicio orzamentario a cantidade debería ser bastante maior. A fase de licitado baixa substancialmente e a de adxudicado baixa tamén substancialmente o que non deixa de evidenciar ese problema de xestión do que falaba. Así o resto das fases.

Xa falamos no trimestre anterior do mesmo, do capítulo dos investimentos reais e do Capítulo VII; tamén as transferencias de capital empeoran e estamos nuns niveis dun 2,87% que a verdade son bastante ridículos.

Aínda que os ingresos aumentan fano probablemente polas multas, na sanción ó cidadán, porque vemos que o capítulo que máis aumenta é o de taxas e outros ingresos e faino porque por unha banda se cobrou a taxa polo lixo pero tamén o fai en función de que se está multando máis ós cidadáns da nosa cidade. Vostede negou

por activa e por pasiva que este incremento sexa certo pero os datos están aí. Fan vostedes unha presentación dos orzamentos na que falan dunha previsión de recadación e ó final se lle dispara e quen paga son os vigueses; somos os que pagamos porque teñen que cadrar esas contas.

Logo falan das multas dos 300 € que, como xa anunciamos, temos presentado unha moción pero debido á inexistencia de Regulamento ou quizais a que non interesa tratar os temas de actualidade no Pleno, non sabemos cando se vai discutir. Nesa moción pediamos precisamente unha serie de compensacións ós cidadáns, pero dela xa falaremos no seu día.

Tamén hai outras curiosidades nas operacións non orzamentarias de Tesourería. Os acredores pendentes de pagamento a 31.12 case nin diminúen, o que evidencia que non están facendo os deberes como deberían e en xeral temos unha radiografía preocupante en canto ó estado de Tesourería. Dígoo así porque están comendo vostedes a caixa, están gastando da caixa común de todos os cidadáns. No trimestre anterior tiñamos case uns 101 millóns de euros en Tesourería e agora temos 89. Iso en calquera economía doméstica quere dicir que estamos tirando dos aforros, pero cos anuncios que fan acotío ó final imos ir novamente a unha situación de endebedamento neste Concello. Endebedamento que por outra banda vostedes non disimulan pero que lles debería preocupar como a nós e como ós cidadáns porque xa sabemos en que consiste un goberno irresponsable como adoitan seren os gobernos do Partido Socialista e que é o que buscan: gastar por gastar e logo paga o cidadán cunha suba de impostos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sorpréndeme unha vez máis o que acaba de dicir o Sr. Conde sobre a falla de xestión, ocultación de información, etc.; a verdade é que non quero dicir certas palabras pero entendo esta intervención do Sr. Conde porque acaba de demostrarme unha vez máis que non entende nin de contabilidade, nin de economía e só cando se é consciente diso, de que eses coñecementos non son os suficientes, de feito estáballe dando o Sr. Comesaña unhas explicacións, eu entendo esa intervención.

Falounos de falla de xestión e eu fágolle novamente a mesma pregunta: con respecto a que? Como pode dicir que a miña xestión, a xestión deste goberno é mala se non a podemos comparar coa de seu? Eu quero que me presente aquí o estado de execución dos seus orzamentos dos anos 2004, 2005 e 2006 e logo poderá dicir se

subiu ou baixou. Daquela si poderemos falar sobre se é mellor ou peor porque eu teño aquí eses datos.

É certo que vostedes non presentaban datos de execución nos trimestres como deberían, pero como si tiñan que facer o dato ó fin de goberno eu si que teño eses datos e podemos comparar. No gráfico que eu teño está o que vostedes executaron no total do ano 2004, no 2005 e no 2006 e en vermello teño tamén o executado por este goberno nos tres meses do 2009. Á visto diso, esta é falla de xestión? Executamos nós nestes nove meses máis do que vostedes executaron en tres anos. Se isto é falla de xestión chámenme mala xestora porque iso me encanta.

Isto é o que está facendo este goberno e podémolo traducir en moitas cousas: en números, en porcentaxes. Pero tamén o podemos traducir en actuacións e así podemos dicir que nestes nove meses xa está humanizado o contorno do Calvario, Fase I da rúa Sagunto, construída a beirarrúa da rúa Xuncal, humanizado Sanjurjo Badía, renovado o saneamento do Camiño da Seara, humanizado o contorno de Balaídos-Eugenio Kraft, construída a beirarrúa de Santamaría, a da Seara, humanización nas rúas Val Miñor, Jesús Fernández, Badajoz, Andalucía... Vostedes estiveron presentes en moitas destas inauguracións e polo tanto vostede sabe que estamos xestionando ben e facendo as cousas, o que pasa que é non entende dos número nin das porcentaxes.

Tamén falou de ocultación de información. Sr. Conde, isto está na páxina web de Concello e calquera veciña ou veciño de Vigo hoxe, onte ou antonte pode conectarse á páxina web do Concello; no seu canto esquerdo aparece información económica e de pincharen alí calquera cidadán ou cidadá de Vigo pode obter toda a información sobre os orzamentos e en concreto tamén sobre este estado de liquidación do orzamento.

Dixo que diminúen as porcentaxes de licitación e adxudicación. Sabe como se calcula unha porcentaxe, Sr. Conde? Saberá que hai que poñer o numerador e o denominador; daquela, non se decatou de que o denominador estaba aumentando porque fixemos unha modificación orzamentaria? Nós non temos o mesmo no denominador hai tres meses que agora porque incorporamos unha modificación orzamentaria de moitos millóns de euros, por iso o denominador é distinto e cando cambia, cambia a porcentaxe, Sr. Conde, por iso non podemos comparar este con outro ano. Se imos ás cifras globais, pódeme dicir que diminúen cando pasamos de vinte a trinta millóns?

Cando falou de Tesourería denotou que tamén perdeu unha lección de economía porque, non sabe que en Tesourería se producen dentes de serra porque os períodos de recadación son catro veces ó ano mentres que os pagamentos se producen en doce meses? Non sabe iso porque non deron conta da liquidación nos nove meses cando gobernaban; por iso non saben que en nove meses hai unha baixada e en novembro recuperámonos novamente co IBI. Isto prodúcese así, hai momentos nos que estamos arriba e outros abaixo. En ningún momento estase producindo o que vostede di, Sr. Conde.

Con respecto ó endebedamento estamos dicindo en todo momento que lle imos dar a esta cidade o que necesita e se é preciso endebedarse iremos ó endebedamento máximo que permita a lei. Vostede di que é de irresponsables pero entón que explique aquí o Sr. Figueroa que é o que está facendo a Deputación porque o seu endebedamento dobrouse nos últimos dous anos e, que está pasando nos orzamentos da Xunta, eses que presentou hai unha semana? A propia Xunta recoñece que se vai endebedar máis precisamente por unha situación de crise. Entón, é a Xunta unha irresponsable? A Deputación gobernada polo PP é unha irresponsable? O PP pódese endebedar pero o Partido Socialista e o Bloque non porque é irresponsabilidade.

Non, Sr. Conde, non se pode falar con esa demagogia. Os datos son claros, é a mellor xestión que se pode presentar e de novo lle podo mostrar o gráfico que temos destes nove meses fronte ós tres anos que vostedes gobernaron.

Dígolle tamén que estou moi satisfeita con todas as concellerías porque este Estado de Execución se debe ó traballo de todos os concelleiros. Estou moi orgullosa do seu traballo e de presentar esta conta de liquidación.

SR. CONDE GIL: Unha vez máis a súa argumentación é poñer en dúbida a miña capacidade, é no que se basea vostede cousa que me alegra, debe ser vostede unha magnífica profesora, a Universidade a deben querer moito pero veren lonxe, supño. Vostede di que eu non entendo. Fronte á súa mala xestión o concelleiro que lle está a falar non entende. Pois igual non entendo pero iso baixo o seu punto de vista porque os meus compañeiros si deben crer que entendo porque me deixan falar. En primeiro lugar vexo que está vostede moi pendente do que estamos facendo, cousa que me alegra, e en segundo lugar vostede non sabe do que estamos a falar pero se o quere inventar, se é vidente... Xa lle dixen o outro día que era a “bruxa Lola”, pois se

confirma novamente.

Sempre recorre ó mesmo, xa é vostede “*cansina*”, aburre. Ven de catedrática, de profesora universitaria; podería eu vir aquí tamén de avogado, non o vou facer porque aquí todos temos a nosa profesión, non só vostede, nin é mellor a de seu ou a miña. Ven sempre aquí falando das súas leccións e dos estados de execución de 2004, 2005 e 2006 que logo llos darei porque pola contra do que di vostede si que existen.

Xa que é vostede tan lista e parece que lle gustou que nós saquemos gráficas que hoxe ven tamén cunha gráfica feita e alégrome de que lle gustara, como é vostede tan lista, máis ca min tal e como vostede cre, por que non di que nós non tiñamos máis que un orzamento prorrogado nesas tres exercicios dos que fala e que polo tanto non había Capítulo VI de Investimentos e que non se podían executar os investimentos?

Agora, iso si, a vostedes imos chamarlles “o goberno das beirarrúas” porque esas si que lles gustan, é do que presume en todos os Plenos, ven coa súa listaxe de beirarrúas. Voulles facer un anuncio: non vou volver a ningunha inauguración máis. Moléstalles que vaiamos, nolo botan en cara, estame a dicir que se imos ás inauguracións... Os resultados orzamentarios do Partido Popular téñoos aquí e cando queira llos facilito.

Atopámonos no ano 2003 cun resultado orzamentario de 22.900.000 euros e deixámolo en 44.500.000 euros. Eu tamén teño gráficas, se quere llas deixo á saída e así decátase de como estaba o tema. Atopámonos cuns remanentes de Tesourería de 28.500.000 euros e deixámoslos en máis de 63.000.000 euros; atopámonos cuns fondos líquidos de Tesourería de 41.000.000 euros e deixámoslos con máis do 50%. A débeda, que son vostedes especialistas en embarcármonos, estaba en case 109.000.000 euros no ano 2003; co Partido Popular baixou ata 47.300.000 euros

Agora cos dentes de serra, como di vostede, imos atopármonos con que no ano 2011, cando os cidadáns non lles dean a confianza para gobernar e o Partido Popular volva facerse cargo do goberno municipal, atoparémonos con que este dente de serra da débeda terá subido pero non pola boa xestión evidentemente, subirá pola súa irresponsabilidade.

Ó terceiro tema ó que sempre recorren vostedes é a Deputación. Semella que vostedes non teñen deputados provinciais, eu pensaba que si, pero polo que se ve non. Queren transformar sempre este Pleno no Pleno da Deputación e non o é.

Tamén falan da Xunta e do endebedamento, pero hai dous xeitos de facer endebedamento: con responsabilidade ou con irresponsabilidade. Así vemos que o Sr. Núñez Feijóo acaba de baixarse o seu salario e acaba de baixar o salario dos conselleiros.

Sempre recorren ás mesmas argumentacións e o certo é que en calquera goberno vostedes sempre fan publicidade, propaganda, gastar, endebedar, subirles os impostos ós cidadáns; soben o IVE pero, iso si, para todos que parece que no anterior Pleno non se quixo decatar porque para vostedes a xente que máis gana no compra produtos de primeira necesidade co IVE super reducido, pero tamén o fan. O que fan subir tamén é o paro. Esa gráfica que mostraba vostede ben podería parecer a gráfica do paro nesta cidade.

Falou aquí das execucións de beirarrúas, de inauguracións..., loxicamente con diñeiro que ven de todos os cidadáns, porque eses cartos veñen dos nosos impostos, dos impostos de todos, dos que lles votan a vostedes e dos que nos votan a nós ou dos que votan outro tipo de opción política; con eses cartos fixeron uns investimentos que baixo o noso punto de vista non son acertados, en humanizacións e cambio de lousas. Estas execucións teñen data de caducidade como lembraba o Sr. López Font no seu día, antes do 31 de decembro teñen que estar rematadas porque así o marca un decreto e así o teñen que facer, non porque sexan vostedes máis listos, senón porque teñen a “espada de Damocles” de que de non o facer o 30% restante non o van cobrar e terá que saír das arcas municipais porque maximo que non deixarán ás empresas sen cobrar, aínda que teñan todas as facturas que teñen escondidas.

Os datos están aí. Invito a calquera cidadán a que, como di vostede, entre na páxina web, pinche na información económica e vexa estes datos que eu lle dou e calquera verá como empeoran. Nin dentes de serra, nin nada que se lle pareza, sinxelamente unha mala xestión, unha nova mentira por parte do goberno e basear a súa política na falacia e en acusar ó Partido Popular de cousas coas que non ten nada que ver.

Xa lle digo que ó remataren voulle dar os estados de execución deses anos que me pide, así polo menos cando fale o fará documentada e non como adoita coa mentira e coa invención.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Xa lle digo que lamento utilizar certas palabras, pero de novo volvo ver que hai unha falla de coñecemento sobre determinadas cuestións.

Acaba de dicir que estamos mentindo porque si presentaron estados de execución e

eu estou dicindo que non. Non, o que eu dixen é que vostedes non presentaban os estados trimestrais de execución, o estado anual non lles quedaba máis remedio porque hai que dar conta ó fin de ano, vostede fala dos datos anuais e é o que dixen eu, que só tiñamos datos anuais.

Eu teño un certificado do Secretario Xeral do Pleno onde se di que no período de 13 de decembro de 2003 a 16 de xuño de 2007, no tempo no que vostedes estaban gobernando, unicamente se presentaron pola súa parte dous estados de execución: o 26 de xullo de 2004 e o 25 de abril de 2005. A partir de aí pararon. Está poñendo en cuestión o que asinou o Secretario do Pleno? Porque teño aquí un certificado do Secretario do Pleno que di que os únicos estados de execución trimestrais presentados, ós que están obrigados por lei, foron os que cietei. O único que hai son os datos anuais que son os que eu utilicei e os que vostede tamén di que son os que hai, porque os hai que presentar todos os anos.

Eu quero saír defendendo ó público asistente. Esta é unha sesión pública, aquí pode vir a xente que queira, de calquera cor ou de ningunha e dende logo por parte desta bancada nunca se dixo nada do público, houbo o maior respecto ó público do partido ou do equipo que fose.

Xamais me escoitará vostede falar aquí do meu currículum, xamais, pero eu lle podo dicir que as valoracións que me fan os alumnos todos os anos xa lles gustarían a moitos profesores.

Falou novamente de que se deixaron non sei canto en remanentes pero, non lembra das débedas pendentes que deixaron, que consumiron a práctica totalidade dos remanentes para poder pagar as súas débedas pendentes? Non, non lembran porque foi naquela primeira sesión do Pleno na que vostedes se ergueron todos porque non eran quen de admitir que apareceran todas esas facturas agochadas.

Tamén falou de irresponsabilidade, pero que irresponsabilidade ou que responsabilidade é retirar a gratuidade dos libros de texto para todas as familias? Ou que responsabilidade hai cando se retiran os 200 euros de pensión para esas persoas con menos renda? Ou que responsabilidade é que o investimento da Xunta en Vigo cae practicamente á metade con respecto ó ano pasado? Cal é a responsabilidade cando o investimento da Xunta en Galicia é o peor dos últimos anos? Iso é responsabilidade?

Falou novamente de gastos de publicidade pero, Sr. Conde, non se lembra de que vostedes gastaron 2.000.000 de euros en menos de dous anos? En ano e medio

vostedes gastaron en publicidade 2.000.000 de euros. Iso si, pola porta de atrás, pero aparecen nos estados de execución.

Falou de impostos e, Sr. Conde, neste Concello baixáronse os impostos. Que se fixo noutras comunidades nas que goberna o Partido Popular? Subilos. Neste Concello baixáronse os impostos, noutros concellos gobernados polo Partido Popular subiron.

Estamos moi contentos cos investimentos. Estamos cambiando toda a cidade. Estamos moi orgullosos do que estamos facendo e cando lle lembro a lista de obras non lle gusta porque estamos falando de todos os barrios e parroquias desta cidade. Estamos atendendo o rural por primeira vez, atendendo barrios como Teis, Bouzas ou O Calvario; estamos atendendo todo. Vostedes o único que si fixeron foi cambiar lousas na rúa Urzáiz. O que non soportan é que nós estamos humanizando todo Vigo.

De novo volvemos ás facturas. Lémbrolle que os que tiñan facturas agochadas sen pagar eran vostedes e cando nós chegamos aquí foi cando as descubrimos. Fala de mentiras e eu quérolle dar datos para que toda a xente os escoite e diga quen está mentindo: Total investimentos polo Partido Popular no ano 2004: 7.621.000 euros. Total de investimentos en execución do ano 2005, segundo o orzamento do Partido Popular que sempre di que non tivo orzamento: 14.900.000 euros. Ano 2006, investimentos Partido Popular: 13.898.000 euros. En nove meses do ano 2009 temos en investimentos 37.324.000 euros, é a suma do que vostedes fixeron en tres anos.

Pedín que me dixera aquí que pasa coas cifras totais, Sr. Conde, se soben ou baixan, pero non dixo nada porque non podía dicir nada, porque as cifras soben. Obrigas no primeiro trimestre do ano 2009: 3.800.000. Obrigas en xuño de 2009: 16.500.000. Obrigas no terceiro trimestre: 37.300.000. Esa é a realidade, pasamos de 3.800.000, a 14.800.000 e a 37.300.000. Sr. Conde, de todo o que está recoñecido, dos 37.324.000, está absolutamente todo pagado: 37.000.000 de obrigas, 37.000.000 de P; todo o mundo pode ver este documento contable. Todo o que está recoñecido, mesmo as facturas esas que di vostede que están agochadas, está todo pagado. Sr. Conde, non hai ningunha factura agochada, quen agochaban as facturas eran vostedes.

Esta é a proba de que quen está mentindo realmente é o Partido Popular. Vostede non me deu ningunha argumentación, non puido rebater absolutamente nada, comezou falar dos estados do remanente ou non sei que, saíuse pola tanxente pero non dixo nada do estado de execución porque sabe que non o pode dicir, sabe que a xestión que se fixo nestes nove meses de goberno foi a mellor que se pode facer en

calquera goberno e iso é o que lles doe a vostedes.

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación o contido do expediente de que se trata.

7.- (204).- INCREMENTO DAS PARTIDAS PRESUPOSTARIAS 4522.150.00.00 E 4522.151.00.00 DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 19 de setembro de 2009, conformado polo secretario da Xunta Reitora do IMD e polo interventor xeral, o director técnico do IMD emite informe-proposta co seguinte contido:

“O Presidente do Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes, con data 17 de setembro pasado, ditou orde de servizo para a instrución da proposta ó órgano municipal competente, ó obxecto de incrementar as partidas 4522. 150.00.00 por importe de 51.000,00 euros, e 4522.151.00.00 por importe de 11.000,00 euros.

1.- O Complemento de Produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ó sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), presupostos ós que o art. 21.1.e) da Lei 31/1990, de 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a produtividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de recoñecerse dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non manterse os presupostos legais, é dicir, o especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Na data de hoxe na partida presupostaria de produtividade non existe crédito suficiente, de xeito tal que segundo os cálculos efectuados se estima necesario incrementar a partida en 51.000,00 euros, permitindo así facer fronte ás obrigas económicas ata finais do presente exercizo presupostario.

2.- Das gratificacións en concepto de horas extraordinarias, nocturnidade e festividade.

As gratificacións están relacionadas directamente coas condicións económicas e sociais dos traballadores. O pleno da Corporación do Concello de Vigo de data 31 de marzo de 2006, aproba con carácter definitivo a modificación puntual do vixente

acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores o servizo do Concello e con efecto do 1 de xaneiro de 2005.

Os devengos retributivos en concepto de gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle o artigo 23.3.d) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

O art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado, límites que foron fixados a través do RD 861/1986. No vixente orzamento correspondente ó presente ano 2009, aprobado polo pleno da Corporación Municipal, na partida 4522.1300000 Retribucións existe un saldo a día de hoxe de 636.055,55 €. Tendo en conta as previsións de gastos computables a dita partida ata o 31 de decembro de 2009, ascenden estes a 378.038,74 €, polo que existirá un crédito de 258.016,81 € dispoñible. Considérase que a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente, poderíase incrementar o saldo das partidas de produtividade e gratificacións tal e como propón o Presidente do Instituto Municipal dos Deportes nun importe máximo para as dúas partidas de 62.000,00 € cos créditos sobrantes na partida 4522.130.00.00. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que as contías complementarias se reflicten para cada exercizo no orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ó Pleno de cada Corporación a través do Orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do Complemento de Produtividade.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 30/1982, de agosto, de Reforma da función pública (LRFP).
- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Réxime retributivo dos funcionarios das administracións locais (RD 861/1986), modificado por RD 168/96, de 2 de febreiro.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990).
- Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL). Art. 179 e 180.

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos a materialización da implementación da partida de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito do Presidente do Organismo Autónomo Municipal dos Deportes, o incremento do crédito existente ó obxecto de que con posterioridade se instrúa o correspondente expediente de modificación de crédito.”

A seguir o director-técnico do IMD, fai a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de outubro de 2009, ditamina favorablemente a proposta citada do director técnico do IMD.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, prodúcese o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 4522.150.00.00 -produtividade- en (51.000 €) e 4522.151.00.00 -gratificacións- en (11.000,00 €) aplicando os créditos non consumidos durante a presente anualidade na partida 4522.130.00.00 por unha contía global de 62.000,00 €.

Segundo.- Instar ó órgano competente do Organismo Autónomo Municipal dos Deportes para a instrumentación da modificación presupostaria correspondente, transferencia de crédito ás partidas 4522.150.00.00 produtividade con cargo á partida 4522.130.00.00 Retribucións, ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais.

8.- (205).- RECTIFICACIÓN INVENTARIO MUNICIPAL VIAIS CAMIÑO BAIXADA Ó CASTELO R-1. EXPTE. 51966/250.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de agosto de 2009, o xefe da Unidade de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e a do concelleiro delegado, informa do que segue:

S. Ordinaria 26.10.09

“1.- Por Decreto do Concelleiro Delegado de Patrimonio de data 27 de abril do 2009 resolveuse: 1º.- Declarar a innecesariedade da apertura de oficio dun expediente de recuperación posesoria do camiño que consta no IMBD como ramal 1 do Camiño Baixada o Castelo, ao non resultar constatado de xeito indubidable, tralo estudio previo dos informes e documentación que obran no expediente, o seu carácter público .2º.- Iniciar procedemento de rectificación do IMBD para a baixa no epígrafe I Vías Publicas do ramal 1 do Camiño Baixada o Castelo. 3º.- Dar traslado da presente á Xerencia Municipal de Urbanismo e demais interesados, para o seu coñecemento e efectos pertinentes.

2.- Notificada a resolución os interesados no expediente (propiedades colindantes) e a Entidade Local Menor de Bembrive, no prazo outorgado para formulación de alegacións e presentación de documentación, efectuáronse as seguintes:

- Da. Margarita Posada Domínguez en data 4 de xuño do 2009.
- Da. Rosario González Riveiro en data 5 de xuño do 2009.
- D. Carlos Amoedo Riveiro en data 6 de xuño do 2009.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O Ramal 1 do Camiño Baixada o castelo, obxecto do presente expediente, figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles-viais, folla cartográfica nº 20-29, con inicio no camiño Baixada Castelo e remate no Camiño Ceiróns, dunha lonxitude de 45 ml e sección de 2,50 m.

2.- O Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo, que se ben, por se mesmo non proba, crea, nin constitúe dereito ningún a prol da Administración (neste senso o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación a Administración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non producen efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración), sen embargo se constitúe unha ferramenta básica de información e na xestión interna do patrimonio das administracións públicas, así como para o exercizo das facultades que o ordenamento xurídico recoñece as AAPP respecto ó seu patrimonio.

A inclusión de bens e dereitos en dito rexistro municipal, tal e como dispón a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal se atribúa a súa titularidade ao Concello, e conseguintemente referende os datos reflectidos no inventario. Dita documentación deberá arquivarse de xeito separado do resto da documentación administrativa, e o seu lugar de arquivo constará consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

3.- Alegacións formuladas á rectificación inventarial do ramal 1 do camiño Baixada o Castelo:

a) D^a Margarita Posada Domínguez: No seu escrito manifesta que dito camiño é público ó ser un vial previsto no “Plan Xeral Municipal”. Que o primeiro tramo do vial

é público ó dispoñer de rede de abastecemento de auga e recoñecelo os veciños como tal, e así mesmo estima erróneo cualificalo como un conxunto de serventías.

Descoñécese a que se refire a alegante cando fai mención a que o camiño está inventariado no “Plan Xeral Municipal”; ao Inventario municipal de Bens e Dereitos ou ó Plan Xeral de Ordenación Municipal. No primeiro caso, como quedou explicado con anterioridade, trátase dun rexistro administrativo de carácter interno, que non produce efectos declarativos ou constitutivos de dereitos, polo que a titularidade municipal dos bens e dereitos inventariados resultará do título xurídico que a atribúa á Administración municipal. Igualmente o feito que no Plan Xeral de Ordenación Municipal se fixen vias, non determina por si só a conversión deses terreos en dominio público municipal, senón que é necesaria a cesión e recepción destes vias polo Concello a través dos procedementos e de acordo coas normas urbanísticas aplicables. Neste senso cabe lembrar que o RBEL dispón no seu art. 3.2 que sen prexuízo da vinculación do solo ó seu destino urbanístico dende a aprobación dos Plans, a afectación dos inmobles ó uso público producirase, en todo caso, no momento da cesión de dereitos á Administración actuante conforme a lexislación urbanística.

O feito de que o camiño dispoña dunha rede de abastecemento de auga, non resulta por si só determinante da súa condición pública senón, ante a falta dun título que a atribúa expresamente, é un elemento indiciario máis que xunto co resto das demais circunstancias concorrentes determinaran dita condición e conseguintemente a correcta inclusión ou non no IMBD.

A condición pública que manifesta ten o primeiro tramo de dito ramal, non se corresponde co que resulta do título de propiedade da súa finca nin co que ten reclamado con anterioridade. Así na escritura de obra nova outorgada pola propia interesada en data 18.02.1985 faise constar que linda polo vento oeste con “José Posada y otros, hoy muro de contención propio sobre camino de servicio”. Incorre en contradición a interesada ao considerar agora dito tramo como público cando no ano 1995 presentou reclamación, xunto con outros propietarios, solicitando a “supresión del catalogo de vías públicas” de dito camiño, o estimar que “Dicho camino, mejor llamado paso, lo es de acceso en propiedad de cada una de las fincas que están al viento poniente del tal paso”.

Por outra parte, no que atinxe o alegado sobre que non ten o camiño condición de serventía, non é unha cuestión a resolver en vía administrativa nin sobre a que verse o presente expediente, independentemente que poida ser unha circunstancia obxecto de consideración no marco do procedemento administrativo seguido para a adopción da resolución adoptada, sendo competencia da xurisdición ordinaria o coñecemento e resolución das cuestións de propiedade tal e como xa se informou.

b) D^a Rosario González Riveiro e D. Carlos Amoedo Riveiro: Nos seus escritos de alegacións manifestan que non existe camiño público na zona en relación ó ramal 1 da Baixada o Castelo.

4.- Circunscribíndose o que é obxecto da resolución administrativa a adoptar, á correcta inclusión no inventario municipal de vias do ramal 1 do Camiño Baixada ó Castelo, pódese deducir, trala instrución do expediente e a teor dos informes técnicos, documentación e demais circunstancias concorrentes, a súa incorrecta

inclusión no epígrafe I Inmóbles-Viais do IMBD, ó non responder na realidade a un camiño de uso público de titularidade municipal, resultando conseguintemente pertinente a rectificación inventarial dándoo de baixa, sen que de ningún modo supoña atribución ou recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol de terceiros, cuestión que compete a xurisdición ordinaria.

Procede sinalar, en relación á rectificación presentada, que a mesma xa foi desestimada con anterioridade, en base ao acordado polo Pleno o 30.11.1994 referente ás afectacións viarias do plan xeral, tal e como se fai mención no oitavo fundamento de dereito do Decreto de data 27.04.209, no que así mesmo sinalase que "... no presente caso, o resultado dos informes técnicos e documentación achegada na instrución do expediente, aconsella dita rectificación dada a necesidade de que o Inventario reflicta a realidade patrimonial do Concello, e non dispoñer doutros datos nos que poder fundamentar ou basear dita inclusión, de acordo co disposto no RBEL. En calquera caso, a rectificación non supón, de ningún modo, obstáculo ou imposibilidade para o cumprimento e execución das previsións do planeamento vixente, no que atinxe ó vial proxectado (finalidade derradeira na que se deberá considerar reside os motivos que no seu día deron lugar á adopción do acordo plenario do ano 1994), xa que resultando o inventario municipal un mero rexistro administrativo, como quedou anteriormente explicado, evidencia, no suposto que nos ocupa, unha discordancia do seus asentos co resultado da comprobación e investigación levadas a cabo no presente caso, e polo tanto resulta insuficiente para determinar unha titularidade pública a partir da cal executarse o planeamento, e así mesmo para o exercizo das facultades ou potestades administrativas atribuídas polo ordenamento xurídico as AAPP en relación ó seu patrimonio".

Polo tanto, de se acadar a rectificación, esta daría lugar a unha excepción na aplicación da cláusula xeral do acordo do 30.11.1994, correspondendo conseguintemente ó Pleno municipal a resolución que ó efecto considere oportuno.

5.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).

A Secretaria xeral do Pleno en data 23 de setembro de 2009 informa o seguinte:

"Primeiro.- Resolución do Concelleiro Delegado de Patrimonio de data 27.04.09 en expediente 51966/250.

Segundo.- Informe-proposta da Xefatura de Patrimonio de data 06.08.09, conformado pola Xefatura de Réxime Interior e o Concelleiro delegado de Patrimonio, co seguinte tenor literal:

1º.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición como vía pública, no epígrafe I Inmóbles-Vías, do ramal 1 da Rúa Baixada a Castelo.

2º.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes ós efectos de resolver eventuais reclamacións.

3º.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se

S. Ordinaria 26.10.09

transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de réxime Local.
- Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas de modernización do goberno local.
- Real Decreto 781/1986, do 19 de abril, polo que se aproba o Texto de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Código Civil.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das administracións públicas.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do sector público.
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- En relación coas cuestións de fondo sobre a natureza do inventario e procedencia xurídica do acordo a adoptar, dánse por conformes as apreciacións contidas no informe-proposta da Xefatura de Patrimonio de data 06.08.09, conformado pola Xefatura de Réxime Interior e o Concelleiro delegado de Patrimonio, entrando esta Secretaría nas cuestións relativas á corrección dos termos do acordo plenario que se propón.

Segundo.- Se ben o Regulamento de bens no seu artigo 33 sinala que a rectificación do inventario verificarase anualmente, e que na mesma se reflectirán as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa, nada impide que, puntualmente e en atención ás circunstancias concorrentes debidamente xustificadas no expediente, se adopten acordos de rectificación parcial ó longo do exercizo natural, se ben en orde á correcta levanza do Inventario debería formarse no inicio do exercizo correspondente o expediente de rectificación xeral do Inventario, en cumprimento da obriga legal de formación de inventario, a efectos da súa inclusión polo Servizo de Patrimonio de todas aquelas variacións que experimenten os bens e dereitos municipais, así como as alteracións derivadas das altas e baixas no Inventario, se ben para o caso de altas si se recomenda a adopción de acordos puntuais, para así ó inicio do exercizo seguinte levar o expediente de rectificación anual ó Pleno da Corporación, rectificación que se entendería completa respecto do contido do Inventario, e que polo tanto deberá incluír tamén aqueles bens e dereitos respecto do que se teñan adoptado acordos puntuais.

Terceiro.- Respecto a ó órgano competente para a adopción do acordo preséntase a posible contradición entre o réxime do RB, cando no seu artigo 34 dispón que: "*El Pleno de la Corporación será el órgano competente para acordar la aprobación del inventario ya formado, su rectificación y comprobación.*" e a LRBRL, pois esta última no seu artigo 127.1. f), na redacción dada pola Lei 57/2003, atribúe á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión, adquisición e alleamento do patrimonio. Non obstante dita cuestión aparece resolta pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que ó derrogar dito apartado f) do artigo 127.1 na súa

disposición adicional segunda, apartado terceiro, circunscribe as competencias da Xunta de Goberno Local en materia de patrimonio á adquisición e alleamento de bens e dereitos, excluindo deste xeito a competencia en materia de xestión patrimonial, polo que resulta competente para a adopción do presente acordo o Pleno da Corporación, acordo que requirirá o voto favorable da maioría simple por non atoparse nos supostos excepcionados polo artigo 47 da LRBRL.

Cuarto.- En relación co cumprimento do preceptuado no artigo 32.1 RB ó establecer que unha copia das rectificacións do Inventario será remitida á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, non se recolle previsión expresa no informe-proposta, e aínda que se ben se puidera entender cumprimentada pola obriga xenérica recollida no artigo 56 LRBRL, a referencia específica disposta no RB aconsellaría unha remisión individualizada. Non obstante, dita remisión pode ser substituída pola súa incorporación ó expediente de rectificación anual, do que si habería que realizar notificación expresa.

Así mesmo, dentro do tema procedemental, en relación coa exposición pública, sinalar que aínda que non se sinala expresamente no informe-proposta, dita exposición deberá realizarse mediante inserción de anuncio no BOP, no taboleiro de editos municipais, debendo cumprimentarse con notificación no caso dos interesados persoados no expediente.

Polo exposto, dende esta Secretaría emítase a presente CONCLUSIÓN

Infórmase favorablemente a adopción do acordo sinalado coas precisións sinaladas no presente informe.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de outubro de 2009, ditamina favorablemente a proposta citada do xefe da Unidade de patrimonio.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito,

ACORDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, do ramal 1 da Rúa Baixada o Castelo.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes ós efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

9.- (206).- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL. EXPTE. 10600/332.

ANTECEDENTES.- Con data 8 de xullo de 2009, o xefe do servizo de Educación, coa conformidade da concelleira-delegada de área, emite o seguinte informe:

“Con data 10/02/2009, a concelleira delegada de Educación deu orde de inicio dun expediente administrativo para a contratación dos traballos de modificación e adaptación dos estatutos do Consello Escolar Municipal e de elaboración do seu Regulamento de organización e funcionamento.

Os traballos de redacción foron contratados á consultora EOSA, Estrategia y organización, S.A. por decreto da Concelleira delegada do 10/02/2009 (expte. 10329/332).

A citada consultora, despois de diversas reunións e sesións de traballo cos técnicos do Servizo de Educación, presentou no mes de abril deste mesmo ano o traballo contratado, no que se inclúe un informe xustificativo para a aprobación do novo Regulamento e o texto proposto de Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar de Vigo (CEMV).

Polas razóns que se expoñen no informe xustificativo entregado (e que se recolle na súa práctica integridade no presente informe-proposta), optouse por redactar un Regulamento Orgánico, que regula non só os aspectos xurídicos e administrativos xerais, senón tamén, de xeito pormenorizado, os aspectos concretos de organización e funcionamento que permitirán regular con garantía o traballo deste órgano colexiado.

Deseguido, baseándose no informe xustificativo redactado polos técnicos da consultora citada, expóñense os antecedentes, motivacións, fundamentos xurídicos xerais, procedementos e propostas para o novo Regulamento Orgánico:

O Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), como órgano consultivo e de participación de todos os sectores afectados na acción educativa, ten que ser un órgano vivo e activo, que cumpra verdadeiramente as funcións que ten encomendadas pola Constitución e polas leis de desenvolvemento desta, co obxecto de contribuír á mellora da calidade do sistema educativo nun contorno de auténtica igualdade efectiva de todos os habitantes do municipio.

A situación real actual dista moito da concepción expresada, xa que esta institución non se reúne coa periodicidade establecida nos seus estatutos, nin as xuntanzas levan a acordos frutíferos de cara ao cumprimento das súas finalidades. A maior parte destes problemas que padece o noso Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) veñen derivados dunha configuración regulamentaria insuficiente da institución, que non aclara realmente as funcións concretas deste órgano, nin é

capaz de facer visibles aos seus membros os resultados das súas opinións expresadas nas xuntanzas.

Por este motivo, a presente proposta de regulamento orgánico de organización e funcionamento deste órgano colexiado, trata de atacar esta situación por dúas fronte. Por unha banda, regulamentar con absoluto detalle todo o réxime de funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), co obxecto de constituír unha ferramenta realmente útil para a correcta celebración das xuntanzas, así como para evitar posibles abusos por parte dos membros do Consello que tendan a obstaculizar ou impedir a actividade de tan importante institución. Neste sentido estableceuse a previsión de liberar carga de traballo do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), e sobre todo das súas Comisións, a través da posibilidade de solicitar unha asistencia técnica para a elaboración dos traballos que ten encomendados, tanto a través da propia administración, como acudindo a expertos fóra do sector público. Esta foi unha demanda histórica do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) que, debido á súa composición, en moitas ocasións non era viable unha carga de traballo moi elevada, xa que os seus membros escasamente dispoñen de tempo para acudir ás xuntanzas, canto máis para elaborar estudos cun certo rigor técnico. Todo isto, sen prexuízo de renunciar o CEMV ás súas competencias para elaborar os ditames ou informes que posteriormente serán elevados ao Concello de Vigo ou a Administración Educativa Competente da Xunta de Galicia.

Por outra banda, o regulamento en vigor ten unha antigüidade de arredor de vinte anos, o que fai precisa unha profunda renovación dos seus contidos, xa que, dende a súa aprobación, moitos foron os cambios legislativos que incidiron sobre a materia educativa e sobre a organización municipal, que fan necesario neste momento unha modificación substantiva no regulamento actualmente vixente no CEMV. Así, entre os cambios legislativos máis significativos que aconteceron dende a aprobación do actual regulamento podemos citar:

- Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Ademais, no momento actual, o Consello Escolar de Galicia, como órgano superior de consulta e de participación dos sectores afectados na programación xeral do ensino e de asesoramento verbo dos proxectos de lei ou dos regulamentos propostos ou ditados pola Xunta no ámbito da Comunidade, está a levar a cabo un importante labor de dinamización e sensibilización da importancia que teñen os consellos escolares municipais, como instrumentos de participación sectorial no ámbito educativo, que constitúen un foro inmejorable para a mellora por todos do noso sistema educativo.

Deste xeito, para a elaboración do presente regulamento, mantivéronse reunións co asesor técnico do Consello Escolar de Galicia, que sen dúbida axudaron moito para a configuración final da presente proposta de regulamento de organización e funcionamento. Así mesmo, mantivéronse reunións con profesionais do sector educativo, co obxecto de detectar as principais carencias e disfuncionalidades da configuración actual do CEMV.

Por outra banda, e en íntima relación co apuntado no parágrafo anterior, existen

movimentos como o promovido pola Asociación Internacional de “Cidades Educadoras” (AICE) que están a cambiar o enfoque tradicional das cidades con respecto ao eido educativo, e por ende dos consellos escolares municipais, como órganos de participación cidadá na educación, que imprimen un cambio de enfoque necesario para a ensinanza no século XXI. Neste sentido, o Concello de Vigo está adherido a esta asociación dende 1993, nos termos da Declaración de Barcelona de novembro de 1990, erixíndose así en cidade educadora.

PROCESO DE ELABORACIÓN DA PROPOSTA DE REGULAMENTO ORGÁNICO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO:

Para o deseño, elaboración e posterior redacción da presente proposta de regulamento, e dado que o servizo de Educación carece de técnicos da administración xeral, e coa finalidade de acadar un texto co maior rigor xurídico e calidade administrativa, contratouse unha asistencia técnica especializada á consultora EOSA Consultores, que realizou, en directo contacto coa xefatura do Servizo e persoal técnico do mesmo, un estudo en profundidade de dereito comparado, analizando distintos regulamentos de consellos escolares municipais con gran tradición, e que foron modificados en tempos recentes. Tales foron os casos, sen carácter exhaustivo, dos regulamentos de Murcia, Zaragoza e A Coruña.

Neste proceso de deseño do futuro regulamento do CEMV, chegamos á conclusión de que non tiña moito sentido a articulación duns estatutos e mais dun regulamento interno de desenvolvemento, xa que o CEMV carece de personalidade xurídica propia, posto que estamos a falar dun órgano municipal e non dun ente dependente do Concello. Neste último caso si sería precisa a elaboración duns estatutos, xa que a propia normativa básica de réxime local así o esixe. Por este motivo, procedeuse á elaboración dunha proposta de Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento, que en todo caso, polo seu grao de desenvolvemento e detalle, equivale a unha regulación mixta de estatutos máis regulamento interno.

Por outra banda, si se considera necesaria a modificación do actual Regulamento de participación cidadá, aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en xuntanza ordinaria do 26 de marzo de 1992, por canto o Consello Escolar Municipal de Vigo ten a natureza dun órgano de participación cidadá, e, como tal, debe constar no citado regulamento. Concretamente, propónse a inserción dunha nova sección III coa rúbrica “Do Consello Escolar Municipal” dentro do capítulo II “Dos órganos específicos de participación cidadá” do Título V “Da participación cidadá nos órganos municipais”, tal e como figura recollido na nova proposta de Regulamento do Consello Escolar Municipal de Vigo.

Esta caracterización do regulamento do CEMV como orgánico venlle dada pola nova redacción da Lei 7/1985 de bases do réxime local, froito da modificación operada pola Lei 57/2003 de medidas para a modernización do goberno local. Esta nova redacción engade, entre outras modificacións, un novo título X que regula o réxime da organización dos municipios de gran poboación, no que está incluído o Concello de Vigo. Pois ben, o artigo 123. 1 c) establece que teñen natureza orgánica a regulación dos órganos complementarios e dos procedementos de participación cidadá.

A Administración pública municipal é competente, en virtude do establecido no artigo

25.2 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, para “*participar na programación da ensinanza e cooperar coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos, intervir nos seus órganos de xestión e participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria*”. Deste xeito, o Consello Escolar Municipal de Vigo constitúese como un órgano municipal de carácter sectorial cuxo fin é a participación democrática de todos os sectores afectados na xestión educativa, erixíndose así como un órgano consultivo da Administración municipal.

É importante neste momento facer unha clara diferenciación do Consello Escolar Municipal de Vigo cos consellos sectoriais, xa que aínda que estes últimos se configuran como órganos de participación sectorial en relación cos ámbitos de actuación pública municipal, que pola súa natureza o permitan, os consellos escolares municipais son órganos específicos que se crean por mandato da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia. Así, a normativa que regula estes órganos de participación no ámbito educativo establece unha composición determinada, distinta da establecida nos artigos 37 e seguintes do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Vigo. Polo tanto, a pesar de que as funcións son coincidentes en canto á participación, información, consulta, seguimento e proposta á xestión municipal, a normativa reguladora duns e outros órganos é diferente, e polo tanto non procede assimilar a natureza destes órganos de participación cidadá.

Como conclusión, cómpre sinalar que non estamos ante unha modificación puntual do Regulamento do Consello Municipal de Vigo (CEMV), existente ata o momento, senón que se trata efectivamente dunha Proposta de novo Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do CEMV, que implica unha modificación integral e substancial do réxime anterior, tratando de conferirlle máis forza a unha institución de participación cidadá nun eido de tan capital importancia como é o educativo. É unha tarefa vital a potenciación deste tipo de institucións que resaltan o carácter democrático da sociedade, especialmente no ámbito educativo, que ten que ser, ademais dun lugar de aprendizaxe de coñecementos, o lugar de aprendizaxe da convivencia e da participación democrática, implicando a todos os sectores afectados, dende as nais e pais, pasando polos profesores e profesoras e procurando potenciar a participación dos alumnos e alumnas. Esta participación, xerme das teorías da gobernanza, como movemento de democracia participativa, ten o reto de verse efectivamente realizada, motivando os conselleiros deste órgano colexiado local a que participen e se tomen en consideración os seus ditames e propostas. Sen dúbida, a presente proposta de Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do CEMV prevé diferentes técnicas para potenciar que os resultados das xuntanzas do Consello Escolar cheguen ás instancias adecuadas e sexan tomadas en conta para acadar, entre todos, unha mellora do noso sistema educativo, que constituirá unha mellora da nosa sociedade.

Segundo o disposto na LMMGL 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos Proxectos de Ordenanzas (art. 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación e modificación das Ordenanzas e Regulamentos Municipais (art..123.1.d).

De acordo co disposto no art. 49 da LRBRL, seguirase o seguinte procedemento para a aprobación do regulamento orgánico de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV): Aprobación inicial polo Pleno, información pública

e audiencia dos interesados por un prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. Asemade, de non presentar ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Conforme co previsto no artigo 70.2 da LRBRL, o Regulamento orgánico de organización e funcionamento do CEMV, unha vez aprobado definitivamente polo Pleno, publicarase integramente no BOP entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra”

Deseguido, o emisor do informe fai a correspondente proposta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación, proposta esta última que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 19 de outubro de 2009, ditaminou favorablemente a antedita proposta do xefe de Educación.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACORDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o novo Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) (Expte nº 10600/332).

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro do novo regulamento orgánico de organización e funcionamento do CEMV no BOP, entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación.

PROXECTO DO REGULAMENTO ORGÁNICO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO (CEMV)

O Excmo. Concello Pleno, en xuntanza realizada o día de 2009, en aplicación do artigo 123.1 c) da Lei 7/1985, de bases do réxime local acordou o seguinte:

ARTIGO ÚNICO

Aprobar definitivamente o texto do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Vigo que figura como anexo.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA. PRAZO DE CONSTITUCIÓN DO CEMV

1.- O CEMV deberá constituírse dentro do prazo de tres meses, dende a aprobación do presente regulamento orgánico polo Pleno do Concello de Vigo.

2.- O CEMV quedará validamente constituído cando se integren nel polo menos dous terzos dos representantes que o compoñen.

SEGUNDA. PRAZO PARA A DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES NO CEMV

Dentro do prazo de dous meses a partir da aprobación do presente regulamento, as entidades, organismos e institucións a que se refire o artigo 5 do Regulamento anexo procederán a propoñer os seus representantes no CEMV.

TERCEIRA. SESIÓN CONSTITUTIVA DO CEMV

A convocatoria e presidencia da sesión constitutiva do CEMV será efectuada polo alcalde do Concello de Vigo ou concelleiro da área de educación en quen delegue.

CUARTA. PRIMEIRA RENOVACIÓN PARCIAL DO CEMV

Con carácter excepcional, aos dous anos da constitución do CEMV, cesarán por sorteo a metade dos concelleiros de cada grupo a que se refire o artigo 5 do regulamento anexo, a excepción do sector de alumnos que cesarán na súa totalidade.

QUINTA. PUBLICIDADE DOS CARGOS DO CEMV

O Concello de Vigo publicará na súa páxina web, previa comunicación do secretario do CEMV, os nomes dos concelleiros en cada período de mandato, co obxecto de fomentar a transparencia e dar cumprimento ao principio de información á cidadanía.

SEXTA. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Mediante o presente Regulamento modifícase o Regulamento de participación cidadá, aprobado polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo en xuntanza do día 26 de marzo de 1992, engadíndose unha nova Sección III rubricada “Do Consello Escolar Municipal de Vigo” dentro do capítulo II “Dos órganos específicos de participación cidadá” do Título V “Da participación cidadá nos órganos municipais”, e modificándose o artigo 39, nos termos que a continuación se sinalan:

1.- Modifícase o artigo 39, que queda redactado do seguinte xeito:

“Artigo 39.- Os órganos específicos de participación cidadá serán os Consellos municipais de área ou sectoriais, os Consellos territoriais e o Consello Escolar

Municipal de Vigo, que teñen por obxecto canalizar a participación das entidades cidadás na vida municipal.”

2.- Engádesse unha nova Sección III rubricada “Do Consello Escolar Municipal de Vigo” dentro do capítulo II “Dos órganos específicos de participación cidadá” do Título V “Da participación cidadá nos órganos municipais”, que queda redactada do seguinte xeito:

“Sección III.- Do Consello Escolar Municipal de Vigo

Artigo 49 bis. O Consello Escolar Municipal de Vigo é o órgano de participación democrática da comunidade educativa no municipio de Vigo, e procurará a máis ampla participación social dos protagonistas directos da acción educativa, así como un alto nivel de interlocución co poder municipal.

A regulación do Consello Escolar Municipal de Vigo está recollida no seu regulamento de carácter orgánico, que establece o seu réxime de funcionamento, organización e competencias, segundo o establecido na Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.”

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o actual Regulamento do Consello Escolar Municipal de Vigo aprobado en xuntanza plenaria do 23 de Marzo de 1988, e modificado posteriormente por acordos adoptados nas xuntanzas plenarios do 31 de marzo de 1989 e do 3 de novembro de 1994 do Excmo. Concello de Vigo.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento orgánico entrará en vigor coa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ANEXO

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO (CEMV)

LIMIAR

CAPÍTULO I - NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 1. NATUREZA

ARTIGO 2. FINALIDADE

ARTIGO 3. RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 4. SEDE DO CEMV

CAPÍTULO II - COMPETENCIAS E COMPOSICIÓN

ARTIGO 5. COMPETENCIAS

ARTIGO 6. COMPOSICIÓN

ARTIGO 7. PERDA DA CONDICIÓN DE CONSELLEIRO

ARTIGO 8. DEREITOS E OBRIGAS DOS CONSELLEIROS

CAPÍTULO III - ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CEMV

SECCIÓN PRIMEIRA - ORGANIZACIÓN

ARTIGO 9. ÓRGANOS DO CEMV

ARTIGO 10. PRESIDENTE

ARTIGO 11. VICEPRESIDENTE/A
ARTIGO 12. SECRETARIO/A
ARTIGO 13. PLENO
ARTIGO 14. COMISIÓN PERMANENTE
ARTIGO 15. COMISIONS DE TRABALLO
SECCION SEGUNDA - FUNCIONAMENTO DO CEMV
ARTIGO 16. FUNCIONAMENTO DO CEMV
ARTIGO 17. RÉXIME DE XUNTANZAS DO PLENO
ARTIGO 18. RÉXIME DE XUNTANZAS DA COMISIÓN PERMANENTE
ARTIGO 19. RÉXIME DE XUNTANZAS DAS COMISIÓN DE TRABALLO
SECCIÓN TERCEIRA - DAS ACTAS E CERTIFICACIÓNS
ARTIGO 20. ACTAS
CAPÍTULO IV - DA EMISIÓN DE DITAMES, INFORMES E PROPOSTAS
ARTIGO 21. ELABORACIÓN DE DITAMES
ARTIGO 22. INFORME ANUAL SOBRE O ESTADO DO ENSINO NO CONCELLO
ARTIGO 23. MEMORIA DE ACTIVIDADES

LIMIAR

A Constitución Española de 1978 reconece no seu artigo 23.1 o dereito fundamental da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal. Por outra banda, o artigo 9.2 recolle o mandato aos poderes públicos de facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social. De xeito máis específico, o artigo 27 recolle o dereito á educación, responsabilizando os poderes públicos de garantir este dereito a todos, mediante unha programación xeral da ensinanza, coa participación efectiva dos sectores afectados e a creación de centros docentes.

En desenvolvemento destes artigos, ditase o título II da Lei orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, cuxa rúbrica é Da participación na programación xeral da ensinanza, establecendo a necesaria participación efectiva de todos os sectores afectados na programación xeral da ensinanza, focalizándose na atención adecuada das necesidades educativas e a creación de centros docentes. Por outra banda, o artigo 35 do mesmo título establece que “os poderes públicos, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán establecer consellos escolares de ámbitos territoriais distintos ao que se refire o artigo anterior (consellos escolares autonómicos e municipais), así como ditar as disposicións necesarias para a organización e o funcionamento destes. En todo caso, deberá garantirse a adecuada participación dos sectores afectados nos respectivos consellos” en clara alusión aos consellos escolares municipais.

Deste xeito, a Administración pública municipal é competente, en virtude do establecido no artigo 25.2 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, para “participar na programación da ensinanza e cooperar coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos, intervir nos seus órganos de xestión e participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria”. Deste xeito, o Consello Escolar Municipal constitúese como un órgano municipal de carácter sectorial cuxo fin é a participación democrática de todos os sectores afectados na xestión educativa, erixíndose así como un órgano consultivo da Administración municipal.

Por outra banda, o artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúe a competencia plena á nosa Comunidade Autónoma para a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado 1 do artigo 81 desta, o desenvolvan, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

A Lei 3/1986, do 18 de decembro, dos consellos escolares de Galicia establece no seu artigo 15.2, que: “Os municipios que dispoñan polo menos dun colexio de EXB deberán constituír o Consello Escolar Municipal”. No artigo 17.2 establécese, tamén, que: “Os concellos poderán tomar a iniciativa da constitución dos seus respectivos consellos escolares municipais, fixando as normas regulamentarias de procedemento e comunicándolle á Consellería de Educación o acordo municipal adoptado”.

O Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, regula en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia, os consellos escolares municipais no seu capítulo III, como órganos de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

Dende a aprobación destas normas moitos foron os cambios legislativos que incidiron sobre a materia educativa e sobre a organización municipal, que fan necesario neste momento unha modificación substantiva no regulamento actualmente vixente no Concello de Vigo.

Así, a recente aprobación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación regula no seu título V a participación, autonomía e goberno dos centros, establecendo unha serie de principios xerais no ámbito educativo, fundamentalmente os seguintes:

- Proporcionar unha educación de calidade para todos os cidadáns.
- Posibilitar a necesaria colaboración de todos os compoñentes da comunidade educativa para a consecución deste reto.
- O compromiso decidido cos obxectivos educativos formulados pola Unión Europea.

Por outra banda, a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, impulsa de xeito importante a participación cidadá nos órganos e asuntos municipais, que fai necesaria a aprobación polos municipios de normas de carácter orgánico que regulen a participación da cidadanía nos asuntos públicos.

En cumprimento deste mandato, o Concello de Vigo, en xuntanza plenaria do 31 de marzo de 2006, aprobou o Regulamento orgánico de participación cidadá, adaptándose así ás normas básicas da lexislación de réxime local.

Noutro eido, aprobouse tamén a Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

Toda esta normativa vén incidir nun aspecto común, a saber, a potenciación da participación cidadá nos asuntos públicos, de modo que se achegue a toma de decisións á poboación, como garantía de éxito dos produtos normativos. Este movemento da democracia participativa procura unha gobernanza de todos os actores implicados nas decisións públicas que lles afecten, e que xa comezara coa aprobación da Carta Europea de Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985.

Con esta reforma preténdese que o Consello Escolar Municipal sexa o foro de encontro das ideas educativas, facilitando a comunicación entre todas as partes implicadas, coadxuvando así na evitación e resolución de posibles conflitos no eido educativo. Por outra banda, pretende ser o nexa de unión entre o sistema educativo privado e o público, procurando o seu achegamento, evitando así que se creen dúas realidades con obxectivos diferentes.

Este compromiso coa participación vén xa de longo no municipio de Vigo, que na xuntanza do 4 maio de 1993 se adheriu á Carta de Cidades Educadoras, que recolle os principios básicos para o impulso educativo da cidade. Concretamente, no apartado sexto da Carta faise especial fincapé de cara á obriga dos responsables da política municipal de realizar estudos para manterse informados e de establecer canles permanentes de participación aos individuos e os seus colectivos. Incidindo neste eido, o principio noveno da Carta insiste no fomento da participación, a través das organizacións civís e sociais da cidade, como fórmula esencial de achegamento da cidadanía á toma de decisións e como garantía para os poderes públicos do acerto nas actuacións.

Neste sentido, o CEMV será o lugar de encontro para o fomento da cultura da participación, fornecendo o debate de todas as partes e cohesionando as estruturas asociativas existentes. Preténdese que sexa un foro de reflexión e debate da situación educativa do municipio, que analice e avalíe as distintas problemáticas existentes, creando estados de opinión que sirvan para que a Administración educativa tome as decisións axeitadas.

Ademais, para o goberno municipal é un pilar básico de actuación, consonte o seu compromiso coa necesidade de crear órganos de expresión directa da cidadanía que posibiliten a súa participación en todo o que teña que ver coa política educativa municipal.

CAPÍTULO I - NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

ARTIGO 1. NATUREZA

1.- O Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) constitúese como peza básica e fundamental para unha eficaz instrumentalización da participación democrática da comunidade educativa, e procurará a máis ampla participación social dos protagonistas directos da acción educativa e un alto nivel de interlocución co poder municipal.

2.- O CEMV é o órgano colexiado municipal de carácter consultivo e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino e na

planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

ARTIGO 2. FINALIDADE

1.- O CEMV, como máximo órgano de participación e consulta en materia educativa no ámbito municipal, terá como fins os seguintes:

- a) Velar pola consecución do acceso de todos os habitantes do municipio de Vigo aos niveis educativos e culturais que permitan a súa realización persoal e socio-laboral, promovendo con esta finalidade tantas accións sexan precisas para acadar a igualdade de oportunidades no ámbito educativo, a compensación educativa e a atención á diversidade.
- b) Fomentar o respecto pola liberdade, a convivencia, a igualdade, a xustiza e o pluralismo na comunidade educativa.
- c) Impulsar e incentivar a calidade do ensino en todos os seus aspectos.
- d) Promover a participación real, efectiva e continua da comunidade educativa nos centros docentes.
- e) Ofrecer a máis ampla información sobre a súa actividade e sobre a situación actual do ensino no ámbito municipal.

ARTIGO 3. RÉXIME XURÍDICO

1.- A organización e funcionamento internos do CEMV rexeráse, ademais de polas normas contidas no presente Regulamento, pola seguinte normativa:

- Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.
- Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia.
- Decreto 87/1992, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime interno do Consello Escolar de Galicia.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 7/1985, de 2 abril, de bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Regulamento orgánico municipal do Concello de Vigo.
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

2.- No caso de existir lagoas normativas ou dúbidas de interpretación na aplicación das normas transcricas no parágrafo anterior, haberáse de estar á interpretación que delas realice o Pleno do CEMV, ou o seu presidente ata que se pronuncie o Pleno do CEMV.

ARTIGO 4. SEDE DO CEMV

1.- A sede e lugar de xuntanzas do CEMV e das súas comisións serán os locais municipais que así dispoña o presidente do CEMV. Así mesmo, este porá a disposición do Consello os recursos persoais e materiais que precise para o desenvolvemento das súas funcións, dentro das posibilidades do Concello de Vigo.

2.- A Secretaría do CEMV contará cun lugar axeitado que permita o normal desenvolvemento da súa actividade, así como a custodia dos libros e documentos do CEMV.

CAPÍTULO II - COMPETENCIAS E COMPOSICIÓN

ARTIGO 5. COMPETENCIAS

1.- O CEMV será consultado preceptivamente polo órgano municipal competente ou pola Administración educativa, con carácter previo á toma dos acordos, nas seguintes cuestións:

- a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra administración pública, que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal.
- b) Actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.
- c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, de ser o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.
- d) Localizacións dos centros docentes dentro da demarcación municipal.
- e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento axeitado dos centros docentes, de acordo coas competencias que a lexislación lles outorgue aos concellos en cada momento, e especial atención á supresión de barreiras arquitectónicas.
- f) Fomento de actividades que tendan a mellorar a calidade educativa, a renovación pedagóxica, os principios da escola activa e a integración escolar, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio, para chegar a unha escola democrática, científica, libre, galega e non discriminatoria.
- g) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación lles outorgue aos municipios.
- h) Programación de investimentos en materia educativa.

i) Calquera outro asunto de importancia para a vida escolar do Concello.

2.- Sen prexuízo dos informes preceptivos sobre as materias recollidas no parágrafo primeiro, o CEMV poderá elevar á Administración educativa ou ao Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo, e en especial sobre as seguintes materias:

- a) Distribución de alumnos a efectos de escolarización, tendo en conta a normativa vixente ao caso.
- b) Constitución de padroados, institutos municipais ou entes similares relativos á educación.
- c) Cuestións relativas á promoción e extensión educativa.
- d) Adaptación do calendario escolar ás necesidades e características socioeconómicas dos núcleos de poboación do municipio.

A estes efectos, as propostas presentadas polos conselleiros deberán ser motivadas e precisas, e presentaranse por escrito á Presidencia do CEMV, quen decidirá sobre a súa tramitación.

3.- Aos efectos dun eficaz desenvolvemento das súas competencias, o CEMV poderá solicitar información da Administración educativa e das autoridades locais sobre calquera materia relacionada coa educación no ámbito municipal e, especialmente, sobre o rendemento escolar.

4.- O alcalde ou concelleiro delegado na área de educación poderán someter á consulta do CEMV calquera outra cuestión non comprendida no parágrafo 1 do presente artigo e que estean relacionadas coa natureza do CEMV.

5.- Para o correcto cumprimento das competencias do CEMV, o alcalde da Corporación Municipal de Vigo na fase de formación do orzamento xeral proverá a correspondente dotación orzamentaria para atender os gastos da actuación do CEMV.

ARTIGO 6. COMPOSICIÓN

1.- Son conselleiros/as do CEMV:

- a) O/A presidente/a do CEMV.
- b) Trinta vogais, que se agrupan nos seguintes sectores:

1. Sector docente:

- a) Dez profesores/as dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais educativas, proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente, no municipio, distribuídos da seguinte forma:

- i. Seis profesores pertencentes a centros públicos.
- ii. Catro profesores pertencentes a centros privados.

2. Sector de usuarios/as do Sistema Educativo:

- b) Tres pais ou nais de alumnos/as propostos pola federación de asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos que actúe no municipio e estean legalmente constituídas, segundo a súa representatividade. Esta representatividade estará en función do número de centros que agrupe.
- c) Tres pais ou nais de alumnos/as propostos pola federación de asociacións de pais de alumnos/as de centros privados que actúe no municipio e estean legalmente constituídas, segundo a súa representatividade. Esta representatividade estará en función do número de centros que agrupe.
- d) Catro alumnos/as elixidos/as polos representantes dos alumnos/as nos consellos escolares dos centros existentes no municipio.

3. Sector social:

- e) Dez membros elixidos por acordo do Concello Pleno, de entre as seguintes categorías de profesionais:
 - i. Dous directores/as de centros públicos, que serán propostos polas asembleas de directores/as, de primaria e secundaria, dos colexios públicos e institutos de Vigo.
 - ii. Un representante das centrais sindicais, que non estea vinculado ao ámbito educativo, a proposta dos sindicatos máis representativos.
 - lii. Un representante de asociacións de empresarios/as, que non estea vinculado ao sector educativo, a proposta da Confederación de Empresarios/as de Vigo.
 - iv. Un representante dos movementos de renovación pedagóxica, a proposta das asociacións de MRP legalmente constituídas.
 - v. Unha persoa titular de centros privados, a proposta da Asociación de centros privados.
 - vi. Un especialista, de recoñecido prestixio, en temas educativos, a proposta do alcalde.
 - vii. Un representante das asociacións de veciños/as que actúen no municipio de Vigo, legalmente constituídas, a proposta da Federación de Asociacións de Veciños de Vigo máis representativa.
 - viii. Unha representante a proposta do Consello Municipal da Muller.
 - ix. Un representante dos centros públicos de ensinanzas artísticas, regradas ou non regradas, a proposta dos seus directores.

- c) Un funcionario/a público nomeado pola Administración educativa da Xunta de Galicia.
- d) O secretario do CEMV.

2.- No nomeamento dos conselleiros deberá respectarse, na medida do posible, o criterio de paridade entre home e muller.

3.- O mandato dos conselleiros será de catro cursos académicos, excepto os representantes dos alumnos, que será de dous cursos académicos.

ARTIGO 7. PERDA DA CONDICIÓ DE CONSELLEIRO

1. Os conselleiros perderán a súa condición de membros do CEMV por algunha das seguintes causas:

- a) Expiración do prazo do seu mandato.

A renovación dos cargos farase por metades cada dous cursos, a excepción do grupo de alumnos que se renovará cada dous anos na súa totalidade.

Os prazos de renovación do CEMV computaranse dende a data da súa sesión constitutiva.

As propostas de nomeamento de conselleiros efectuadas polas distintas asociacións, sindicatos e consellos, remitiranse ao presidente/a do Consello, cun mes de antelación á data en que o Consello deba renovarse.

- b) Por renuncia formulada por escrito dirixido á Presidencia do CEMV.
- c) Por falecemento ou incapacidade permanente, postas en coñecemento do presidente do Consello, acreditado por calquera medio admisible en Dereito.
- d) Por ser condenado por delito doloso como consecuencia de sentenza xudicial firme que o inhabilite para o exercicio de cargos públicos.
- e) Por incumprimento grave ou reiterado da súa función, previa declaración do Pleno do CEMV.
- f) Por revogación do mandato conferido polas organizacións que representan ou, cando en virtude da celebración de eleccións sindicais ou de renovación dos representantes, se alterase a representatividade das organizacións que efectuaron a proposta.

Neste caso os representantes das organizacións sindicais, colexiais ou empresariais, deberán ser ratificados ou substituídos polas organizacións que os propuxeron.

O prazo para substituílos será de dous meses, que se contarán desde o día

seguinte ao anuncio dos resultados das eleccións ou da renovación dos órganos reitores aludidos.

- g) Por revogación do mandato en caso do/a representante da Administración educativa.
- h) Cando deixen de concorrer os requisitos que determinaron a súa designación.
- i) As demais previstas na lexislación vixente que impidan o exercicio dun cargo público.

2.- No caso de que se produza algunha vacante no Consello, a Presidencia deste porao en coñecemento das asociacións, sindicatos, consellos ou movementos, para a súa provisión conforme o establecido no presente regulamento.

No caso de representantes dos alumnos, a vacante será cuberta polo seguinte candidato/a da lista de candidatos/as segundo o resultado das últimas eleccións.

O mandato dos novos membros, salvo o previsto no apartado a) do parágrafo anterior, terá a duración que reste para a renovación do CEMV.

ARTIGO 8. DEREITOS E OBRIGAS DOS CONSELLEIROS

1.- Os conselleiros, que actuarán no exercicio das súas funcións con plena autonomía e independencia, teñen dereito a:

- a) Asistir e participar con voz e voto nas sesións do Pleno e das comisións de que formen parte, a excepción do secretario do CEMV que non ostentará dereito a voto.
- b) Acceder á documentación que obre no poder do CEMV e solicitar copia das actas e da documentación das comisións de traballo, do Pleno e da Comisión Permanente.
- c) Dispor da información dos temas ou estudos que desenvolva o Pleno, a Comisión Permanente e as comisións de traballo de que formen parte e daquelas outras que expresamente soliciten.
- d) Presentar propostas, emendas, mocións e suxestións para a adopción de acordos polo CEMV ou para o seu estudo nas comisións, de conformidade co procedemento establecido neste Regulamento.
- e) Ostentar, en cantos actos aos que expresamente foran comisionados polos órganos do Consello, a representación deste, a salvo e sen prexuízo da representación xeral do presidente.
- f) Asistir, sen dereito a voto, a calquera das comisións de traballo nas que non estean integrados, podendo facer uso da palabra excepcionalmente, previa autorización do presidente da Comisión.
- g) Calquera outro que lles sexa legalmente recoñecido.

2.- Son obrigas dos conselleiros:

a) Asistir ás xuntanzas do Pleno e das comisións das que formen parte.

O presidente do CEMV, a iniciativa da Comisión Permanente, porá en coñecemento do Pleno do CEMV e das asociacións ou organizacións ás que representan, os nomes dos membros que incumpran reiterada e inxustificadamente o deber de asistencia ás sesións, para os efectos de proposta de nomeamento do sucesor.

b) Participar nos traballos para os que sexan designados polos órganos do CEMV.

d) Gardar segredo sobre as materias e actuacións que expresamente sexan declaradas reservadas polos seus órganos e a debida reserva das deliberacións do Pleno e das comisións.

CAPÍTULO III - ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CEMV

SECCIÓN PRIMEIRA - ORGANIZACIÓN

ARTIGO 9. ÓRGANOS DO CEMV

1.- Son órganos do Consello Escolar Municipal de Vigo:

A. Unipersoais

- a) A Presidencia
- b) A Vicepresidencia
- c) A Secretaría

B. Colexiados

- a) O Pleno
- b) A Comisión Permanente
- c) As comisións de traballo

2.- Os órganos do CEMV poderán ser auxiliados nas súas tarefas por unha asistencia técnica, contratada con empresas ou persoas especializadas, ou mediante convenios interadministrativos de colaboración con institucións públicas.

ARTIGO 10. PRESIDENTE/A

1.- O presidente do CEMV será o Alcalde ou membro da Corporación Local responsable da área de Educación en quen delegue.

2.- Corresponde ao presidente do CEMV a realización das seguintes funcións:

- a) Representar ao CEMV e dirixir a súa actividade.
- b) Nomear os vogais do CEMV a proposta dos respectivos sectores.
- c) Exercer a dirección dos órganos colexiados do Consello.

- d) Fixar a orde do día, convocar e presidir as xuntanzas do Pleno e da Comisión Permanente, e velar pola execución dos acordos adoptados.
- e) Presidir as xuntanzas, ordenar os debates e dirimir, co seu voto de calidade, as votacións en caso de empate.
- f) Executar o orzamento do CEMV conforme aos criterios que nel se establezan, informando ao Pleno e á Comisión Permanente.
- g) Calquera outra que non estea expresamente atribuída a outro órgano do CEMV.

ARTIGO 11. VICEPRESIDENTE/A

1.- O/A vicepresidente/a será nomeado polo Pleno do Consello, de entre os conselleiros do sector social, a proposta do presidente do CEMV.

2.- O vicepresidente, que o será do Pleno e da Comisión Permanente, substituirá o presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade, e realizará as funcións que este lle delegue.

En ningún caso caberá unha delegación permanente de funcións.

3. Ostentará a calidade de membro nato de calquera órgano colexiado do Consello, sen prexuízo do número de membros de que este conste.

ARTIGO 12. SECRETARIO/A

1.- O/A secretario/a do CEMV será nomeado polo presidente do CEMV de entre os funcionarios públicos da área de educación do Concello de Vigo.

2.- Son funcións do secretario do CEMV:

- a) Asistir ás xuntanzas do Pleno e da Comisión Permanente, con voz pero sen voto, levantando acta de todas as xuntanzas que celebren.
- b) Asistir o presidente/a na convocatoria das xuntanzas e na elaboración da orde do día.
- c) Prestar o asesoramento que o funcionamento do Consello requira.
- d) Expedir, co visto e praxe da Presidencia, certificacións de actas, acordos, ditames e asistencia.
- e) Autorizar coa súa firma os acordos do Consello.
- f) Custodiar as actas, ditames e acordos do Consello.
- g) Xestionar administrativamente os asuntos do CEMV.
- h) Coidar do rexistro de entrada e saída de documentos e o servizo de arquivo.
- i) Proporcionar, previa petición por escrito, a documentación e os medios materiais, se é o caso, que os conselleiros/as requiran no exercicio das súas funcións.
- j) Calquera outra tarefa relativa a funcións xenéricas da Secretaría, que lle encomende o Pleno ou a Presidencia do CEMV.

3.- En casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo funcionario público do Concello de Vigo que a Presidencia do Consello designe.

ARTIGO 13. PLENO

1.- O Pleno é o órgano supremo de decisión e formación da vontade do Consello, e está integrado por todos os conselleiros, baixo a dirección do seu presidente/a e asistido polo secretario.

2.- Son funcións do Pleno do CEMV, ademais do exercicio das competencias atribuídas ao CEMV no artigo 5 do presente regulamento, as seguintes:

- a) Establecer as liñas xerais de actuación do Consello para cada curso escolar.
- b) Elaborar, debater e aprobar os ditames, informes ou propostas que expresen a vontade do Consello en materia da súa competencia.
- c) Propor ao órgano competente do Concello de Vigo a modificación do presente Regulamento.
- d) Aprobar a memoria anual de actividades e o informe anual sobre a situación do ensino no municipio, segundo os proxectos presentados pola Comisión Permanente.
- e) Propoñer ao órgano competente do Concello de Vigo a contratación dunha asistencia técnica para asistir nos labores da Comisión Permanente e das comisións de traballo.
- f) Aprobar a creación de novas comisións de traballo.
- g) Nomear o vicepresidente/a do CEMV a proposta da Presidencia, así como solicitar razoadamente do presidente/a o seu cesamento.
- h) Elixir os vogais da Comisión Permanente e os membros das comisións de traballo.
- i) Ditar normas de desenvolvemento do presente regulamento a proposta do presidente do CEMV.

3.- Os ditames ou informes aprobados serán remitidos ao Concello de Vigo, á Autoridade Educativa ou ao Consello Escolar de Galicia, segundo a solicitude, firmados polo presidente e o secretario, indicando os nomes dos asistentes á correspondente xuntanza e con expresión de se foron aprobados por unanimidade, por maioría ou empate decidido polo voto do presidente, e acompañados dos votos particulares, se os houberse.

Estes informes ou ditames serán publicados na páxina web do Concello de Vigo por orde da Presidencia do CEMV.

4.- Cando no trámite dalgunha norma xeral ou acto sobre algún asunto da competencia do CEMV se omitise indebidamente o informe do Consello, o seu presidente comunicarllo a quen corresponda.

ARTIGO 14. COMISIÓN PERMANENTE

1.- A Comisión Permanente é a unidade básica de xestión dos asuntos do CEMV, e en consecuencia correspóndenlle a recepción e tramitación dos asuntos, preparando así e facilitando as xuntanzas do Pleno, exercendo de instancia intermedia entre este e as outras comisións.

2.- Son membros da Comisión Permanente:

- a) O/A presidente/a do CEMV
- b) O/A vicepresidente/a do CEMV

- c) O/A secretario/a do CEMV
- d) Os/As presidentes/as de cada unha das comisións de traballo existentes.
- e) Un vogal de cada un dos tres sectores do CEMV.

3.- As funcións da Comisión Permanente do CEMV son:

- a) Preparar a orde do día das sesións ordinarias do Pleno do CEMV.
- b) Preparar os informes, propostas ou ditames para seren debatidos polo Pleno do CEMV, nomeando a estes efectos un relator do proxecto de informe.
A estes efectos, o proxecto de informe que aprobe a Comisión Permanente, xunto cos votos particulares de ser o caso, remitirase polo secretario a todos os membros do Pleno do CEMV coa antelación necesaria para a convocatoria da xuntanza.
- c) Xestionar os asuntos e acordos que lle encomende o Pleno, dándolle conta da súa actividade.
- d) Coordinar o labor das comisións de traballo distribuindo os traballos entre as distintas comisións, e no seu caso propoñer ao Pleno do CEMV a creación de novas comisións para temas específicos.
- e) Elaborar o proxecto da memoria anual de actividades do CEMV e elevala ao Pleno para a súa aprobación.
- f) Elaborar o proxecto de informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio, e elevala ao Pleno para a súa aprobación.
- g) Estudar e tramitar as propostas de informe e ditames elaborados polas comisións de traballo, decidindo sobre:
 - i. A súa devolución á comisión para ampliar ou modificar o traballo realizado.
 - ii. O seu traslado a outra comisión.
 - iii. O seu traslado ao Pleno.
- h) Elaborar e formular propostas ao Pleno do Consello.
- i) Velar pola difusión dos acordos adoptados polo Consello que considere de especial importancia para a comunidade educativa.
- j) Calquera outra que lle sexa asignada polo Pleno do Consello.

4.- Para o correcto desenvolvemento das súas funcións, a Comisión Permanente poderá solicitar ao Pleno do CEMV que se encargue a entidades públicas ou privadas de recoñecido prestixio a realización dos estudos técnicos que sirvan de base para a confección dos informes, ditames ou propostas que a comisión deba elaborar.

5.- O Pleno do CEMV poderá acordar a incorporación á comisión permanente, e mesmo con carácter estable, doutros representantes que actuarán con voz pero sen voto.

6.- Cando se produza unha vacante na Comisión Permanente ou a composición do Pleno do Consello se modifique, no prazo dun mes procederase a adecuar a representación na Comisión Permanente.

ARTIGO 15. COMISIÓNS DE TRABALLO

1.- O CEMV, para o correcto desenvolvemento dos seus cometidos, realiza os seus traballos a través das comisións de traballo, que se constitúen como órganos especializados para o estudo e análise dos asuntos específicos que, por razón da materia, lles correspondan. As comisións de traballo do CEMV son as seguintes:

- a) Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa.
- b) Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa.

2.- O Pleno do CEMV poderá modificar, suprimir ou crear outras comisións de traballo, xa permanentes, xa temporais, cando as necesidades de funcionamento así o aconsellen, a proposta da Comisión Permanente.

A composición e cometidos das novas comisións deberán estar formulados con toda claridade.

3.- O Pleno do CEMV poderá acordar a incorporación ás comisións de traballo, e mesmo con carácter estable, doutros representantes que actuarán con voz pero sen voto.

4.- As comisións de traballo están formadas por tres membros, pertencentes a cada un dos tres sectores establecidos no artigo 6.

5.- Os/As presidentes/as das comisións de traballo serán elixidos por e entre os membros da comisión de traballo, e serán os voceiros desta comisión ante a Comisión Permanente e o Pleno, sen prexuízo da súa delegación noutro membro da comisión.

6.- Os membros das comisións de traballo elixirán de entre eles a aquel que actuará como secretario desta, que levantará acta das xuntanzas, e asistirá o presidente destas na elaboración da orde día.

O secretario das comisións de traballo ostenta dereito de voz e voto.

7.- Son funcións xenéricas das comisións de traballo:

- a) Elevar propostas de actuación á Comisión Permanente.

Estas propostas de ditame ou informes non teñen carácter vinculante para a Comisión Permanente, que poderá devolvelos para un novo estudo.

- b) Actuar como órganos técnicos do CEMV, realizando estudos e análises de asuntos concretos, que con carácter específico lles correspondan por razón da natureza da materia, e elevando os seus resultados en forma de informes ou propostas de ditames.

- c) Calquera outra que lle sexa encomendada polo Pleno ou a Comisión

Permanente.

8.- O borrador do ditame ou informe da Comisión de Traballo deberá elaborarse nun prazo que permita o seu reparto, polo secretario desta, aos membros da Comisión Permanente con anterioridade á celebración da correspondente sesión, polo menos con catro días hábiles de antelación.

9. Son funcións da Presidencia das comisións de traballo:

- a) Convocar, a través do secretario/a da comisión de traballo, as xuntanzas das comisións de traballo.
- b) Presidir as reunións e moderar os debates.
- c) Requirir á presidencia do Consello que demande da Administración educativa a información necesaria para realizar o traballo que ten encomendado.
- d) Notificar á Comisión Permanente a ausencia inxustificada e reiterada dos membros da súa comisión ás sesións de traballo.
- e) Informar os demais membros da súa comisión de traballo dos asuntos tratados na Comisión Permanente.
- f) Solicitar, a proposta da comisión de traballo ou por iniciativa propia, á Presidencia do CEMV, a convocatoria de persoa ou persoas competentes para asesorar á comisión nas súas deliberacións.
- g) Calquera outra que lle sexa encomendada polo Pleno ou a Comisión Permanente.

SECCIÓN SEGUNDA - FUNCIONAMENTO DO CEMV

ARTIGO 16. FUNCIONAMENTO DO CEMV

O Consello Escolar Municipal de Vigo funcionará en Pleno, Comisión Permanente e comisións de traballo.

ARTIGO 17. RÉXIME DE XUNTANZAS DO PLENO

1.- O Pleno do CEMV funciona en réxime de xuntanzas ordinarias de periodicidade preestablecida e extraordinarias, que poden ser, ademais, urxentes.

2.- As xuntanzas ordinarias celebraranse cada tres meses. Necesariamente dúas destas xuntanzas coincidirán co primeiro e o último trimestre do curso escolar.

Nestas xuntanzas sempre haberá unha quenda de rogos e preguntas.

3.- As xuntanzas extraordinarias poderán ser convocadas polo presidente/a, pola Comisión Permanente ou cando o solicite un terzo do número de conselleiros do CEMV, excluído o secretario, que asinarán debidamente identificados a devandita solicitude, expresando o obxecto que se vai tratar na correspondente xuntanza.

Neste último caso, a xuntanza quedará automaticamente convocada para o décimo día hábil seguinte á data de entrada da solicitude, e será notificada a todos os conselleiros do CEMV polo secretario xunto coa orde do día.

As xuntanzas extraordinarias de carácter urxente soamente poderán ser convocadas

polo presidente do CEMV, motivando debidamente a súa convocatoria.

4.- As xuntanzas deben ser convocadas, polo menos, con cinco días hábiles completos de antelación á súa celebración, salvo as extraordinarias de carácter urxente, que deberán convocarse con, polo menos, 48 horas de antelación á súa celebración.

As convocatorias serán notificadas a todos os membros do CEMV polo secretario xunto coa orde do día, copia da acta anterior, un extracto da documentación dos puntos que se van tratar e a data e lugar de celebración.

A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día deberá estar a disposición dos conselleiros do CEMV dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría.

Non poderán ser obxecto de deliberación asuntos que non estean reflectidos na orde do día, salvo que, estando presentes todos os membros do órgano, así o acorden por maioría ao comezo da sesión.

5.- Para a válida constitución do Pleno, en primeira convocatoria, será necesaria a asistencia do presidente/a e o/a secretario/a, ou no seu caso, de quen os substitúan, e a metade a lo menos, dos vogais do CEMV.

En segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, será suficiente a asistencia do presidente/a ou vicepresidente e do/a secretario/a, ou no seu caso, de quen os substitúan, e un terzo do número de vogais do CEMV.

De non acadarse o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de sete días hábiles.

O quórum esixido deberá manterse durante toda a xuntanza. De non ser así, o secretario/a advertirá desta situación ao presidente/a que a levantará.

6.- Os debates dos proxectos de informe ou ditame iniciaránse presentando o texto polo seu relator.

A continuación debateranse as emendas presentadas ao informe preliminar, tanto as aceptadas pola Comisión Permanente e incorporadas posteriormente ao informe, como as que se manteñan “vivas” para o debate, que serán sometidas a votación despois de cada debate.

Para axilizar o debate non se admitirán emendas in voce a non ser que teñan un carácter transaccional.

7.- Os acordos adoptaranse sobre o conxunto do informe por maioría dos votos dos asistentes, e poderán formularse votos particulares.

A estes efectos, deberase anunciar este extremo antes do remate da xuntanza, e presentalo por escrito dentro das corenta e oito horas seguintes. Os demais conselleiros/as que votasen en contra poderán adherirse ao voto particular presentado.

En caso de empate, realizase unha nova votación, e de persistir, decidirá o voto de calidade do presidente.

O voto é persoal e indelegable, e non se admitirá o voto por correo.

O sistema normal de votación será a votación ordinaria, que se manifestará por signos convencionais de asentimento, desestimento ou abstención. Procederá a votación secreta cando se trate da elección ou destitución de persoas ou cando así o manifeste a maioría absoluta do número legal de membros.

Calquera membro poderá solicitar que conste en acta o sentido do seu voto.

8.- As xuntanzas do Pleno do CEMV non son públicas, sen prexuízo de poder convocar, aos sós efectos de escoitar o seu parecer ou recibir un informe respecto a un tema concreto, a representantes de asociacións ou entidades recoñecidas no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Así mesmo, a proposta do presidente, poderán asistir asesores externos tecnicamente cualificados para asesorar nas materias obxecto de debate. Estes expertos actuarán con voz pero sen voto.

9. Cando o Pleno ou a Comisión Permanente do CEMV considere necesario efectuar unha exposición ante o Concello Pleno ou a Xunta de Goberno Local en relación con algún punto da orde do día, sempre que estea relacionado coa natureza do CEMV, deberá solicitalo, a través do presidente do CEMV, ao alcalde cunha antelación mínima de dous días hábiles á celebración da xuntanza. De ser concedida a citada exposición, o CEMV designará un único representante para expor o seu parecer durante o tempo que sinale o alcalde, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

A estes efectos, as convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno do Concello de Vigo serán comunicadas ao CEMV.

10.- O presidente abrirá, suspenderá e levantará as sesións, dirixirá os debates, velará polo mantemento da orde e pola observancia do presente Regulamento, requirindo cando sexa necesaria a asistencia do secretario.

O presidente procurará, como moderador dos debates, a máis ampla participación, sen prexuízo de chamar a atención sobre o asunto principal sometido a discusión, evitando divagacións que alarguen innecesariamente os debates. A estes efectos, poderá chamar á orde a aqueles membros que profiran palabras ofensivas, produzan interrupcións ou pretendan facer uso da palabra sen que lle fora concedida, e de persistir esta actitude poderá ordenarlles que abandonen o local onde se celebre a xuntanza.

O presidente someterá a votación os asuntos obxecto de debate e proclamará os resultados.

As xuntanzas respectarán o principio de unidade de acto, procurando que terminen no mesmo día do seu comezo. De non ser así, o presidente poderá levantar a

xuntanza e os asuntos non debatidos incluíranse na orde do día da seguinte xuntanza.

ARTIGO 18. RÉXIME DE XUNTANZAS DA COMISIÓN PERMANENTE

1.- O réxime de xuntanzas da Comisión Permanente será o mesmo que o do Pleno, coas seguintes especialidades:

- a) As xuntanzas ordinarias celebraranse cada dous meses.
- b) As xuntanzas extraordinarias poderán ser convocadas polo presidente/a ou cando o solicite un terzo do número de membros da Comisión, excluído o secretario.
- c) Para a válida constitución da Comisión Permanente será necesaria a asistencia do presidente/a ou vicepresidente/a, o/a secretario/a, un presidente/a de algunha das comisións de traballo e un vogal dalgúns dos sectores do CEMV.

De non se acadar o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de sete días.

ARTIGO 19. RÉXIME DE XUNTANZAS DAS COMISIÓN DE TRABALLO

1.- O réxime de xuntanzas das comisións de traballo será o mesmo que o da Comisión Permanente, coas seguintes especialidades:

- a) Para a válida constitución da comisión de traballo será necesaria a asistencia do presidente/a e mais do secretario.

De non se acadar o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de sete días.

- c) As comisións de traballo non terán un réxime ordinario de celebración de xuntanzas.
- d) As xuntanzas extraordinarias poderán ser convocadas soamente polo presidente/a da comisión.

SECCIÓN TERCEIRA - DAS ACTAS E CERTIFICACIÓNS

ARTIGO 20. ACTAS

1.- De cada xuntanza levantarase unha acta polo secretario do órgano correspondente, que será firmada por este co visto e prace do presidente.

2.- En cada acta deberá figurar polo menos:

- a) Lugar, data e hora de comezo e fin da xuntanza.
- b) Asistentes á sesión e relación de membros que escusan a súa asistencia e outras persoas citadas, no seu caso.

- c) Carácter ordinario, extraordinario ou urxente da sesión.
- d) Asuntos que figuren na orde do día.
- e) Acordos tomados, sinalando a forma en que foron adoptados, cos votos a favor, en contra e abstencións, e os seus motivos cando o soliciten expresamente os interesados.
- f) O texto dos informes, estudos ou declaracións adoptadas.
- g) As opinións e intervencións dos conselleiros, de xeito sucinto.
- h) Incidencias dalgunha importancia que, a xuízo do secretario, se produzan no transcurso da sesión.

3.- Cando non se realice a sesión por calquera motivo, o secretario suplirá cunha dilixencia autenticada coa súa firma e co visto e prace do presidente, na cal se farán constar as causas da súa non celebración, e no seu caso, o nome dos asistentes e dos que se escusaran.

4.- As actas someteranse a aprobación como primeiro punto da orde do día da seguinte xuntanza, coas obxeccións que propoñan os conselleiros, para precisar mellor o desenvolvemento da sesión, sen que en ningún caso poida modificarse o fondo dos acordos adoptados, cabendo soamente a corrección dos meros erros materiais ou de feito.

5.- As actas quedarán baixo a custodia do secretario, e, unha vez aprobadas, incluíranse no Libro de Actas do Consello Escolar Municipal de Vigo, quen facilitará copias a calquera membro do CEMV que o solicite.

6.- As certificacións expedidas polo secretario, por orde da Presidencia, darán fe dos acordos do CEMV, e expediranse:

- a) De oficio, a requirimento dos órganos das administracións públicas ou dos órganos xudiciais no exercicio das súas competencias.
- b) A instancia dos membros do Consello.
- c) A instancia de calquera interesado.

Nos supostos recollidos nas letras b) e c), o contido das certificacións versará sobre a parte decisoria dos acordos.

7.- A Presidencia disporá que, de cada sesión do Pleno do Consello, se redacte unha nota informativa, referida fundamentalmente aos acordos tomados, co obxecto de comunicar á opinión pública, a través dos medios de comunicación social e da páxina web do Concello de Vigo, as actividades e posicións do Consello Escolar Municipal de Vigo.

8.- A redacción das actas, certificacións, informes, ditames e, en xeral, calquera documento do CEMV, farase nos termos establecidos na Lei 5/1988, de 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais.

CAPÍTULO IV - DA EMISIÓN DE DITAMES, INFORMES E PROPOSTAS

ARTIGO 21. ELABORACIÓN DE DITAMES

1.- O CEMV emitirá un ditame non vinculante con respecto aos asuntos que sexa

consultado no prazo dun mes, sen prexuízo dos ditames que preceptivamente elaboren as comisións do Pleno do Concello.

No caso de que a materia sobre a que verse a consulta sexa de gran complexidade, o CEMV poderá solicitar unha ampliación de prazo por un máximo de quince días hábiles do órgano competente do Concello para adoptar o acordo.

Por outra banda, por motivos de urxencia, que haberá de motivarse na solicitude, o ditame deberá evacuarse no prazo de quince días hábiles, reducíndose o resto de prazos expresados no presente artigo á metade.

2.- Os documentos remitidos para ser informados ou ditaminados polo CEMV serán enviados ao secretario do Consello, que o remitirá á Comisión Permanente.

3.- Para a elaboración dun informe, ditame ou proposta, a Comisión Permanente elaborará previamente un informe preliminar. Para a elaboración do devandito informe preliminar a Comisión Permanente poderá designar un ou varios membros encargados da súa redacción. Tamén o poderá encargar a unha comisión de traballo, cumprindo para este efecto o especificado neste regulamento.

Para o correcto desenvolvemento das súas funcións, a Comisión Permanente ou o seu presidente poderá solicitar ao Pleno do CEMV que se encargue a entidades públicas ou privadas de recoñecido prestixio a realización dos estudos técnicos que sirvan de base para a confección dos informes, ditames ou propostas que a comisión deba elaborar.

4.- Unha vez redactado o informe preliminar, este achegarase a todos os membros do Pleno do Consello Escolar Municipal para que no prazo de dez días hábiles poidan elaborar, se o desexan, emendas, consideracións e suxestións aos diversos puntos dos que conste o devandito informe preliminar ou proposta, presentándoas por escrito diante do secretario do CEMV.

5.- Logo de recibidas en prazo todas as emendas e suxestións, a Comisión Permanente reunirse para sometelas a debate e incorporalas, ou non, ao informe preliminar ou proposta, que de novo se achegará xunto coa copia de todas as emendas presentadas a todos os membros do pleno do Consello para o seu estudo e análise.

Daráselles un prazo de cinco días para que o membros do Pleno que presentaron emendas que non foron tidas en conta pola Comisión Permanente para a elaboración do informe preliminar manifesten por escrito dirixido á secretaría a súa intención de incluílas no debate en pleno. Enténdese que de non facelo así, as emendas non se debaterán.

ARTIGO 22. INFORME ANUAL SOBRE O ESTADO DO ENSINO NO CONCELLO

1.- O CEMV elaborará anualmente, ao finalizar o curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no municipio, que enviará á Corporación Municipal, á Consellería competente en materia educativa e ao Consello Escolar de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 18, apartado 2 da Lei 3/1986 de consellos escolares de Galicia, e no artigo 27.2 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, que desenvolve a citada lei.

Este informe deberá presentarse para a súa aprobación antes do 15 de outubro de cada ano e referirase o curso académico pechado e poderá versar sobre aspectos específicos ou singulares.

2.- Sen prexuízo do informe anual, con carácter bianual o CEMV elaborará un informe completo sobre a evolución e o estado actual do sistema educativo no municipio.

3.- O proceso que se ha seguir para a súa emisión será o mesmo que o regulado no artigo 34 sobre emisión de informes e formulación de propostas.

4.- O informe, unha vez aprobado, será publicado polo propio Consello Escolar Municipal polo menos na páxina web do Concello de Vigo.

Artigo 23. Memoria de actividades

1.- O CEMV ao remate de cada curso escolar elaborará unha memoria da súa actuación no curso escolar correspondente, explicando de xeito conciso cada unha das principais actuacións levadas a cabo e xustificando a súa contribución á mellora do sistema educativo.

2.- O procedemento que se ha seguir para a súa emisión e achega será o regulado con carácter xeral para á elaboración de ditames.

3.- Para a elaboración da memoria anual de actividades tomaranse como referente as actas do Pleno e da Comisión Permanente, e teranse en consideración os informes previos das restantes comisións.

Explicación de voto da Sra. Larriba Leira polo Grupo municipal do Partido Popular:

O Grupo municipal do Partido Popular quere anunciar que vai presentar alegacións ó Regulamento que se presenta a este Pleno. As alegacións xiran en torno a cuestións que o Grupo municipal coida fundamentais e que non están ben recollidas no documento que hoxe se presenta.

O limiar do Regulamento lémbra-nos a normativa española que regula o Consello Escolar Municipal e descríbeo coma “órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino, participación que os poderes públicos teñen a obriga de potenciar e defender”. No articulado do Regulamento que se presenta hoxe se manifesta unha clara falla de proporcionalidade dos sectores afectados na súa composición que trae como consecuencia a menor representación da escola concertada e de iniciativa social que poderíamos entender coma discriminatoria.

O Partido Popular entende tamén que en canto ó que se refire á representación dos veciños de Vigo debe constar explicitamente que esta ven lexitimada na Federación

de Veciños “Eduardo Chao” e que debe haber constancia expresa no texto do Regulamento.

Como digo, o dereito á educación está garantido na Constitución que non establece un modelo único, senón plural e por iso se sosteñen con fondos públicos centros públicos ou concertados que prestan un servizo de interese xeral como é o educativo. A recente Lei de educación de Cataluña, feita por un goberno de esquerdas e a todas luces para vostedes progresista, refírese tamén no artigo 41 a “un modelo educativo de interese público conformado por centros públicos e centros privados sostidos total ou parcialmente con recursos públicos”.

Para o Partido Popular a liberdade de ensino é un dereito fundamental garantido pola Constitución e non é posible exercelo sen unha oferta educativa plural da que o Consello Escolar Municipal forma parte.

Por iso o Grupo municipal do Partido Popular anuncia que vai presentar alegacións ó texto do Regulamento que se presenta hoxe.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en conmemoración das vítimas da violencia doméstica.

10.- (207).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO QUE O PLENO SE MANIFESTE A PROL DA READMISIÓN DOS DESPEDIDOS DE POVISA E INSTAR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE QUE ACTÚE NA MEDIACIÓN DOS CONFLICTOS LABORAIS DO DEVANDITO CENTRO. DOC. 90133591.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de setembro, número 90133591, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“O hospital de Povisa, a través dun concerto singular co Sergas presta asistencia sanitaria na área de Vigo a unha poboación de 137.360 pacientes dos cales arredor 50.000 corresponden ao Concello de Vigo.

As condicións nas que se desenvolven as prestacións sanitarias á poboación, con listas de agarda máis longas que na pública, así como a falta de algúns servizos, ten xerado queixas na procura dunha mellor calidade asistencial por parte dos usuarios

S. Ordinaria 26.10.09

que teñen este centro como hospital de referencia.

Así mesmo, recentemente e a raíz da negociación do convenio colectivo, asistimos a un conflito laboral entre a empresa e o persoal traballador onde se ve claramente unha falta de respecto polos dereitos das persoas usuarias, e onde os traballadores e traballadoras se viron sometidas a múltiples presións, con aperturas de expedientes que remataron en despedidos, isto segue a xerar descontento e tensións que afectan negativamente aos usuarios e usuarias.

Por isto solicitamos do Pleno da corporación Municipal a adopción do seguinte acordo

1. Que o Pleno se manifieste a prol da readmisión dos despedidos de Povisa.
2. Instar á consellería de Sanidade que actúe na mediación dos conflitos laborais de Povisa.”

A Comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión ordinaria de data 21 de setembro, ditaminou favorablemente a presente moción.

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO PÉREZ: Esta moción é conxunta do Partido Socialista e máis do Bloque Nacionalista Galego.

O concelleiro do Grupo do BNG, Sr. Alonso Pérez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

(No momento da votación estaban ausentes os Sres. Rivas González e González Sagarra)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa á situación da atención sanitaria e laboral de Povisa, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila:

Ó noso grupo parécenos que este é un conflito laboral entre unha empresa e uns traballadores e nos parecería francamente negativo para esta Corporación que tivéssemos que facer pronunciamentos sempre que ocorra calquera circunstancia nesta cidade na que hai cantidade de conflitos laborais entre empresas e traballadores. Coidamos que é un tema que terá que decidir a Maxistratura de Traballo no seu día xa que é da súa competencia.

Sen entrar no fondo do tema porque este grupo sempre estará disposto a calquera defensa a prol dos traballadores, parécenos que sería un precedente negativo para esta Corporación que nos tivéssemos que pronunciar sobre todos os conflitos laborais que existen na cidade de Vigo.

Ese é o motivo do noso voto en contra, polas formas e non polo fondo.

11.-.(208).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO INSTAR Á XUNTA DE GALICIA, ENTRE OUTROS, A XESTIÓN E O FINANCIAMENTO PÚBLICO DO NOVO HOSPITAL DE VIGO. DOC. 90146130.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de entrada no Rexistro Xeral do 14 de outubro, número 90146130, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“A atención hospitalaria para os máis de 600.000 habitantes que viven na Área Metropolitana de Vigo comezou a ser deficitaria nos anos 80 cando, coa inauguración do Hospital do Meixoeiro, constatouse que este xa era insuficiente para atender a toda a poboación que non podía ser atendida no Hospital Xeral.

Dende entón os partidos políticos, sindicatos, asociacións veciñais e colectivos integrados na Plataforma para a Defensa da Sanidade Pública iniciamos a demanda dun novo grande hospital para a Área Metropolitana de Vigo, que rematase coa dispersión da atención en catro centros (un deles privado) con recursos insuficientes e que non daban resposta ás necesidades da poboación dunha das zonas máis puxantes tanto social como economicamente de toda Galiza.

Despois de moitos avatares o anterior goberno da Xunta de Galiza deu os pasos necesarios para dar satisfacción a esa demanda de toda a cidadanía e asumiu a construción do novo hospital, realizándose o proxecto arquitectónico e consensuando con todos os colectivos e profesionais un plan funcional para a posta en marcha do

novo grande hospital.

Esta nova infraestrutura sanitaria ía contar con 1.475 camas, o que permitía atender a toda a poboación da área, incorporaba recursos de alta tecnoloxía sanitaria como centro investigador e ía a ser centro de referencia para patoloxías como o cancro. Este hospital evidentemente era público e os cartos para o seu financiamento estaban na SPI (Sociedade Publica de Investimentos).

Coa chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta de Galiza, todo o acordado queda en entredito e envolvido nun mar de dúbidas que nin a conselleira de Sanidade nin o presidente da Xunta son quen de aclarar dunha vez por todos á cidadanía.

Fálase de financiamento e xestións privadas, de redución de camas, de modelo multi-hospital, de varias portas de urxencias, de manter concerto singular con POVISA, pero en ningún momento se fala de hospital de referencia, con altas prestacións, onde sexa atendida toda a poboación da Área Metropolitana de Vigo.

Por isto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia que o financiamento e a xestión do novo hospital de Vigo sexan totalmente públicas.
- 2.- Que se manteña o mesmo número de camas que tiña previsto o goberno bipartito, para atender a toda a poboación da Área Metropolitana.
- 3.- Que o Novo Hospital este dotado de todos os servizos mantendo o seu carácter estratéxico e a dotación prevista para a unidade de investigación.
- 4.- Que se manteña o carácter estratéxico do Hospital do Meixoeiro como hospital oncolóxico de referencia para todo o sur de Galicia.”

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, na súa sesión ordinaria de data 21-09-2009, ditaminou favorablemente a presente moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: De novo traemos a este Pleno unha moción sobre o novo gran hospital de Vigo. Teño que facer aquí un pouco de memoria e lembrar que a miña primeira moción cando entrei neste Pleno foi no ano 2003 e precisamente para reivindicar que se fixese ese gran hospital que dunha vez por todas resolvese o que sempre reivindicamos dende a sanidade: que a área sur non estea discriminada respecto á área norte. Refírome neste caso á provincia de A Coruña que sempre tivo mellores servizos a nivel sanitario.

Por facer un pouco de historia dicir que estamos nunha área sanitaria metropolitana á que pertencen 600.000 habitantes e alá polos anos 70 empezou a verse a deficiencia

a nivel de camas hospitalaria. O Hospital Xeral había tempo que quedara pequeno e por entón tomouse a decisión de comezar a facer un novo hospital e así xurdiu o Meixoeiro.

Por unha serie de intereses alleos ós que defendemos á cidadanía e sobre todo ós daquela xente que defendemos a sanidade pública, xa naquel intre o Hospital do Meixoeiro non cumpriu as expectativas e no momento da súa inauguración xa quedaba pequeno. Pero iso si interesaba porque nese momento había en Vigo un hospital privado que xa entón interesaba manter, sobre todo co que se fixo logo que foi ese concerto singular co cal a unha parte da cidadanía de Vigo, a do Val Miñor, de todo o Morrazo, íalle tocar este hospital, situación por outra banda única en Galicia e eu diría que en todo o Estado.

Logo de toda esta problemática en que había unha gran fragmentación a nivel de asistencia sanitaria, onde a poboación de Vigo era atendida en catro hospitais diferentes, onde había varias portas de urxencia, onde había unha serie de servizos básicos e fundamentais como poden ser as unidades de queimados e a unidade maxilofacial que estaba en mans dun hospital privado con concerto, a Xunta de Galicia do goberno bipartito anterior deu os pasos necesarios para satisfacer a demanda de toda a cidadanía e asumiu a construción dun novo hospital. Realizouse xa por entón o proxecto arquitectónico así como o plan funcional.

Quero poñer en valor este plan funcional porque por primeira vez, coido que tamén en Galicia, foi un plan consensuado con todos os profesionais, dende celadores ata administrativos, pasando polo persoal de enfermería, médicos, colectivos cidadáns como a Federación de Veciños, sindicatos e partidos políticos. Un plan funcional no que se traballou arreo e que por fin puxo sobre o papel unha nova infraestrutura sanitaria que ía contar con 1.465 camas, o que permitía atender a toda a poboación da área. Cando digo de toda a poboación falo tamén daquela que atendía o hospital que ten un concerto singular.

Traballouse tamén moito noutras áreas, veuse que era necesario que este hospital tivese recursos de alta tecnoloxía sanitaria e que tamén fose ese centro investigador que precisábamos aquí porque xa sabemos que A Coruña é punteira en transplantes e Santiago en investigación, polo tanto necesitábamos traer algo punteiro, algo de referencia e nese plan funcional decidíamos que este hospital fose o centro de referencia oncolóxica de toda Galicia.

Este hospital ía ser evidentemente público, os cartos para o seu financiamento

estaban na SPI, Sociedade Pública de Investimentos, e no momento en que o goberno bipartito perdeu as eleccións o único que quedaba era licitalo. Pois o Partido Popular fixo co hospital que se ía facer en Vigo e que ía contentar á cidadanía de toda a área sur o mesmo que está a facer a outros niveis: tirar pola borda a aposta polo público, a aposta por esa sanidade de calidade que todos queremos como está a tirar pola borda ós servizos sociais a todos os niveis.

Atopámonos e maniféstase nos orzamentos que recentemente coñecemos, que todo o dito queda entre dúbidas e en vez de falar de financiamento público fálase de privado, de reducir as camas e de súpeto e dun plumazo desaparecen 385 camas que quedan sen definir, fálase dun modelo multi-hospital con múltiple porta de entrada cando as urxencias deben entrar por outra, desaparece esa unidade de investigación e evidentemente desaparece o que sería un gran hospital como centro de referencia para toda a área sur.

Apóstase por un modelo de financiamento privado, o famoso PFI, onde se pon o seu financiamento nas mans das construtoras, probablemente tamén dunha empresa de sanidade e ó mellor dunha caixa. Se non sabemos de que vai isto podiamos dicir que por que non, pero o que trae isto detrás é o que aconteceu hai vinte anos no Reino Unido, xa temos experiencia, é o que está a acontecer en Valencia e en Madrid porque logo somos os usuarios, toda a cidadanía quen vai pagar este tipo de financiamento.

Isto vaise pagar a través dun canon ó longo de trinta anos e atoparémonos con que os nosos netos están pagando o financiamento dun hospital que tiña que valer 370 millóns e que noa vai custar 2.500 millóns. Ademais coma ese canon sae do gasto corrente, o problema é que vai haber que reducir o gasto corrente en sanidade pública; reducir o persoal e servizos dentro da sanidade pública para ir pagando cun canon, como por exemplo estamos a pagar actualmente a Audasa a autopista, toda a sanidade pública e este hospital.

Evidentemente toda a cidadanía ten que ser consciente do que nos vai traer o Partido Popular se segue adiante con esta alternativa para o financiamento do hospital: diminución da calidade a nivel de prestacións sanitarias e endebedamento durante trinta anos polo financiamento deste hospital.

Por todo isto decidimos traer hoxe esta moción ó Pleno e o que pretendemos con ela é que o Pleno da Corporación adopte os seguintes acordos: Instar á Xunta de Galicia que o financiamento e a xestión do novo hospital de Vigo sexan totalmente público

Que se manteña o mesmo número de camas que tiña previsto o goberno bipartito para atender a toda a poboación da Área Metropolitana. Que o novo hospital estea dotado de todos os servizos mantendo o seu carácter estratéxico e a dotación prevista para a unidade de investigación. E que se manteña tamén o carácter oncolóxico que se lle destinaba ó Hospital do Meixoeiro como de referencia de todo o sur de Galicia.

A PRESIDENCIA: Para aclarar o debate, o Goberno non vai utilizar a súa quenda de intervención e por tanto faremos as quendas de intervención dos grupos. Primeiro intervirá o Grupo Socialista e logo o Grupo Popular con dez minutos cada un e rematará o grupo proponente durante cinco minutos.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Estamos a falar dun tema de vital importancia para os cidadáns de Vigo e de toda a área sur de Pontevedra. Un hospital que a súa construción, tal e como foi concibida, ven sendo o remate para poñer fin ás carencias que se viñan tendo no sector sanitario.

Debemos lembrar que cando o goberno bipartito se fixo cargo da Xunta tras dezaseis anos de goberno de Partido Popular do Sr. Fraga e do Sr. Núñez Feijoo, na nosa área sur había tremendas carencias estruturais e tamén de recursos humanos o que producía unha atención sanitaria do máis problemática e non acorde cos tempos que vivimos. Quero lembrar que a mellora desa calidade asistencial e de recursos humanos fíxose ó longo deses catro anos.

En canto á infraestrutura sanitaria na nosa cidade lembrar as novas instalacións en urxencias pediátricas, a remodelación e modernización das urxencias de adultos no Hospital Xeral con admisión única, a nova área de rehabilitación, o hospital de día oncolóxico, etc. Tamén no equipamento tecnolóxico, un equipamento que estaba obsoleto e que se puxo en marcha a súa renovación ó longo deses catro anos de goberno do Partido Socialista e do BNG, como é a nova resonancia magnética nuclear, un novo acelerador lineal con capacidade para realizar radiación guiada por imaxe, unha nova sala de hemodinámica e así a modernización das nosas estruturas. O que faltaba para ter a nosa área e á nosa cidade debidamente atendida era un hospital, ese gran hospital que nos dous últimos anos de goberno de Fraga e o Sr. Núñez Feijoo se presupostaba en 750.000 euros, que o prometían pero nunca viamos os resultados e foi o Partido Socialista e o BNG gobernando na Xunta de Galicia,

cando no ano 2007 poñen cinco millóns de euros, no 2008 sete millóns e no 2009 once con cinco millóns para este hospital.

Quero reiterar o que dicía a miña compañeira de goberno, Sra. Méndez, un hospital que logo de moitos tratamentos chegouse a un acordo entre a administración autonómica, a Confederación de Empresarios de Galicia, as organizacións sindicais de Galicia, máis o hospital privado que está a atender agora mesmo afiliados da Seguridade Social e tamén os profesionais. Un acordo institucional acadado polo actual Presidente da Xunta e o Alcalde da nosa cidade, acordo que nós esperamos que se respecte.

Que se respecte este gran hospital da área sur de Galicia porque quedou finalizado ese plan funcional, redactado o proxecto básico arquitectónico, a xestión quedou feita mediante un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e ademais previsto para que se licitara a obra e se iniciase a construción durante este ano 2009. Esperamos que isto se cumpra e que este hospital sexa público, de calidade como ven sendo todo o noso sector sanitario, o público é o que mellor resultados está a dar.

Para o Partido Socialista, para o Goberno, este gran hospital é fundamental e un referente para todo o territorio do sur da provincia e para a sociedade de Vigo. Agora toca ó Partido Popular que é quen goberna na Xunta de Galicia levalo a cabo e que aminore todas estas dificultades, deficiencias e listas de espera que temos e que sexa un hospital onde os profesionais poidan desenvolver a súa actividade con dignidade, con profesionalidade e cunha atención mellor a todos os que teñan que usar este hospital.

Estamos convencidos que este acordo institucional entre o Alcalde da nosa cidade, don Abel Caballero, e o Presidente da Xunta, Sr. Núñez Feijoo, chegará a bo fin sobre todo polo ben de todos os cidadáns de Vigo e da área sur.

Apoiamos esta moción que coidamos oportuna e que debe lembrar ó Goberno galego as súas obrigas.

SR. FIGUEROA VILA: Hai un refrán moi galego que di “tarde piaches” e iso foi o que lle pasou ó BNG e ó Partido Socialista en relación co tema do hospital.

O que non se pode é tentar culpar a todos os demais do que vostedes non fixeron e estiveron catro anos no goberno da Xunta de Galicia. Cando hai un bi-goberno se asumen as responsabilidades polas dúas partes que asinan ese compromiso e resulta que nese tempo vostedes non foron quen de executar nin un só euro dos que

presupostaron para o hospital. Vostede fala de cinco, oito e doce millóns; desas partidas executáronse cero euros. Cando vostedes perderon a Xunta de Galicia o 1 de marzo o hospital de Vigo non tiña absolutamente nada avanzado.

Pode verse aí a realidade, pode verse no vial da Universidade e mirar que non hai nin unha soa máquina, que non empezou ningún movemento de terras, que vostedes non puxeron en marcha absolutamente nada, iso que se lles deixou o traballo ben feito porque a través do Plan Xeral quedaban perfectamente definidos os terreos. Logo chegouse a un acordo coa anterior Alcaldesa para que se fixese un proxecto supramunicipal, sectorial con respecto a ese hospital e polo tanto non había nin unha soa desculpa para que o Goberno da Xunta de Galicia do bipartito non puxera en marcha o hospital de Vigo.

Foron catro anos perdidos pero iso si, en Vigo fixeron seis presentacións con maquetas, con power point, con infografías, niso vostedes son expertos, non lle cabe ningunha dúbida a ninguén de que aí si que gañaron a batalla. Pero o problema desa batalla foi que non gañaron a credibilidade nin a confianza dos cidadáns porque sabían que vostedes non estaban facendo o que tiñan que facer, poñer en marcha o hospital de Vigo.

Agora houbo un cambio de goberno que seguramente vostedes aínda a día de hoxe non entenden como a cidadanía lles puido castigar, seguramente están co remordemento de saber por que lles castigaron os cidadáns se fixeron tantas cousas por esta cidade: fixeron o hospital, a Cidade do Mar xa a teñen en marcha, o AVE xa chegou... Todos eses proxectos que vostedes tiñan en infografías e que non hai ningún en marcha. Os cidadáns son moito máis intelixentes do que podemos pensar todos os que estamos aquí, non confían en mensaxes mediáticos nin en postas en escena. Confían nas realidades, cando lles damos obras, lles damos feitos, lles resolvemos os problemas, resolvemos as demandas que presentan.

O problema do hospital é que agora un Presidente, o Sr. Feijoo e o goberno que o sustenta do Partido Popular, van resolver e poñer en marcha este proxecto. Eu dicía o outro día que o problema dos presupostos non é as cifras que aparecen, senón o compromiso e o grao de execución. Dos presupostos da Xunta para Vigo vostedes executaron só o 36% en catro anos, foron poñendo partidas tras partidas en todos os proxectos e non foron quen de executar absolutamente ningunha. Todo o que era marketing si pero a cuestión é que foron catro anos perdidos da Xunta de Galicia en Vigo con referencia ó hospital.

Sra. Méndez, non me fale vostede de privatizacións porque os maiores “chiringuitos” da Xunta de Galicia montounos o BNG: Consorcio, Sogaserso, Seaga... O Servizo de Axuda ó Fogar levábao a Cruz Vermella, actualmente o leva unha empresa que se chama Clece; en vez de serenos, o punto de calor do café o leva o Grupo Cinco que é de Madrid, o Plan de inmigración están a facer outra empresa que tamén é de Madrid. Iso en Vigo.

Con contratos feitos por don Lois Pérez Castrillo cando gobernaba esta cidade privatizaron 240 servizos no Concello de Vigo, que por certo é unha persoa á que respecto como ex-alcalde e como persoa porque sempre tivo un comportamento correcto cos grupos nesta Corporación. O Goberno do BNG nesta cidade privatizou 240 servizos neste Concello, cando queiran llo facilito ós medios de comunicación. Ata un avogado se privatizou neste Concello para facer un informe cunha asistencia técnica.

De que me fala se resulta que hai un acordo básico pola saúde asinado por todas as centrais sindicais e pola concelleira de Sanidade: D^a M^a Xosé Rubio Vidal, D. José Antonio Gómez, secretario do sindicato UXT, don Xan María Castro, secretario xeral do sindicato nacional de Comisións Obreiras de Galicia, don Antolín Alcántara da Confederación de Negociación Colectiva e Saúde Laboral do sindicato Confederación Intersindical Galega, don Antonio Fontela, presidente dos empresarios, don José Cidral, vicerreitor de Investigación da Universidade de Vigo, don José Bernardo Silveira, conselleiro delegado de Povisa. Vostedes asinan un documento público, que non se agacha a ninguén e que di: “O compromiso polo mantemento do emprego no sector sanitario da comarca de Vigo, tanto no ámbito público como no privado, que presta asistencia concertada singularmente do que poida resultar afectado polas modificacións operadas como consecuencia do proceso de construción do novo hospital universitario de Vigo, reducindo o nivel de temporalidade na relación laboral, apostando por un emprego expreso de calidade que favoreza a cohesión social”.

Falan do apoio concertado público e privado do hospital de Vigo. Pero non vou só a isto, o que tiña no caixón a concelleira anterior da Xunta é un traballo que di: “Informe sobre a definición e viabilidade do modelo xurídico para o financiamento, construción e explotación de centros hospitalarios por medio dunha sociedade mixta dende a perspectiva da desconsolidación presupostaria”.

Estou a facer un debate político e defendendo argumentos políticos, pódelles gustar máis ou menos. Evidentemente é lóxico que a alguén que defende os servizos

públicos non lle guste que lle descubran que fixo 240 privatizacións ou que non lle guste que temas tan importantes pero ó mellor menores, como pode ser a axuda no fogar, que o leve unha empresa privada. Pois se non lles gusta teñen que se aguantar.

Dicía que ese informe di: "Actividades relacionadas coa construción e explotación de novas infraestruturas sanitarias sexan asumidas por unha sociedade de economía mixta na que participa SPI Galicia, S.A., coma entidade promotora do proxecto. Resérvase a administración sanitaria galega a prestación do servizo público sanitario, isto é, que estableza unha dicotomía na explotación do hospital distinguindo a tal efecto a prestación de servizos clínicos que correspondería á administración galega e do resto dos servizos complementarios de apoio que se farían a través dunha empresa mixta con financiamento privado".

Podoo seguir a ler, este é un documento que fala da posibilidade de que se faga o financiamento mixto: público e privado. Este documento estaba na Consellería de Sanidade. Vostedes non seguiron con este proceso porque esperaban ganar as eleccións e logo facer o hospital con financiamento público e privado pero se lle racharon os esquemas, os cidadáns dixéronlles que pasaran á suplencia e que gobernase outro.

Agora a situación que temos é que hai un Presidente da Xunta de Galicia que ten un compromiso e así llo dixo ós voceiros co Alcalde diante, que un dos temas que máis lle preocupaba da cidade de Vigo era resolver a situación do hospital e da depuradora. Díxoo publicamente e non está a enganar absolutamente a ninguén, está a dicir que vai buscar financiamento público e privado e é evidente ,porque o que non se pode é tentar cargar máis débeda ás administracións porque é totalmente inviable neste intre. Quere resolver ese problema e vostedes poderán xulgalo dentro de tres anos cando poidan dicir se o Partido Popular e o Presidente Feijoo cumpriu ou non coa cidade de Vigo.

Nós temos absoluta confianza en que o presidente Feijoo vai cumprir coa cidade e neste caso concreto do que falamos hoxe, co hospital de Vigo coma unha das demandas prioritarias e necesarias para esta cidade. Coido que iso non se lle escapa a ninguén.

Neste intre loxicamente este modelo están a poñelo en práctica todos os partidos onde gobernan. Coas poucas posibilidades que ten de gobernar o BNG agora está no outro extremo; cando gobernan si, esquecen ós servizos públicos e privatizan porque

se dan conta de que son fórmulas de xestión válidas, que demandan os tempos modernos e saben que se poden levar á práctica e eles mesmos fano cando gobernan, pero cando están na oposición critican e tíranse ó monte. Como saben que en Galicia van tardar moitos anos en gobernar e xa veremos se o fan algún día, agora din que financiamento público pero aquí hai exemplos claros.

O Consorcio que era, público ou privado? Que pasaba con Sogaserro? Con Soaga e con todos os *chiringuitos* que montaron? Quere que lle dea a relación enteira? Se quere lla dou para que miren o exemplo do que eles facían.

Vostedes teñen un dobre discurso. O Alcalde vai en plan institucional, di que confía e cree no Presidente Feijoo, si pero... Iso faino o Alcalde e manda a todos os seus secuaces en ataque frontal contra a Xunta de Galicia. Non se dan conta que a Xunta de Galicia ten tres anos e medio para demostrar os proxectos que ten en marcha, poñelos en práctica e facelos realidade. Poden quedar francamente mal porque cando se empecen a mover as terras, e nós temos plena confianza no Presidente da Xunta de Galicia que sabe das necesidades que ten Vigo no sector sanitario e poñerao en marcha, este discurso rematouse. O que pasa é que vostedes agora queren introducir elementos de discordia, de confrontación coa Xunta. Pois se equivocan rotundamente e nós o que esperamos polo menos é o respecto institucional.

Mirouse co tema da depuradora que se fixo unha negociación e funcionou. A proposta que fixo a Xunta non era desatinada e ó final se aceptou. Ben para todos, para a Xunta de Galicia, para o Concello de Vigo, para os tres grupos políticos que representamos esta cidade, ben para a cidadanía e iso é o que queren os cidadáns pero vostedes non. Vostedes durante catro anos non fixeron absolutamente nada, única e exclusivamente presentacións e agora hai un goberno que pon en marcha un proxecto serio, coherente e con visos de que o financiamento se poida levar a cabo, porque senón tamén habería que cuestionar o que pretende o Sr. Blanco co AVE.

Non se dan conta de que esta forma de conseguir xestión, de conseguir recursos de fondos privados e públicos non só funciona con gobernos do Partido Popular? Non se dan conta de que están quedando desmarcados? Do Bloque xa non nos estraña pero do Partido Socialista, que o número dous do seu partido está poñendo en marcha fórmulas de xestión parecidas a esta, non coido que haxa que descualificalas. Nós pensamos que está no camiño correcto, que as persoas que tenten buscar fórmulas de xestión pública ou privada fan o correcto nunha situación de crise como a que

estamos a vivir, que non carguemos máis á administración de débedas e de déficit porque ó final o que carrexan é unha situación de paro como a que ten este país.

Esa é a nosa teoría, vostedes sigan coas súas de confrontación coa Xunta de Galicia, sigan defendendo todo o contrario do que defendían cando estaban no goberno, todo o contrario dos documentos que agora aparecen porque estaban agachados na Xunta de Galicia. Este é un documento do goberno do Partido Socialista e do BNG, encargouno a conselleira dona María José Rubio Vidal e non o fixo público porque nós sospeitamos que vostedes pensaban que as eleccións as tiñan gañadas e ían aplicar este sistema.

Se vostedes, gobernos que se din chamar de progreso, acoden ó financiamento privado será porque é necesario, non cargaríamos máis de déficit ás administracións públicas e sería progresista, pero como o fai o Partido Popular é retrógrado. Non, gracias a Deus xa non temos ese complexo, sabemos que as fórmulas de xestión que aplica o Partido Popular son as que demandan os cidadáns. O que queren os cidadáns é que lles prestemos servizos, que lle fagamos equipamento, que lles deamos dotacións, que se hai un problema sanitario na zona de Vigo se resolva. Iso é o que preocupa ós cidadáns, xa non están na cuestión de que se o financiamento é público ou privado, queren que se vaian resolvendo problemas e demandas que están presentadas. Non saben se o AVE vai recibir financiamento público ou privado, queren coller o AVE e ir a Madrid en dúas horas e media. Queren que cando vaian ó hospital lles atendan correctamente e non existan listas de espera que hai agora nin o déficit sanitario que temos na nosa área metropolitana.

Todo o que están expoñendo aquí é pura demagogia política e vostedes sábeno. Como dicía ó principio “tarde piaches” porque estiveron catro anos, non foron quen de resolver os problemas e agora resulta que queren que en cinco meses os resolva o Partido Popular. Non, xa tiveron a oportunidade de gobernar, de empezar o hospital de Vigo, de poñer en marcha o financiamento que considerasen oportuno pero non fixeron absolutamente nada.

No único en que coincido con dona Raquel Díaz é que nos presupostos non é o que figura no inicio cando se aproban, é o que figura cando se executan. Ó final o grao de execución é o que vai configurar ou non unha solución.

Imos votar en contra porque temos plena confianza en que o Presidente Feijoo vai sacar adiante esta dotación e que o Goberno da Xunta de Galicia, sustentado polo Partido Popular, nos tres anos e medio que lle quedan de goberno, vai resolver o

déficit sanitario que hai na área metropolitana de Vigo. Como temos esa confianza plena, como sabemos que se vai resolver, imos votar que non e como estaremos aquí polo menos un ano e medio máis, xa veremos se as obras están en marcha ou non. De todos os xeitos lembraremos este Pleno porque o tempo nos poñerá a cada quen no seu sitio, a vostedes e a nós.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Sr. Presidente, espero de vostede a mesma benevolencia que tivo co Sr. Figueroa en canto a tempo.

O Partido Popular pensa que co menosprezo ó BNG ou coa mentira política vai seguir obtendo os resultados que tivo o primeiro de marzo porque parece ser que nesa data lle deron bos resultados e segue exercendo exactamente o mesmo papel.

Sr. Figueroa, a Consellería de Sanidade quere xustificar con mentiras os seus plans de privatización e ese documento que ten vostede, que tanto lle gusta ensinar e que tantas veces o fixo neste Pleno, non di en ningún punto que se vaia facer con financiamento privado o hospital.

Nestes momentos toda Europa sabe, parece ser que agás o Partido Popular de Valencia e Madrid, en que comunidades deste Estado están aplicando o PFI, en Valencia e en Madrid están seguindo a práctica do financiamento privado. O Reino Unido xa non foi quen, logo do "*tacherismo*", de volver ó sistema nacional de saúde británico, non puido porque o fundiu en tal buraco que non foi quen. Irlanda, Gales e Escocia estano recuperando, viron que eran un auténtico fracaso e o único que facía era endebedar á cidadanía por anos e anos.

Son empresas privadas e isto é un canon que temos que seguir pagando un ano tras outro ata pasar trinta. Cando temos pagado o hospital multiplicamos por sete veces o custo inicial. Tamén hai que dicir que logo de trinta anos un hospital xa non da o mesmo servizo que nun principio, practicamente hai que facer outro hospital novo e todas as modificacións que hai que facer van sumando. A empresa construtora o que fai é pasar as contas e a cidadanía págaas. Iso é o que significa o financiamento privado da sanidade.

Hai que lle preguntar que lles pasa ós cidadáns de Valencia e de Madrid. Sabe de onde se detraen eses recursos cos que temos que pagar o canon? Para Madrid, efectivamente a cidadanía quere servizo pero non quere ter 0,61 cama por mil habitantes como teñen nas zonas onde están con este modelo. As zonas que non teñen privatizado este tema teñen tres camas por mil habitantes. Os propios

ciudadáns de Madrid quéixanse do desequilibrio e da falta de equidade porque hai que detraer recursos para pagar eternamente á empresa.

Vostedes comparan as autopistas coa sanidade; a sanidade e a educación son servizos públicos. Díciánlle ó Sr. Touriño que rescatase a autopista, vostedes que a meteron na privada e que non a damos pagado durante tantos anos e agora queren facer o mesmo coa sanidade, coa nosa saúde. Iso é o que está a facer o Partido Popular e o que xa fixo en Valencia e en Madrid. Multiplicaron por sete, o que valía 770 millóns vale agora mesmo 5.500 millóns.

A cidadanía quere sanidade pública, quere calidade, quéixase unha e outra vez de que nesta mesma cidade estanse prestando dous tipos de sanidade, unha por un hospital privado concertado onde teñen máis listas de espera, onde hai menos enfermeiras por doente, onde hai menos médicos. Esa é a sanidade que quere o Partido Popular, a privada, a sanidade onde non hai calidade e iso é o que queren facer con este hospital.

A cidadanía ten que saber que vostedes menten. Non queren servizo a calquera custo, iso si é demagogia, queren calidade na sanidade, que se atendan, non queren ter listas de espera máis longas. O primeiro hospital que ía ser de referencia, que ía dar calidade, que ía ter investigación, que ía ter novas tecnoloxía van transformalo nun "*hospitaliño*" que imos seguir tendo que pagar todos, con menos camas, con máis portas de urxencia, etc. Iso é o que vostedes queren traer.

Sr. Figueroa estanse arrogando todo o que anteriormente fixo o bipartito e agora din que son vostedes quen constrúen o hospital. O hospital quedou para licitar e con trescentos millóns na SPI. O que fixeron foi retirar ese diñeiro, non para os servizos públicos porque están privatizando, non son quen nin de darlles os douscentos euros ós que máis os necesitan, ós nosos maiores que hoxe almorzamos coa nova de que lle sacaban eses douscentos euros ós que menos teñen. Esa é a súa política.

En canto ó Consorcio, constituído cun 50% da Xunta de Galicia e un 50% dos Concellos, agora resulta que os Concellos son entidades privadas porque vostedes din que é un "*chiringuito*" e que é un ente privado. Que saiba a cidadanía que esta é a constitución do Consorcio. Hai que dicir que todos os alcaldes do Partido Popular subleváronse contra a dirección política que lles deu a orde de que protestaran contra o Consorcio porque este lles constrúe centros de día e galescolas sacando os cartos da Xunta, non os teñen que sacar das súas propias arcas que os necesitan para outras cousas. Estaban tan felices e agora se sublevan. Ate agora non foron

quen de pechar o Consorcio porque saben que é eficiente e trae o que ten que traer. Iso si, probablemente en vez de facer oposicións, en vez de traballar polo público o que van facer é darllo a xestionar a empresas privadas. Co Consorcio construíronse 58 novos centros de día. Gracias ó Consorcio o que se fixo foi que a Sra. Conselleira de Benestar e Traballo vai inaugurar milleiros de prazas en galescolas, en escolas infantís e en centros de día.

E con Sogaserso cinco novas residencias que están en construción. Pero agora Sogaserso desaparece porque llo van dar ás empresas privadas, hai empresas privadas interesadas en Vigo e xa anuncio agora mesmo que en Vigo non vai haber residencia porque non o vai querer o Partido Popular, vailla dar a unha empresa privada. Iso é o que está a acontecer na sanidade, nos servizos sociais e na educación co Partido Popular. O negocio para os seus amigos, para as empresas privadas.

Plan de Atención Primaria; vexo entre o público compañeiros da sanidade. O Partido Popular acábbase de cargar este plan que tantos anos vimos demandando, xa hai menos prazas, xa non se convocaron prazas nin para médicos nin para enfermeiras, volvemos ós contratos lixo, onde a un médico se lle contrata pola mañá e ráchase o contrato nove horas despois; vólvese contratar tres días máis tarde e volvese rachar o contrato. Aquí está o público que o sabe, isto é o que está a acontecer.

Xa nos anuncian que os centros de saúde van ser con financiamento privado, cando en Barcelona renunciaron non xa ó financiamento privado, senón á propia autoxestión. Isto é a sanidade que nos agarda co Partido Popular.

Dalgún xeito coido que a cidadanía ten que coñecer o que nos agarda e quero facer un chamamento porque penso que entre toda a cidadanía podemos acadar que o Partido Popular cambie de rumbo porque é necesario. Se queremos ter esa calidade nos servizos, se queremos ter ese gran hospital para Vigo polo que tantos anos levamos loitando, demostrémoslle ó Partido Popular, igual que fixemos co galego, que non pode chegar ó goberno e facer o que lle da a gana, que non se pode xogar coa saúde como está a facer en Madrid e Valencia, que nós queremos sanidade pública, hospital de xestión e financiamento público de calidade, de referencia e onde Vigo por fin estea onde ten que estar.

A PRESIDENCIA: Antes de proceder á votación quero lembrar publicamente o compromiso que adquirimos o Presidente da Xunta e máis eu neste Concello durante

a súa visita oficial, primeiro exposto diante dos voceiros dos tres grupos e máis do Alcalde e logo nunha xuntanza entre o Presidente e máis eu. Acadamos tres acordos sobre os que eu manteño a confianza de que van ser cumpridos.

En primeiro lugar que se ía licitar o gran hospital en proxecto e obra antes do primeiro de xaneiro e que nós iamos ter coñecemento do plan funcional. Confío en que efectivamente se faga así.

En segundo lugar a petición de mediación que o Presidente da Xunta me fixo para desbloquear a depuradora ante unha ausencia de financiamento da Xunta de Galicia e neste intre é público e notorio que iso marcha por un magnífico camiño.

En terceiro lugar que ía haber área metropolitana e esperamos que se produza a visita dos representantes do Goberno de Galicia para tratar destas cuestións.

Aquí non hai dobre mensaxe, hai unha posición clara e singularmente na parte que me competía coma Alcalde de Vigo que é acadar un sistema que permita financiar 110 millóns de euros da parte da depuradora que tiña que pagar a Xunta de Galicia, reitero que marcha por tan bo camiño que confío que se asine o acordo de forma inmediata.

Os outros dous tamén confío que se cumpra a senda trazada conxuntamente por todos neste Concello para ben da cidade.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, relativa ó financiamento e xestión pública do novo hospital de Vigo, co texto que se contén nos antecedentes deste acordo.

12.-(209).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOLICITANDO INSTAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA A RETIRADA DA CIRCULAR 5/2009 QUE REGULA AS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PROFESORADO DAS EOIS.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 16 de outubro de 2009, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. López Atrio, presenta para o seu tratamento polo Pleno a seguinte moción:

“A Consellería de Educación e ordenación Universitaria, a través da súa Dirección Xeral de Educación, emitiu no mes de xullo a circular 5/2009, norma coa que pretende regular, sen negociación previa, as condicións de traballo do profesorado das EOIs. Esta circular constitúe o maior golpe ás EOIs de Galicia na súa historia e, lonxe de pretender unha mellora no servizo, constitúe un empeoramento con respecto á anterior norma e responde á intención de aforrar custos de persoal no ensino público.

Con esta circular non só perde o profesorado das EOIs, perde toda a comunidade educativa das EOIs e todo o potencial alumnado. As consecuencias inmediatas da implantación desta norma son, entre outras:

- Perda do servizo que ofrecen as EOIs
- Privatización do ensino de idiomas
- Desaparición do modelo de formación propio das EEOOI
- Perda dun sistema singular na aprendizaxe das lingas.

Ante a situación descrita, o Grupo municipal do Partido Socialista presenta, para seren aprobados polo Pleno Municipal, os seguintes acordos.

Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para que retire a circular 5/2009 por non estar negociada, porque implica un retroceso significativo na calidade do ensino dos idiomas e empeora as condicións de traballo do profesorado.

Instar á consellería de Educación da Xunta de Galicia para que escoite ós equipos directivos das EOIs e ós sindicatos, se informe axeitadamente da realidade educativa e consensúe con eles o funcionamento das Escolas.”

A Comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria de data 19 de outubro de 2009, ditaminou favorablemente a presente moción.

DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da súa dirección xeral de Educación, emitiu o 7 de xullo a circular 5/2009 que dá instrucións sobre o procedemento de admisión, matrícula e organización

académica anulando as instrucións de matrícula recibidas o 2 de xullo. Esta circular pretende regular sen negociación previa as condicións de traballo do profesorado das EOIs e afecta ós postos de traballo do 30% do profesorado.

Esta circular, que é copia de outra emitida pola Comunidade de Madrid, constitúe o maior golpe na historia das escolas de idiomas de Galicia e lonxe de pretender unha mellora no servizo, constitúe un empeoramento con respecto á anterior norma, responde á intención de aforrar custos de persoal no ensino público así como a privatizar os servizos. Volvemos ó canto da privatización en educación, sanidade e sabe Deus cantas cousas máis.

Con esta circular non só perde o profesorado das escolas oficiais de idiomas, perde toda a comunidade educativa e o potencial alumnado que poida querer asistir ás escolas. As consecuencias inmediatas da implantación desta norma son: perda do servizo que ofrecen as escolas oficiais de idiomas. A redución da oferta nas horas de máis demanda fará que a xente adulta, traballadora e estudantes maiores e menores de idade, non poidan optar a este tipo de ensino.

Redución dos grupos de alumnado das franxas horarias de maior demanda; supresión de postos de traballo; privatización do ensino de idiomas, ó non contar cun bo servizo moito alumnado verase obrigado a asistir ó ensino privado para completar os seus estudos; desaparición do modelo de formación propio das escolas oficiais de idiomas ó reduciren ou mesmo desapareceren as clases complementarias de reforzo de destreza, hoxe máis necesarias que nunca para se adaptar ó perfil do posto de traballo e reducir a diversificación curricular ofertada nas EOIs, como son cursos monográficos, inglés audiovisual, linguaxe administrativo de nivel medio-superior, programas e cursos Celga, cursos de formación do profesorado en colaboración cos centros de formación. Vese minguada en gran medida a calidade do ensino de idiomas.

Perda dun sistema singular na aprendizaxe de linguas. As EOIs son unha institución pública de ensino de idiomas única na Unión Europea onde este tipo de ensino está nas mans das institucións privadas en xeral. Só na República Checa existe algo similar. Préstase deste xeito un servizo sen ánimo de lucro.

Amplía os horarios do persoal nos centros docentes de secundaria que albergan as seccións das escolas oficiais de idiomas que terán que abrir dende ás 15 ás 22 horas para poder dar clases.

As denuncias das directoras e directores das escolas oficiais de idiomas, logo de se

entrevistar o día 17 de xullo de 2009 co director xeral de Educación para expresarlle as consecuencias desta circular, manifestan que a receptividade ás argumentacións das direccións foi nula, sen amosar a máis mínima intención de achegamento ó diálogo. A súa postura foi inamovible na defensa da aplicación da circular.

O horario de todo o profesorado é de 18 horas lectivas, máis cinco de permanencia obrigatoria no centro máis sete horas á disposición do centro para outras actividades presenciais fixas. Permítense o luxo de dicir que o profesorado traballa só trece horas cando o seu horario como o de calquera dos demais profesores é de 37,5 horas semanais, nin máis nin menos. O horario do profesorado é facilmente comprobable no documento de organización do centro e ademais hai que o enviar á inspección e á delegación para a súa aprobación.

A circular do ano 2004 vixente ata o 7 de xullo, negociada previamente na mesa sectorial de educación e consensuada cos centros, implantouse polo goberno do PP anterior ó goberno Socialista e do BNG, polo tanto calquera cambio normativo que afecte ás condicións laborais do profesorado necesariamente ten que pasar pola mesa sectorial. O goberno do PP anterior ó actual si fixo unha negociación nesa mesa e a circular 10/2004 era a que estaba en vigor e respondía correctamente ás necesidades.

O día 7 de xullo rachan por primeira vez a traxectoria da consellería de polo menos falar coa xente, non se lles informou previamente, non pasou a circular pola mesa sectorial, actúase sen o máis mínimo respecto ó profesorado, ás direccións das EOIs e ás organizacións sindicais porque non contaron que elas para nada.

Por todo isto denunciámos a actitude anti-dialogante da Consellería de Educación e do seu titular, non só pola ilegalidade e a inoportunidade da circular, senón pola difamación e o desprestixio ó que se ve sometido o colectivo do profesorado das EOIs ante a opinión pública. Dinse mentiras, falsidades e preténdese facer crer á opinión pública de que o profesorado non traballa todo o que debe. Pódese constatar que esta actitude prepotente e impositiva que ten a Consellería é de antes do mes de xullo e continúa.

Temos un comezo de curso con moitos problemas, os alumnos matriculados na EOI de Vigo son 6.920. Destes seis mil, 700 alumnos non poden ser admitidos nos horarios da tarde, teñen horarios ficticios por parte da Consellería porque pretende que a xente vaia pola mañá cando, por razóns de traballo e de clases, non poden asistir. Hai catro ou cinco alumnos nos horarios de mañá. Se non teñen alumnos fan

como suxestión unha proposta de monográficos para bombeiros, taxistas e enfermeiras. Supoño que pensan que non traballan pola mañá.

Malestar do profesorado polo enfrontamento coa administración, ese malestar que provoca que a xente non teña ganas de traballar, que sexa terrible porque hai un enfrontamento continuo e unha presión constante dos inspectores dentro das escolas oficiais de idioma. Os inspectores están ás ordes da administración e van premer para que obedezan, se sometan e non saian na prensa dicindo o que pasa. Ademais neste ano hai quince profesores menos na Escola Oficial de Idiomas. Desaparecen os outros monográficos que tiñan, un co Consorcio Audiovisual de Galicia, desaparece o ensino *on line*, desaparecen os obradoiros nos que eran atendidos 500 alumnos para practicar a linguaxe oral e escrita e a comprensión oral e escrita segundo as súas necesidades e teñen como complemento 2.000 sinaturas do alumnado pedindo a retirada da circular 5/2009.

Ante esta situación o Grupo Municipal do Partido Socialista presenta para ser aprobados polo Pleno municipal os seguintes acordos: Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para que retire a circular 5/2009 por non estar negociada, porque implica un retroceso significativo na calidade do ensino dos idiomas e empeora as condicións de traballo do profesorado. Instar á consellería de Educación da Xunta de Galicia para que escoite ós equipos directivos das EOI e ós sindicatos, se informe axeitadamente da realidade educativa e consensúe con eles o funcionamento das Escolas públicas, servizo público.

Do único que temos constancia e coñecemento é do desprestixio e estrago do ensino público; do ensino concertado ou privado non temos ningunha queixa.

A PRESIDENCIA: A efectos de debate tampouco haberá intervención do Goberno e por tanto haberá unha intervención de grupos de dez minutos do BNG e do Grupo Popular e contestará o grupo propoñente.

SR. LÓPEZ CARREIRA: O BNG quere explicar cal é a postura que defendemos con respecto a este conflito, un de tantos orixinado pola política absolutamente autoritaria e de desprestixio do ensino público que o Partido Popular está a levar adiante dende que governa na Xunta de Galicia, comezando polo conflito lingüístico que xerou o PP e o papel do galego no ensino, pasando pola supresión do sistema de gratuidade universal de libros de texto, pola redución do profesorado de pedagogía e

terapéutica e dedución linguaxe, polo aumento da ratio nos agrupamentos, mesmo coa modificación do sistema de pagamento nos comedores escolares e agora con este conflito da escola Oficial de Idiomas. A verdade é que é todo un *récord* de conflitividade en tan só seis meses de goberno, moi difícil facelo peor.

Hai que ter moita temperanza para escoitar con tranquilidade intervencións como a que hoxe fixo o Partido Popular no primeiro punto da orde do día, na resposta que se lle fixo á presidenta da Asociación Asnaix. Hai que ter moita temperanza para escoitar que o Partido Popular se erixe como defensor do ensino público e da protección social. Sinceramente, se esta é a forma que vostedes teñen de defender o ensino público pídolles que o deixen de defender porque nos vai ir moito mellor.

Hoxe estamos a falar dun novo conflito, un novo golpe ó ensino público e o intento de privatización da ensinanza de idiomas. Con nocturnidade, o 7 de xullo, aproveitando que o curso escolar rematou nas escolas de idiomas, a Consellería de Educación a través da Dirección Xeral de Educación emitiu a circular 5/2009, norma coa que pretende regular sen negociación con ninguén a ordenación das escolas de idiomas e as condicións de traballo do seu profesorado.

Eu quixera reincidir nun punto do que xa falou a Sra. López Atrio porque me parece que non se pode defender a postura do partido Popular coas falsidades coas que o fai e paréceme de absoluta ruindade dicir que o profesorado da Escola de Idiomas traballa trece horas e media cada semana. Coido que hai que aclarar este tema.

O profesorado da Escola de Idiomas imparte docencia a tres grupos o que fai un total de quince períodos lectivos semanais. A isto hai que lle engadir tres clases máis complementarias que son as clases presenciais nas que se traballan as destrezas lingüísticas, máis cinco sesións entre titorías, coordinacións e gardas o que xa fai unha xornada de 23 horas semanais que ademais, tal e como regula a Lei do 1 de setembro de 1987, estas xornadas complementáanse con sete horas non fixas que están a disposición das necesidades do centro e outras sete horas e media de preparación de clases e de corrección de exames, completando así unha xornada de 37 horas e media semanais, exactamente igual que calquera outro profesor ou profesora de ensino non universitario.

O máis grave para min non é que con esta circular se modifiquen as condicións de traballo do profesorado, que tamén o é, pero finalmente os profesores e profesoras debemos estar ó servizo do interese social. Para min o máis grave é que con esta modificación un ensino que nace no ano 73 para que os traballadores e traballadoras

poidan ampliar a súa formación, ve reducida drasticamente a oferta e a calidade do mesmo porque a redución da oferta na franxa horaria de máis demanda vai facer que a xente adulta traballadora non pode optar a ese tipo de ensino. Ademais ó aumentar as horas de docencia do profesorado de tres a catro grupos redúcense e mesmo nalgún caso desaparecen as clases complementarias e a diversificación curricular. Aquí estamos a falar dos cursos monográficos, do programa PALE, dos cursos Celga ou dos cursos do CEFORE, mingando deste xeito en gran medida a calidade do ensino de idiomas.

O Partido Popular que tanto acusou ó anterior goberno da Xunta de non negociar, saca agora esta circular non só non negociándoa coa oposición, senón non negociando nin cos sindicatos e nin tan sequera escoitando ós profesionais das escolas oficiais de idiomas. Ademais con esta circular tira abaixo outra circular si negociada e aprobada no anterior goberno e non falo do goberno do bipartito, falo do goberno anterior goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia no ano 2004. Refírome á circular 10/2004 cando vostedes nese momento si estaban gobernando. O Partido Popular, que entrou coma elefante en cacharreira, co seu afán de dismantelar remata por dismantelar tamén ata o que el mesmo puxo en marcha.

No BNG entendemos como fundamental manter a calidade das escolas oficiais de idiomas, uns centros públicos cunha titulación de recoñecido prestixio e que ademais ofertan un sistema pioneiro na Europa Comunitaria onde tristemente este tipo de ensino está en mans privadas como a vostedes lles gustaría.

Evidentemente para o Partido Popular todo o que poidamos dicir non é nada relevante, o importante para eles é a difamación do profesorado das escolas de idiomas en particular e o desprestixio do ensino público en xeral.

Vou rematar cunhas declaracións que a Sra. Piñeiro Martínez, deputada do Partido Popular no Parlamento de Galicia, fixo o martes 13 de outubro contestando a unha proposición non de lei sobre este tema que fixo o Bloque Nacionalista Galego. A Sra. Piñeiro soltou perlas como "...Esta é unha circular innegociable..." xa deixa claro que é imposible calquera tipo de consenso ou que "...o profesorado de idiomas supón un dispendio para a administración pública". Coido que é suficiente para saber da súa postura.

SRA. LARRIBA LEIRA: Para comezar a miña intervención quero manifestar que o PP vai demostrar o seu interese polo ensino con feitos e non con dialéctica porque o Partido

Popular ten moi claro que iso é o que están a demandar os cidadáns e para iso é preciso tomar medidas.

O Partido Popular ten moi claro que o ensino de idiomas constitúe unha das prioridades en materia educativa. A Xunta de Galicia ven traballando dende o principio da lexislatura por potenciar, racionalizar e optimizar o ensino de linguas estranxeiras na nosa comunidade. As escolas oficiais de idiomas constitúen unha ferramenta básica do sistema de ensino para facer chegar ós cidadáns o coñecemento e manexo dos idiomas. Para iso traballa con rigor, con sentido común e coa perspectiva de mellora neste eido que hoxe nos ocupa.

Para iso a Consellería de Educación a tan cacarexada circular 5/2009 ás escolas de idiomas de Galicia. Pero unha vez máis o oportunismo político dos grupos que hoxe se sentan nas bancadas da oposición no Parlamento de Galicia fundamentalmente é carente de responsabilidade. A Xunta de Galicia entendeu que a reestruturación era necesaria e urxente co fin de mellorar a organización do sistema e de aproveitar e optimizar os recursos públicos.

Como digo o conflito xerado en torno a este tema é de índole fundamentalmente político e o seu miolo está precisamente no que se ten falado aquí, nas horas de clase que deben impartir os profesores.

O horario de adicación ás actividades lectivas do profesorado das escolas de idiomas establécese na orde do 1 de setembro de 1987 e é de 18 horas semanais. Este horario non o inventa o conselleiro de Educación, nin o decide arbitrariamente o director xeral; está marcado e recoñecido nesta orde, sabémolo todos. Vostedes non queren cumprir a legalidade vixente?

Ata este curso cada profesor impartía á semana clases a tres grupos, resultando un total de 13,5 horas semanais e debía completar o seu horario con tres períodos lectivos complementarios. O número de grupos destas actividades de reforzo é moi pequeno e o número de alumnos decrecía ata desaparecer en moitos casos. Hai que ter en conta tamén que estas actividades se ofertaban en horarios sobrantes que case sempre eran incompatibles para os alumnos.

Quen pode chamar a iso “optimización de recursos”? Isto soa máis ben a dispendio nun momento de crise económica e de elevado número de parados en España, nada menos que o 18% da poboación activa, o dobre da media europea. Como cren que van entender que vostedes presenten esta moción os 25.500 parados que temos en Vigo?

Outra novidade da circular que molesta moito á oposición é que os cargos directivos das escolas de idiomas teñan que dar máis clases ou nalgúns casos teñan que dar algunha clase, xa que hai escolas nas que o seus cargos directivos non impartían nin unha soa hora de clase á semana, feito que recoñeceron nalgunha nota de prensa que se publicou.

É preciso indicar que a estrutura organizativa que se establece na circular correspóndese coa que a maioría das comunidades autónomas teñen para as súas escolas oficiais de idiomas. Dende o Grupo do Partido Popular non cremos necesaria a retirada desta circular xa que cremos que achega melloras organizativas nas escolas oficiais de idiomas que vou citar brevemente.

Coa adaptación do horario dos profesores ó que dita a Lei vanse poder atender ata 6.200 alumnos máis. Así mesmo os profesores das EOIs coñecerán dende o primeiro día de clase o número de alumnos ós que impartirán docencia, sendo este un aspecto organizativo moi importante para o aproveitamento do curso. Aumenta a oferta dos grupos ordinarios nos distintos idiomas, aumenta a matrícula nos cursos ordinarios, prevese o aumento de matrícula en cursos especializados, en particular na oferta para formación de profesorado.

En canto ás negociacións da circular coa Mesa Sectorial, como xa explicou o director xeral de Educación, FP e Innovación Educativa na comisión de Educación, dado que a circular 5/2009 só modifica aspectos organizativos, nalgúns casos de adaptación á legalidade vixente, non se veu a necesidade de reunir á esa Mesa Sectorial pero vostedes mesmos na súa exposición acaban de nos lembrar que o director xeral reuniuse cos representantes das EOIs no mesmo mes de xullo.

Para rematar, a Consellería de Educación está polo labor de potenciar as ensinanzas de idiomas. En tempos de crise non sobra ninguén e moito menos sobran os profesores que son peza clave para a optimización dos recursos educativos. Co profesorado que se di vai sobrar nesta reestruturación horaria vaise diversificar a oferta de ensino de idiomas atendendo a alumnos que o precisen e abrindo a oferta á sociedade, atendendo á demanda na formación en competencias lingüísticas de colectivos que así o requiran, comerciais, turísticos, hostaleiros, sanitarios, administrativos, etc.

O Partido Popular lamenta profundamente que, ó igual que está a ocorrer noutras áreas do sistema educativo, as EOIs estean a ser instrumentalizadas politicamente, prexudicando fundamentalmente ó alumnado, polo que apelamos á responsabilidade

dos grupos da oposición para que non politicen as decisións que se toman de acordo coa legalidade vixente, para un correcto funcionamento do curso.

SRA. LÓPEZ ATRIO: A verdade é que estou a escoitar cousas terribles. Tendo en conta o meu coñecemento do ensino público, perdoen porque diga isto, estráñame que sexan vostedes quen de dicir tales cousas por non dicir barbaridades.

Está claro que a circular saíu da Consellería nunha data en que nin estaba o profesorado nin o alumnado para que puidesen responder a ela, o 7 de xullo. Non houbo negociación con ela. Cando un non coñece o mundo no que legisla, é terrible porque pode meter a pata ata o fondo tantas veces como palabras escribe.

Como é posible que se diga ó público que estes profesores das escolas de idiomas non traballan as 18 horas? Ou é que vostedes consideran que os talleres de atención para traballar a lingua oral e escrita con alumnos non son horas lectivas? É que non distinguen o que é lectivo do non lectivo? Se están alumnos son lectivas, gústelles ou non.

Como se pode pretender que un taller onde se vai a reforzar estea un número de alumnado imposible de atender? As aulas das EOIs en xeral pero concretamente na de Vigo a 37 alumnos. Como é posible que vostedes aínda queira solicitar máis atención para o alumnado? Eses 6.200 alumnos que vostedes din terían que ir pola mañá e a xente non vai pola mañá aínda que vostedes queiran. É imposible tratar de facer no ensino divisións, sumas e restas e así solucionar os problemas. Non é así. As necesidades, as características da xente son individuais, non se lle pode pedir a un traballador que vaia a clases pola mañá porque hai unha circular que así o dispón. Teñen vostedes que se aguantar.

O que hai claramente é un ataque ó ensino público que non se lembra en Galicia. Estas palabras foron ditas mesmo polo propio Conselleiro, coido que non se decata de nada. Ademais estanlle a facer un fraco favor porque en seis meses non se viu desastre maior nunha consellería, excepto ó mellor que lle pode competir a de Sanidade pero dende logo a de Educación está totalmente esnaquizada.

É de tal calibre a súa responsabilidade que o Sr. López Carreira dicía coma elefante en cacharreira; perdoen que me atreva a dicir como manada de elefantes nunha cacharreira. E terrorífico, non podemos levar peores impresións no ensino público.

Teñen vostedes adicados mil millóns de euros ó ensino concertado e veñen pedir explicacións de como están representados. Máis representación que teñen na

consellería é imposible. A defensa absoluta do ensino privado, con eles é cos que fan os concertos economicamente bos. Acaban de volver con tres millóns de euros para os centros de ensino segregado.

Non sei como poden falar de que aumentan a ofertan; non é así, diminúe porque quitan profesorado. Como é posible que digan que saben a matrícula se teñen que examinar en setembro, teñen que empezar as clases o 19 de setembro e aínda non remataron de examinar, como poden saber o alumnado que teñen?

En canto ó oportunismo resístome e sinto rexeitar de xeito total e máis alá da tranquilidade que me digan que no ensino se fan movementos ou utilizacións políticas; nada máis lonxe da política agás se queren dicir a defensa do ensino concertado, non hai máis. O ensino público ten a obriga do atender a Consellería de Educación, é o seu primeiro deber; non o é rexeitalo todo, estragalo todo, reducir o profesorado, reducir as condicións de boa calidade do ensino. Vostedes pretenden facer dano á calidade do ensino público.

Reclamamos que atenderan ós centros públicos na súa construción que leva corenta anos con necesidades que non se atenderon. Como é posible que digan que isto é cuestión política? Non teñen a máis mínima consideración no que din, teñen valor para todo. Síntoo moito pero non estou en absoluto de acordo con vostedes.

Teñen problemas coa creación, reforma e ampliación dos centros, cos comedores escolares. Esta mañá foron quen de defender algo sabendo que a consellería non da un can para a ampliación de comedores escolares e é a súa obriga. Non me fagan que lles explique que eses 150.000 euros para comedores escolares.

A PRESIDENCIA: Sra. López Atrio, céntrese no tema da moción, por favor.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Como se pode defender que se fale de profesorado ou de escolas que sexan trilingües cando non se defende a posibilidade de que o profesorado poida perfeccionarse no idioma correspondente nas escolas de idiomas. Non é posible pedirlle ó profesorado que abandone as clases e vaia á escola de idiomas para se perfeccionar. Hai cantidades de cousas estrañas que non se poden permitir. Reducen o número de formación de profesores nos centros de formación de profesorado, reducen as cantidades, o presuposto de educación baixa nunha cantidade tal coma un 20% na maioría das cousas, non pensen que non é certo porque vin os presupostos de educación e é terrible o que nos espera con vostedes.

O ensino público está totalmente perdido con vostedes e aínda se atreven a dicir que non teñen representación no Consello Escolar Municipal. Isto é vergoñento. Sinto estar tan enfadada e rematar deste xeito pero non se pode dicir que unha circular é innegociable. Non hai nada que non se poida negociar, é a obriga da administración falar coas persoas que saben e coñecen porque lles aseguro que coñecendo como coñezo a consellería, parece que non hai ninguén que saia do ensino. De onde veñen que se menten na consellería de Educación a facer leis, circulares e demais, non teñen nin idea.

Sabemos da necesidade de mellorar a formación das persoas para garantir o futuro pero todo o mundo promove recortes económicos na educación e na formación do profesorado. Espimos un santo para vestir outro. Atendemos con cartos públicos ás demandas dos centros privados e desatendemos as necesidades dos centros públicos que son responsabilidade directa da Xunta de Galicia. Non é para cargar o traballo ó Concello correspondente, non, as súas responsabilidades son de seu, non do Concello.

Todos falan da importancia da educación pero consideran que é cara, preséntase como gasto pero non coma investimento de futuro. Falan de gasto e non é así, é investimento en futuro.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. López Atrio, relativa á retirada da circular 5/2009 que regula as condicións de traballo do profesorado dos EOIs, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (210).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO INSTAR DO MINISTERIO DE FOMENTO O ARRANXO DO PAVIMENTO DO VIAL “VG20”.
DOC. 90106029.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo de 2009, número 90106029, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“Desgraciadamente, Vigo presenta unha gran taxa de sinestralidade nas súas estradas e rúas, ás veces producida por excesos de velocidade ou por outros erros humanos, pero son moitas as ocasións nas que o estado no que se atopan ditas estradas é o culpable de que se produzan un número considerable de accidentes.

O vial “vg20” que une o recinto portuario en Bouzas con Citröen, a zona de praias e o polígono de Navia é unha das estradas máis transitadas da cidade, non só por vehículos particulares, senón tamén por outros de grandes dimensións que transportan automóviles dende Citröen ata o porto de Bouzas.

Por outra anda o período estival incrementa considerablemente o tránsito xa que é o acceso que elixen moitos vigueses para acudir ás praias da cidade.

A consecuencia dese importante tránsito prodúcese un importante deterioro do pavimento que, non só provoca danos nos vehículos que habitualmente circulan polo vial, senón que poñen en perigo a integridade física dos seus condutores en especial os dos ciclomotores.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da corporación que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Ministerio de fomento, titular do vial “vg20”, para que de xeito urxente arranxe o pavimento do mencionado vial.”

A Comisión Informativa de Servizos Xerais, na súa sesión ordinaria do 19 de outubro de 2009, ditaminou favorablemente a presente moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Esta moción chega fóra de contexto na orde do día porque estaba pensada para mediados de xullo e pola orde do día imposta que eu coido que é intrinsecamente perversa, chega fóra de prazo.

Coido que non é necesario que se vote pero nos alegamos unha vez máis de que gracias a unha iniciativa do Grupo do Partido Popular e das alternativas que se

S. Ordinaria 26.10.09

presentan, estea xa solucionado o problema da VG-20, fundamentalmente no tramo da ponte. Como saben é un vial que da saída ó grupo de automoción dos máis importantes de Europa coma é PSA Citroën, así como a toda a zona sur e Coia e PAU de Navia que enlaza coa rúa Beiramar cara as praias.

De todos os xeitos coido que se podería ter feito un esforzo maior porque vostedes teñen presuposto, o Ministerio de Fomento tamén, coido que teñen moitos cartos e podería terse arranxado doutro xeito, non con parches. Coido que dentro de pouco volverá ter problemas e que o correcto, cando un vial desas características é emblemático para a cidade pola cantidade de condutores que o usan, tanto tráfico pesado como particular, hai que facer un maior esforzo. Parcheáronse as zonas que estaban moi mal e coido que coas chuvias e o tránsito rodado dentro de pouco tempo atoparémonos con máis ou con similares problemas.

De todos os xeitos alegrámonos de que estea solucionado na gravidade que tiña, por iso digo que a moción chega a destempo.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: É certo que a moción presentada polo Partido Popular ten data do 17 de xullo, alá eles e a súa responsabilidade de non retirar aquelas mocións que xa non teñen actualidade como moi clamorosamente é esta. Posiblemente se a tiveran retirada poderían debaterse outras mocións do Partido Popular con máis actualidade.

O problema é que vostedes en efecto fan esa petición o 15 de xullo pero é que o 17 do mesmo mes, gracias á iniciativa portentosa do Partido Popular de Vigo, en dous días, no Boletín Oficial do Estado aparece a adxudicación das melloras na seguridade dos túneles da Área Metropolitana de Vigo, Isaac Peral, Bouzas e Valladares por un importe total de 239.134 euros.

Son vostedes maravillosos, en dous días conseguen que o Ministerio de Fomento adxudique unhas obras. Felicítóos. Obviamente dánse vostedes de conta que é preocupación deste Goberno e do Ministerio de Fomento que eses túneles e esas importantes infraestruturas estean e boas condicións e por iso se traballa.

Esa adxudicación o que fixo foi bastante máis que un asfaltado que, por certo, está en perfectas condicións, senón que tocou moitos outros temas relativos á seguridade que lle podería enunciar un por un, pero resumindo melloráronse as beirarrúas, a saída de emerxencia, a ventilación, a sinalización e instalación eléctrica, etc. Non o quero atordar con estas solucións non só para o túnel de Bouzas, senón tamén para

os túneles de Isaac Peral e de Valladares.

A verdade é que nós temos tantas ganas de votar a favor das súas mocións que os grupos do BNG e máis do Partido Socialista tiñan a proposta de votar a favor ata que durante a sesión de hoxe pensei que sería ridículo porque a aprobación dunha moción implicaría que instáramos ó Ministerio de Fomento a facer o que vostede di cando obviamente xa está feito.

Por iso agradézolle que retire esta moción pero non quero rematar, xa que nos da a oportunidade de falar neste caso do asfaltado aínda que esa actuación foi moito máis alá, sen felicitar á miña compañeira a Sra. Abelairas porque o que é certo é que estou a vivir nunha cidade dende o punto de vista de condutor dun vehículo, absolutamente diferente á cidade que tiñamos hai uns anos: non hai fochas nesta cidade e non o vendemos o suficientemente ben. Digo o de vender porque a vostedes gústalles ese tema.

Non me resisto a contar unha pequena anécdota precisamente porque é obvio, agás nas zonas de obras porque supoño que non pretenderán que onde están as rúas levantadas non haxa fochas. Un compañeiro da Universidade o outro día comentoume que me escoitara dicir pola radio que agora non hai fochas e díxome que tiña toda a razón pero que había un no nó de Isaac Peral; díxenlle que ese mesmo día iría velo. Cheguei ó nó de Isaac Peral e xa non había focha, estaba resulto. Invítolles a que paseen polas rúas da cidade e vexan que non só no túnel de Bouzas, senón en toda a cidade non hai fochas.

SR. COELLO BUFILL: O que fixo o Ministerio de Fomento é unha chapuza e vostede ven aquí poñerse medallas. Hai que dicir ó Sr. Blanco que veña velo, eu invitaríao.

Vostede dixo que se fixeron moitas máis cousas. Entendo eu que o que saíu no BOE era para o arranxo do pavimento. Pois podían telo empregado en arranxar realmente o pavimento e ó mellor ter feito máis cousas porque quedaron a metade do camiño e realmente a obra non é para presumir como fai vostede.

En canto á oportunidade política, se vostedes nos poñen entre a espada e a parede en canto á orde do día, nós temos esa iniciativa política que temos que manter porque nos votaron moitos vigueses e por iso deste lado hai dúas bancadas da mesma cor. Non gobernamos porque vostedes loxicamente teñen os seus pactos e iso hai que aceptalo en democracia pero o sistema que se impuxo é intrinsecamente perverso, é maquiavélico, é malo, non dá oportunidades á democracia.

Eu teño iniciativas, outras propoñenmas os cidadáns e vostede foi detrás de min cando se propuxeron semáforos por exemplo ós poucos días na rúa Taboada Leal e na rúa Mestre Mateo cando se fixo a reordenación de A Laxe. Isto quero dicir que se a nós nos coartan democraticamente as iniciativas que poidamos ter iso non é a democracia. Estamos aquí porque queremos defender as nosas propostas e facémolo con maior ou menor capacidade, de acordo co estilo de cada concelleiro en particular. Que lle quede claro que mentres eu estea aquí non vou retirar ningunha moción da miña iniciativa porque creo na democracia e por iso estou obrigado a presentalas e defendelas porque a democracia é que vostede e máis eu discutamos dialecticamente e ese é o seu éxito, que vostede e máis eu nos batamos aquí a través da palabra. Iso estúdase nas aulas. Houbo magníficas intervencións e iso hai que respectalo, Sr. Calviño.

Nós cremos na democracia e coido que vostede tamén debe facelo aínda que o poño en dúbida. Xa lle dixen ó Sr. Alcalde que non habería necesidade da votar pero me alegrei de que unha iniciativa saíra aínda que fose ás vinte e catro horas no BOE. Vostede cre que eu teño vía directa co Ministerio de Fomento para saber cando o van publicar? Ninguén mo dixu, nesa época eu transito moito por alí e vin esa necesidade porque salgo á rúa e quero a esta cidade.

Benvido sexa pero non nos imos pregar a todo o que vostede diga. Fíxoo ben, Sr. Calviño, pero lle invito a que teña un pouco máis de humildade. Agora que xa ten todo o tempo libre para o adicar a esta institución, que é a máis honrosa que hai na cidade de Vigo e respecto ó resto das institucións, poderá dar máis solucións.

Aquí estamos en democracia e a palabra é que poidamos discutir vostede a máis eu é o éxito que temos os países libres, quen nos educamos en liberdade e en valores que ó mellor vostedes tiñan doutras épocas e nós témolos porque temos conviccións moi profundas.

Gracias por me escoitar.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Sobre o tema da moción non o quero aburrir con todas as cousas que en efecto se fixeron con esta adxudicación dous días despois. Obviamente xa había un proceso para facer esas obras que pode que vostede non soubera pero dende logo que si sabíamos dende o Goberno porque se está facendo unha actuación moi importante cara á seguridade en todos os túneles que teñen que ver coa nosa cidade, ademais nunha situación que vai supoñer un salto indubidable

de calidade nesos túneles.

Sei que vostede ten que arranxar algo e ten que dicir que se podería facer un esforzo maior en pavimentación. Felicítoo, eu teño constatación por parte das empresas de loxística e de transporte que máis utilizan esa vía e dixeron que está moi ben; o único problema que houbo nestas obras foi que se puxo o gálibo un pouco por debaixo o que impedía pasar a algúns camións de Citroën, resolveuse e está encantados.

Eu tamén sempre quero o mellor, o que pasa é que é unha vía que tampouco é fácil tela tres ou catro días pechada. Obviamente a obra tería que ser pola noite.

Respecto ó seu concepto da democracia estou encantado de que vostedes presenten todas as mocións que queiran, ánimoo a que presente moitas máis porque é cando realmente se pode falar por parte deste goberno do que estamos a facer. O único que lle pido é que teñan un pouco de sentido común; se hai unha que pasa totalmente de sentido, mesmo polo seu propio ben a poden anular, dicir na Xunta de Voceiros que unha non conta e pasar a outra.

Non nos poden dar vostedes leccións de democracia cando temos a santa decisión de estar aquí ata a hora que faga falta os días de Pleno e saben que somos o Concello de toda España que lle adicamos máis tempo a atender ás mocións da oposición. Niso mesmo podemos estar orgullosos; ás veces molestos porque en ocasións como nesta realmente é un pouco de perda de tempo xa que felizmente este tema estaba resolto.

Sr. Coello, en efecto ánimoolle a que presenten moitas máis mocións porque de verdade que gozo con este exercizo da democracia explicándolle a vostedes, que parece que non están polas rúas, o que se está a facer por parte deste goberno. É unha oportunidade marabillosa e ánimoilles a que poñan moitas máis mocións, concretamente na miña área porque me encanta.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño non nos imos poñer de acordo; vostede ten un estilo e eu teño o meu e témonos que respectar. Aquí se dixo en moitas ocasións que traían vostedes o Regulamento, estamos esperando por el para que teña funcionalidade este Pleno e vostedes non o traen. Póñanse de acordo para o facer.

Sr. Calviño, sobre mediados de outubro cando empezaban as obras dixo vostede de xeito alegre que deixáramos o coche en casa; foi o consello que deu vostede a todos os vigueses e viguesas. Pois eu a miña moción presenteina, asineina e deféndoa ata as súas últimas consecuencias, non deixo a moción na casa, non a deixo nunha

carpeta porque teño dignidade política e persoal para poder defendela.

O concelleiro Sr. Coello Bufill retira a súa moción non sendo sometida a votación.

14.-(211).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A ELABORACIÓN URXENTE DUN PLAN PARA A REDUCCIÓN DA SINISTRALIDADE NAS RÚAS DA NOSA CIDADE. DOC. 90106032.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo de 2009, número 90106032, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“Nos últimos días atopámonos cun informe da Policía Local que sinala que durante o pasado mes de xuño se produciron 227 sinistros nas rúas de Vigo, o que supón un incremento do 11,8% en relación ao mesmo mes do ano 2008.

Por outra banda 18 persoas foron atropeladas nas rúas da cidade incrementándose tamén o número respecto ó mesmo mes do ano pasado.

A conclusión destes datos nos leva a un total dun falecido, 11 feridos graves e 191 leves.

Lonxe de buscar solucións de cara a solventar estes nefastos datos, o Sr. Calviño confórmase con que a cifra de sinistros sexa de 200 nun só mes, cualificando este dato producido en xuño de 2008 de “moi bo”, e ademais se escuda nas obras que se están levando a cabo na cidade, polo Goberno do que el forma parte, para eludir a súa responsabilidade.

O Grupo Municipal do Partido Popular denunciámos a incompetencia, que cada día nos mostra o concelleiro de Seguridade, Sr. Calviño, para poder levar a bo fin as súas obrigas.

Por todo o exposto, instamos ao Pleno da Corporación para que adopte o seguinte acordo:

Que de xeito urxente se elabore un plan rigoroso e consensuado con todos os grupos políticos para levar a cabo medidas que se traduzan nunha redución da sinistralidade nas rúas da nosa cidade”.

A Comisión informativa de Mobilidade, na súa sesión de data 20 de xullo de 2009, ditaminou favorablemente a presente moción.

S. Ordinaria 26.10.09

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Por un informe da Policía Local coñecemos a mediados do mes de xuño que se produciron aproximadamente uns 227 sinistros no casco urbano de Vigo o que supoñía un incremento de 11,8% sobre o exercizo do ano anterior neses mesmos meses. Ademais 18 persoas foron atropeladas e tamén se incrementaron os atropelos.

A conclusión en definitiva é que nesas datas nos daba un falecido, once feridos graves e 191 feridos leves. Estes datos foron cualificados polo concelleiro de Tráfico de moi bos, cousa que non entendo porque hai un incremento que o salienta un informe policial pero seguro que mo vai explicar agora. Este incremento tamén o achacaba ás obra e coido que iso é temerario dende o punto de vista da responsabilidade porque os sindicatos están representados, estou convencido de que a Sra. Abelairas pon o máximo celo para que todo se faga correctamente e achacalo ás obras coido que dende un punto de vista teórico non é correcto.

A seguridade, como xa vostede mencionou antes, é importante na nosa cidade e por iso lle insto a que nos sentemos todos os grupos, discutamos e que se elabore un plan de tráfico que mellore a seguridade nas nosas rúas e que poidamos ver unha redución importante de sinistros nos informes que nos pasa a Policía Local.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Imos ver pormenorizadamente o contido da súa moción na exposición de motivos para ver se logro que vostede entenda as melloras impresionantes que se están acadando na seguridade vial nesta cidade e para ver se cos mesmos números que vostede pon enriba da mesa lle amoso que nunca tivemos datos tan bos en seguridade vial nesta cidade.

Vostede colle o mes de xuño e fala de 227 sinistros que en efecto supuxeron respecto ó mesmo mes do ano anterior un incremento do 11,8% aínda que hai un erro, é un incremento dun 13,5 ó seu favor, un incremento aínda maior de accidentes ese mes. Pero non se lle ocorre por exemplo coller un mes próximo e se ve os meses próximos a xuño verá por exemplo en xullo que hai 201 accidentes fronte a 296 o ano anterior, unha redución do 32,1% nos accidentes doutro mes por iso invítolle a que cando queira facer unha análise dese tipo se refira a períodos máis longos nos que obviamente teríamos maior oportunidade de sacar conclusións interesantes.

En canto ás 18 persoas que foron atropeladas, é certo que foron dúas máis nese mes de xuño que o ano anterior; pero é que no mes anterior hai 21 vítimas de atropelos no ano 2008 e só 16 no ano 2009. Póño coma exemplo de que non é válido coller un

mes illado, en todo caso refirámonos a períodos un pouco máis amplos.

O número de sinistros nese ano foron 227, non 200 como pon vostede na moción e como eu teño todos os datos podo dicir que ese número de accidentes no mes de xuño son datos francamente bos. Vostede tamén os ten porque os dá a Policía todos os meses. Supuxeron un descenso dun 37,1% no número de accidentes respecto do seu mellor ano de goberno e se quere lle digo que en xuño do ano 2005 foron 371, en 2006 foron 361, en 2007 foron 310 e en 2008 foron 200. O ano pasado foi extraordinario comparativamente que é como se fala desta cousas, non se pode falar en abstracto. En efecto houbo ese pequeno aumento de pasar a 227 neste mes, non no ano, no que aspiramos a mellorar as cifras do ano pasado.

Teña vostede claro que cando se fai unha análise deste tipo é absolutamente falso ou polo menos con certa falta de información. Perdoe, non quero ser duro pero teño o meu estilo, dígoo porque estou a escoitar permanentemente nas súas roldas de prensa cousas como esta: “Chama incompetente ó concelleiro de Seguridade Sr. Calviño”. Neste Pleno é máis suave pero nas roldas de prensa chámame incompetente permanentemente. Tiven que escoitar minucias varias na súa rolda de prensa de hai dous días. Eu non lle vou responder porque son auténticas minucias, non quero utilizar outra palabra máis forte.

Pero aquí, na moción chámame incompetente. Respecto a que? Respecto a quen? Porque lle podo sacar as cifras globais e gustaríame que por unha vez, porque non se pode xogar co tema da sinestralidade e da seguridade vial, que as cifras se collan como son, están aí, son datos obxectivos, reais.

Imos falar dun ano porque un mes non vale e o número total de accidentes no mellor ano do PP, o ano 2004, foron 3.932; no ano 2008 foron 2.960 e aspiramos que o 2009 sexa ou pouco mellor aínda que o temos difícil porque foi un ano moi bo. Unha diminución dun 24,7% do número de accidentes nesta cidade. Pero o que é aínda máis importante é que a gravidade deses accidentes no mellor ano do PP, gobernando vostede no ano 2004, debía ser porque quedaban os efectos da miña xestión incompetente dos seis meses que me deixaron vostedes porque logo fixeron a moción que todos sabemos, o número de mortos foi de 12; no 2008 seis, unha diminución dun 50%.

En canto ós atropelos no ano 2004 gobernando o PP o número total foi de 249; no ano 2008 foron 240. Efectivamente en atropelos non melloramos moito, só un 3,6%. Pero quen sabe destas cousas sabe que unha mellora dun 3,6% é impresionante en

temas de seguridade vial e aquí estamos con melloras do 24,7%, do 50%.

O número de mortos no mellor ano do PP foi de catro; no ano 2008, que é o último do que temos datos finais, un morto; un 75% de mellora. Estes son os datos obxectivos e reais, comparando as mesmas cifras.

Estou convencido de que ó mellor é que vostedes non coñecen o que estamos a facer por iso me gusta que presenten estas mocións porque así lles podo expoñer o noso traballo, só a prol da seguridade porque hai moitas máis cousas.

Xa non lle falo das instalacións *semaforizadas* porque xa llo comentei no Pleno anterior e non quero ser pesado, pero en todo caso nos dous anos que levamos puxemos case o dobre que vostedes en todo o seu goberno. Temos trece pasos resaltados e 26 en fase de contratación ou estudo fronte un paso que puxo vostede en Fragoso que, por certo, saía cada mes nos periódicos. En canto a bandas redutoras de velocidade puxemos 130 para mellorar a seguridade fronte as cero bandas no seu período de goberno. A mellora da visibilidade dos semáforos coa substitución das lámpadas por *leds* fíxose practicamente en toda a cidade, coido que aínda queda algún illado, fronte ós poucos que puxo vostede na praza de América e que tamén saíu nos periódicos case cada tres meses porque non tiñan outra xestión que ofrecer. Toda a cidade fronte a un cruzamento.

Vintecatro rúas novas con sentidos únicos acordados cos veciños, nova iluminación específica en pasos de peóns nas zonas que se están a humanizar. E sobre todo as medidas de deseño, isto é o que quero poñer enriba da mesa, o salto impresionante que se está a dar nesta cidade coas humanizacións, esta remodelación total de toda a cidade, non só do centro, as medidas de deseño nas zonas humanizadas, con beirarrúas moi amplas e cruzamentos máis cursos e seguros.

Para que o entenda mellor, como lle chaman popularmente “as orellas” que poñemos nos cruzamentos, ese resalte das beirarrúas precisamente para que non aparquen coches; din que quitamos aparcadoiros, naturalmente, quitámoslos por seguridade, temos que impedir que se aparque nos cruzamentos. Esas “orellas” fan que os cruzamentos sexan moito máis curtos e moito máis seguros.

Pretenden acadar a mellor e máis segura circulación dos peóns e isto vai moi ven con iso de que eu recomendei que deixaran o coche. Vostede esquécese que o xeito de mobilidade, a circulación que máis utilizan os vigueses é andar a pé, é a fundamental. Se vostede quere dareille os números dos que se moven dun sitio a outro a pé na cidade.

Remato e neste caso concreto só quería dicir onde está a incompetencia, se nese lado das bancadas ou neste outro.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño o tema dos *leds* dos semáforos está no contrato de mantemento, non se poña medallas, vostede sabe que no contrato figura ir progresivamente cambiando todas as lámpadas. Non nos deu tempo a desenvolvelo e vostede si o tivo.

Gustaríame saber onde están todas as lámpadas que se retiraron porque non sei se iso ten un custo ou non. Maxino que terán algunha utilidade. Se se reciclaron ou non e ó mellor tivese sido mellor ir máis lentamente dun xeito progresivo, non cambialas todas de súpeto porque ó mellor iso custa moitos cartos.

En canto ó de deixar de camiñar, coido que é moi saudable andar, fágao vostede, eu tamén o fago. Debe ser tan saudable que do autobús baixaron máis de 300.000 usuarios no que vai de exercizo, díxoo o director xeral de Vitrasa nunha rolda de prensa que deu.

Eu referinme en concreto ó mes de xuño e dalgún xeito vostede o tivo que xustificar porque saíu na prensa e dixo "...Admite que as obras inciden no aumento do 11% de accidentes de tráfico". Non o dixen eu, foi vostede. É un titular dun periódico que se edita en Vigo e di "Calviño admite que as obras inciden no aumento do 11% en accidentes de tráfico".

En canto á competencia ou non competencia son cualificativos que se fan dende o punto de vista da xestión exclusivamente. Dígoo e mantéño en canto a que vostede non ten liderado político no departamento que dirixe e que carece de autoridade política para o dirixir. Esa é a miña apreciación persoal sobre o tema. Non se escandalice se se utilizan eses termos porque en política, agás insultar ó adversario cousa que eu non fixen nunca nin farei xamais, son termos que se utilizan no referente á xestión e non o quite vostede de contexto.

Si me vou referir a cando vostede estaba na oposición que veu aquí con determinados argumentos en canto a un concurso que foi un dos mellores que se fixo neste Concello e que eu teño a honradez do sacar cando hai que facelo: o concurso do mobiliario urbano. Vostede deixou moitas sombras en moitos escritos que hai aquí, sen embargo o Sr. Alcalde dixo nalgunha comparecencia que eu oín: "Son as mellores marquesiñas que pode ter unha cidade". Evidentemente se refería a un premio Príncipe de Asturias coma era Norman Foster e que se elixiu porque era a

mellor oferta que tiñamos e que agora vostedes poden xestionar, con 44 millóns e coa reversión, cando vostede defendía todo o contrario. Non defendía a reversión e defendía outros intereses. Nós si que defendemos uns intereses claros porque era a mellor oferta que tivemos naquel intre. Non se poña tantas medallas porque é así.

Eu non lle chamei a vostede incompetente, díxenlle que a súa xestión é incompetente, cousa que é moi distinta. Esa é a realidade, dígollo porque os pacientes de POVISA teñen que sortear as obras, os obreiros teñen que tirar das cadeiras, os usuarios de Vitrasa están atrapados no centro, perderon as frecuencias. “Cadeas de atoamentos nun centro sen coches”, “Que veña o Alcalde e dirixa o tráfico”, “O centro entre a desorde e o caos”, “Miúdo calvario”, “A *gymkana* imposible”, “Comerciantes do centro urxen ó Concello compensacións económicas polas obras”, “Os comerciantes critican a falta de previsión do Concello perante as obras”, “O Concello prevé limitar entre Colón e o Paseo de Alfonso o transporte público e aparcadoiros”.

Estes sons os titulares da prensa do seu ano de xestión. Eu non os escribo. Vostede ven sempre aquí poñéndose medallas. Se tivese un mínimo de humildade pero non o ten e iso é grave nunha persoa que ata agora foi docente.

O Sr. Alcalde na última intervención que tivo vostede con Vitrasa no IFEVI tívolve que desautorizar. É posible que vostede non o informara pero retirou os autobuses porque era unha competencia desleal ós taxistas e vostede tivo que agachar as orellas porque o Alcalde dixo dende o primeiro momento que se retiraban os autobuses de Vitrasa.

Como niso, todo, en todos os temas que vostede tocou e dos que leva a xestión, as multas, os taxis, a XER, etc., creou conflitividade. Será o seu estilo ou o seu xeito de gobernar. Iso está nas hemerotecas e por iso lle dixen que vostede é incompetente en canto á xestión. Se lle chamara a vostede incompetente retiraría as palabras pero eu referíama á súa labor de dirección política.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Unha pequena cousa á marxe do discurso xeral: o mobiliario urbano. Aquí hai moita xente que ten memoria e hai moitos medios de comunicación que saben perfectamente que o que eu defendín dende a oposición foi precisamente que non se lle puxeran impedimentos á empresa que presentou as marquesiñas de Norman Foster. Vostedes dedicáronse a poñer todo tipo de impedimentos para que esa empresa fixera esa proposta. Vexa as hemerotecas.

Confirmando totalmente porque así o defendín sempre, que son unhas extraordinarias marquesiñas, dunha gran calidade e que nos primeiros meses deste goberno logramos impedir que non fose aceiro pintado como vostede asinou á empresa concesionaria nos últimos días do seu goberno, senón que todas elas fosen de aceiro inoxidable.

Isto paréceme un tema menor, non contou vostede máis que anécdotas e eu quixera referirme ás cousas realmente importantes e quedoume atrás o tema das obras.

Cando alguén quere botarlle a culpa ás obras nesta cidade pode facelo, é moi fácil. Claro que recoñezo que algún accidente poida ser por unha obra e asegúrolle que iso é o que eu dixen sobre eses accidentes no mes de xuño que é o que vostede vai referencia. Agora si lle podo dar as cifras e os accidentes dese mes de xuño igual que os accidentes en xeral, por causa das obras foron dous, mentres que 51 foron por distracción, 18 por velocidade inadecuada excesiva, 18 por cambio de carril en tramo recto, etc. Pero no resumo final o primeiro motivo é infracción á norma, o segundo é distracción, o terceiro cambio de carril e o das obras queda moi lonxe. Iso foi o que eu dixen naquel intre claramente, o que pasa é que se alguén quere poñer un titular botándolle a culpa ás obras dende logo lle podo asegurar que eu non fixen ese titular e téñolle escoitado dicir a moitos de vós en ocasións cousas dese estilo.

Logo falou de cousas concretas e como sempre está moi mal informado. O custo dos *leds*, que outra cousa é a man de obra relativa a ese cambio, é cero porque é por un convenio co Ministerio de Medio Ambiente. Por suposto non se preocupe que todo o que sexa reciclable vai selo.

Vostede tamén fala da diminución do autobús. Vólvolle dicir que se informe o máis posible. Se en Vigo nese primeiro semestre hai esa diminución dun tres e pico por cento, que por certo en meses posteriores hai un aumento pero como lle dixen hai que esperar a todo o ano, se revisa as cifras oficiais da diminución en todas as cidades de España verá que no resto desas cidades a diminución é dun 50% maior.

O máis dramático do asunto é que seguro que vostede e máis eu queremos o mesmo, maior seguridade vial. Vostede di que non se está a facer nada, na última rolda de prensa dixo algo así como que "...pola inoperancia, a improvisación, as présas e en todo momento pola ausencia de estudos técnicos, etc." Nin inoperancia, nin improvisación, nin présas, nin falta de estudos técnicos, o que pasa é que non damos a suficiente información, niso coincido con vostede, pero por exemplo todas as asociacións de veciños saben que está xa realizado un estudo de mobilidade en

Vigo, o Plan de Mobilidade recentemente rematado, faltan unhas pequenas cousas. Un Plan de Mobilidade faise cada dez ou doce anos nun Concello. Pois isto está a facelo esta concellería con “falta de dirección política”, como vostede di. Non sei como se arranxa para disfrazar os insultos e que para min é unha hora porque está a dicir iso estou seguro que está a pensar o contrario, acusarame de falta de humildade pero é algo semellante co que fan vostedes co Alcalde permanentemente, falan da súas fantasías, etc. Atácano porque están vendo que está a transformar a cidade, conseguindo un peso político para a cidade de Vigo impresionante e a última mostra está aí, esta fin de semana. Esa é unha pero está o auditorio, o AVE, na depuradora consegue que o Ministerio lle regale adiantado á Xunta de Galicia tres veces máis do que a propia Xunta vai investir este ano na cidade de Vigo. Iso faíno porque ten peso político e está a poñer a Vigo no seu sitio.

Por iso cando atacan ó Alcalde ou ó concelleiro de Tráfico estou seguro de que están pensando xusto o contrario, fano porque saben que está facendo unha xestión extraordinaria.

Estamos a piques de rematar o estudo do transporte e os veciños saben que en canto estea rematado vou ir por todas as asociacións para discutir absolutamente todos os temas e mellorar a mobilidade. Neste Plan tamén hai medidas de seguridade vial e mellorar o transporte.

Por último, como coincido con vostede en que non é malo que exista por escrito un plan que marque a estratexia xeral do Concello para a prevención de accidentes e atropelos, plan que xa existe como o demostra n as cousas que estamos a facer que son máis que as que se fan na gran maioría dos Concellos, mesmo os que nominalmente teñen tal plano, pero como lle dixen coincido en que é bo e precisamente nos vai salienta o que xa estamos a facer, propoño un texto alternativo á resolución que presenta vostede na moción: Que se elabore un plan de seguridade vial que amplíe a afonde máis nas medidas que nese eido está a tomar o goberno municipal co obxecto de reducir a sinistralidade nas rúas da nosa cidade.

SR. COELLO BUFILL: En canto a este estudo, se eu non chego dar esa rolda de prensa vostede non traía o informe. Eu sabía que existía ese estudo pero o tiña vostede no caixón. Por que non o trouxo ou o publicou? Agora resulta que cando eu sei que existe ese estudo e me preguntan todas as asociacións por el, eu teño que dicilo porque sei que hai tempo que vostede o tiña. O normal é que chegue ás mans da

oposición, de todas asociacións e de todas as partes implicadas.

Lémbrolle a bola de neve de Vitrasa, quería que cobráramos dez céntimos ós pensionistas, ás rendas máis baixas e que nós, cunha política progresista, puidemos incrementar a esas persoas que se subiran ó autobús gratuitamente e vostede viña aquí todos os meses repetindo o da bola de neve. A bola pillouno a vostede en medio porque, onde están os dez céntimos? Quería que o Partido Popular *afurricara* poñendo dez céntimos ás persoas pero non o imos facer Sr. Calviño. O autobús segue sendo mellor porque é verde e é mellor pero a bola de neve segue medrando e gracias porque esperamos que os usuarios se segan metendo no autobús. Vostede sabe que é moi difícil recuperar os hábitos que se perden. Cando a xente baixa do autobús é moi difícil de recuperar.

No contorno de Povisa van ter que facer moitas modificacións na humanización. Eu dinlle dúas ideas en canto á circulación; en Gran Vía segue pintado o carril bus, vostede quitouno, vaia forma de favorecer o transporte público. A xente non o utiliza porque é unha incongruencia e hai moita xente que non o sabe.

Nunha cidade na que vostede goberna, con 300.000 habitantes, en dous anos non hai un novo contrato en canto á sinalización, á pintura, vostede non sacou un novo concurso. É tan difícil? Esa empresa, que por certo é unha boa empresa, está desesperada porque vai a golpe de teléfono. Vostede cre que é legal que todas as sinalizacións de pintura que se están facendo nesta cidade se contraten por teléfono? Ó mellor é máis barato pero dubído.

Si lle digo que gracias a que aquí non *afurricamos*, no tema do mobiliario urbano se conseguiron 44 millóns que lle virán moi ben á Sra. Díaz, a maiores anuais coa reversión e vostede diso non quería saber nada. É certo e está en todas as comisións e o BNG foi testemuña da súa estratexia, ía dinamitar aquela comisión e foi a mesma contrata que tiñamos porque ofertou ó límite porque aquí se lle apertou, porque traballábamos no interese da cidade, no ben común. O día de mañá estas marquesiñas que vostede cambiou e puxo o *chirimbo* de aceiro, viñeron directamente de Milán feitas por Norman Foster. Aí xa non sei que din os técnicos pero estaba no concurso e tal como saíu o concurso así se levaron a cabo, as mellores marquesiñas.

Con todos os respectos votamos a nosa moción.

Emenda de substitución formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Calviño

Rodríguez, por escrito de data 26 de outubro.

Que se elabora un plan de seguridade vial que amplíe e afonde nas medidas que nese eido está a tomar o Goberno municipal co obxecto de reducir a sinestralidade nas rúas da nosa cidade.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

A probar a emenda formulada polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Calviño Rodríguez, co texto que se transcribe anteriormente.

VISTO O ANTERIOR ACÓRDASE: Elaborar un plan de seguridade vial que amplíe e afonde nas medidas que nese eido está a tomar o Goberno municipal co obxecto de reducir a sinestralidade nas rúas da nosa cidade

Prodúcese unha petición de explicación de voto polo Sr. López-Chaves Castro do partido Popular.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Non hai lugar a explicación de voto porque houbo debate. Hai un cambio de criterio promovido pola pregunta do Sr. López-Chaves no Pleno anterior e por un informe redactado pola Secretaria de acordo coa súa pregunta.

15.-(213).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A UTILIZACIÓN DO SINAL "CONCELLO DE VIGO" NAS COMUNICACIÓNS, PUBLICIDADE E ACTOS. DOC. 90106037.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo de 2009, número 90106037, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“Este Goberno Municipal ven usando de xeito cotián dúas marcas distintas na publicidade e nas propias actuacións do goberno, tendo por un lado o logo de “Alcaldía” e por outro o de “Tenencia de Alcaldía.

Preocúpanos dende o Partido Popular a clara repercusión económica que ten a división do uso dos dous sinais de identidade do Goberno Municipal e a renuncia á marca “Concello de Vigo” que consideramos a mais axeitada nas actuacións do Concello.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Instamos ó Goberno Municipal a fin de que a partires deste acordo plenario o goberno utilice nas súas comunicacións, publicidades e actos o sinal “Concello de Vigo” e, en consecuencia, deixe de diferenciarse a Alcaldía e Tenencia de Alcaldía como si foran dúas marcas distintas dentro do Concello de Vigo.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de xullo de 2009, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Traemos esta moción ó Pleno coa que queremos devolver en primeiro lugar un pouco de sentido común e en segundo lugar un pouco de claridade á cidadanía que está un pouco confundida. Parece que neste Concello existan, como de feito así é, dous medios gobernos como xa temos afirmado pero a cidadanía está confundida.

Cando ven a este Concello non sabe a quen se ten que dirixir, hai letreiros nos que pon Alcaldía, outros nos que pon Tenencia de Alcaldía e iso non nos parece razoable. Entendemos que as actuacións deben ser do Concello de Vigo e polo tanto debe ser este o logo que figure en todas as actuacións deixando de diferenciar a Alcaldía da Tenencia de Alcalde.

De aí que instemos ó goberno que a partir deste momento o goberno utilice nas súas comunicacións, publicidades e actos o sinal “Concello de Vigo” e, en consecuencia, deixe de diferenciarse a Alcaldía e Tenencia de Alcaldía como se foran dúas marcas distintas dentro do Concello de Vigo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A verdade é que neste Pleno se faloron de temas realmente moi importantes para a cidadanía, falouse de ensino público, de sanidade pública, temas sen lugar a dúbidas transcendentales para a calidade de vida e para a mellora dos vigueses e viguesas.

Eu teño que empezar dicindo que esta moción indica ben ás claras que este goberno está funcionando e traballando ben por non dicir moi ben, imos deixalo en ben porque como dicía o Sr. Coello imos ser humildes. Se os problemas que ten esta cidadanía e que trae aquí a oposición que é quen debería representar eses intereses que non están ben atendidos e polo tanto instar ó goberno municipal a que o faga, se este é un problema serio e importante para o partido Popular iso quere dicir que o labor deste goberno é bo.

As actuacións son do Concello, debe ser que os únicos que non viven, non conviven ou non traballan nesta casa son vostedes. Os cidadáns teñen moi claro onde teñen que ir, é de sentido común, dígoos con todos os respectos pero os cidadáns teñen bastante máis sentido común que vostedes porque non hai ningún problema. Como ocorre na Xunta de Galicia, como ocorre na Deputación, os cidadáns saben perfectamente que hai áreas que teñen unhas competencias e hai outras que teñen outras.

Se vostede ademais se lese a Lei de grandes cidades, da que é certo que hai cuestións que aínda nos faltan por aplicar, vería como dentro dun Concello os temas agrúpanse dentro de grandes áreas. E se lesen tamén o decreto de competencias, o pacto de goberno e demais, verían que hoxe a Tenencia da Alcaldía representa a unha grande área deste goberno que engloba as áreas onde os concelleiros e concelleiras do BNG teñen as súas responsabilidades.

Por iso e non por outra cousa naquelas áreas e naquelas concellerías que son responsabilidade de concelleiros e concelleiras do BNG, coma eu actúo como coordinador desas áreas, aparece Tenencia de Alcaldía. Exactamente o mesmo pasa na outra grande área que é a que coordina e representa a Alcaldía. Por iso tamén naquelas cuestións onde hai responsabilidades dos concelleiros e concelleiras do Partido Socialista, coma o seu coordinador ademais de selo do goberno éo tamén desa área, aparece posto Alcaldía.

De verdade que eu non atopei en todo Vigo a ningún cidadán que me formulara algún problema por esta cuestión, non digo que vostedes non os atoparan.

Pasa exactamente igual cando aparece Xunta de Galicia, aparece Presidencia,

Industria, Vicepresidencia e ninguén pon ningún tipo de problema por iso. Non representa ningún tipo de duplicidade de gasto porque vale o mesmo colocar un logo de Tenencia de Alcaldía, que de Alcaldía, que de Concellería de Comercio ou Industria ou calquera outro.

De verdade non entendo que este sexa hoxe por hoxe un problema pero lle vou dicir máis. Aquí non hai medios gobernos, iso é o que vostedes quixeron transmitir á cidadanía dende o primeiro día en que este goberno se puxo a funcionar. Non hai un goberno do BNG nin un goberno do PSOE; hai un único goberno. Iso si, rexentado e xestionado por dúas formas políticas e por iso os que non cremos na uniformidade, nin na de ideas nin na política como cren vostedes, cremos que os cidadáns teñen todo o dereito do mundo a pedir contas do que facemos cada quen.

Presentámonos a unhas eleccións con dúas forzas políticas distintas, con ofertas electorais distintas que fomos quen de xuntar porque esta cidade pediu un goberno maioritariamente de progreso e nacionalista. Esta cidade maioritariamente dixo que o Partido Popular non tiña que gobernar, igual que dixo na Xunta que nós non tiñamos que seguir gobernando e aceptámolo tranquilamente. Por iso o que nós fixemos foi xuntar dous discursos distintos, dúas mensaxes electorais distintas para traballar en común no que consideráramos mellor para esta cidade.

Ese é o gran respecto que dende o BNG e dende o Partido Socialista lle temos ós cidadáns. Non queremos enganalos, saben perfectamente que aquí hai dúas forzas políticas que defendemos o mesmo pacto de goberno e que nalgúns temas que non teñen que ver con ese pacto de goberno mesmo podemos ter diferencias, pero ningunha diferenza cando se trata de traballar polo goberno desta cidade porque para iso asinamos ese pacto de goberno.

Aquí antes o Sr. Figueroa dixo algo que amosa a falta de respecto que se lle ten á cidadanía e á democracia. Dixo textualmente "...ademais xa sabemos que o BNG vai tardar anos e anos en gobernar..." Iso é faltarlle ó respecto ós votantes; afortunadamente o BNG gobernará sempre e cando os cidadáns desta cidade queiran que o fagamos e deixará de gobernar cando os cidadáns desta cidade queiran que o deixemos. Esa é a diferenza e o respecto á vontade dos vigueses e viguesas e por iso, como nós estamos en democracia e estamos gobernando para render contas ós vigueses e viguesas, queremos que saiban que hai un goberno que fai cousas e que saiban tamén que esas dúas formacións políticas que nos presentamos diferenciadas nas eleccións unha parte fai unhas cousas e a outra fai outras, pero evidentemente

dende un único nexa común.

De aí que non vexa para nada os problemas que vostedes presentan de se nas áreas dun determinado tipo pon Tenencia de Alcaldía ou pon Alcaldía porque o que vostedes non din na moción é que tanto que poñan unha cousa ou a outra logo sempre poñen Concello de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Con esta moción estamos perante o enésimo intento do Partido Popular por desacreditar a este goberno, outra confirmación de que ese Partido ó que vostedes representan non aceptou o resultado electoral de maio de 2007 e a súa perda da Alcaldía. Falaba antes o Sr. Coello de ser demócrata; demócrata non se é só con afirmalo un de si mesmo. Demócrata ése cando se acepta o resultado das urnas e o que pode derivar del.

Na cidade de Vigo, como xa dixo o Tenente de Alcalde, os cidadáns por maioría absoluta decidiron que o Partido Popular non gobernase. O PP non aceptou o veredicto da vontade democrática dos vigueses dende o primeiro día, non aceptou a conformación dun goberno produto dun pacto político que representaba á maioría absoluta dos vigueses e non aceptou ese pacto político que é público, transparente e concreto. O peor para vostedes, concelleiros do Partido Popular, é que é un pacto que se cumpre, cumpriuse dende o primeiro momento e está beneficiando ós vigueses. É un pacto que é o mellor exemplo do que é o pacto entre Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego en Galicia, podería afirmar que de calquera concello de Galicia pero ten moito máis mérito cando é nunha cidade como Vigo, a cidade con maior representación de Galicia.

Sobre aceptación de resultados electorais evidentemente hai diferencias entre o Partido Popular e o Partido Socialista. Vostedes son malos perdedores cando perden as eleccións, aceptan os resultados electorais só cando gañan. O Sr. Aznar tivo moi mal perder, o Sr. Rajoy tamén, non digamos xa nada da derrota da Sra. Aguirre nas primeiras eleccións.

Dende o primeiro Pleno desta Corporación, Sr. Conde, trataron de desunir e desacreditar a este goberno, demostraron a súa incoherencia primeiro dicindo que nesta cidade había dous alcaldes e logo tiveron que abandonar esa teoría. A continuación, dependendo de quen interveña, se o fai o Sr. López-Chaves ou o Sr. Figueroa, un axeónllase ante o outro ou ó contrario e a todo isto os cidadáns de Vigo sorprendéndose da súa incoherencia.

Sr. Conde, no Concello de Vigo non hai dúas marcas distintas. O que hai, tendo en conta que o Alcalde foi elixido por maioría absoluta, é unha estrutura na que hai quince concellerías e unha tenencia de alcaldía. Esa é a estrutura que ten este goberno na que está o Alcalde, o primeiro que ten que ser elixido e en base á elección dese Alcalde hai unhas competencias delegadas polo Alcalde en cada un dos concelleiros. Cada quen ten a súa denominación, ten a súa legalidade e o peor para vostedes é que cada concellería, incluída a Tenencia de alcaldía, ten un enorme capital de xestión política, de realizacións por e para os cidadáns.

Cando vostede fala de comunicacións, de publicidade onde aparece Alcaldía, Tenencia de Alcaldía ou calquera das concellerías, o que hai detrás diso son realizacións que son as que realmente molestan ó Partido Popular, que aínda está por ser a primeira vez que neste Pleno recoñeza os acertos deste goberno.

Dígolle ó revés: non temos por que renunciar á especificación nin de Alcaldía, nin de Tenencia de Alcaldía, nin de calquera das concellerías, son legais e correspóndense coa estrutura deste goberno. Vostede insiste moito porque este xogo e esta argumentación deulles moi bos resultados a nivel da Xunta de Galicia pero aquí, aínda dous anos despois, están por conseguir que este goberno pareza desunido. Como xa dixó antes o Tenente de Alcalde é un goberno unido cun proxecto en torno a quen o pilota que é o Alcalde.

Sr. Conde, é unha afirmación certamente desafortunada porque este goberno dignificou ó Concello de Vigo. Cando os cidadáns ven Alcaldía, Tenencia de Alcaldía ou calquera das concellerías, o que senten é orgullo polas realizacións que se están a levar a cabo dende cada unha das concellerías.

Non se preocupe, Sr. Conde, porque a diferenza de vostedes, dende o Partido Socialista non facemos un aproveitamento da marca das institucións. Xa demostramos en cada unha das nosas actuacións que o respecto institucional é a nosa máxima. Dado que a vostede calquera cousa que lle pareza unha marca ou denominación lle pode parecer unha distinción, ogallá a marca Vicepresidencia da Deputación Provincial ou Deputación Provincial tivese realizacións para esta cidade. Dado que se refiren a actos ou a publicidade, ogallá nalgún momento a Deputación Provincial atendese convenientemente a esta cidade e nos atopásemos con que a marca "Presidencia da Deputación" ou "Vicepresidencia da Deputación" que ten o Sr. Figueroa, puideran dar en primeiro lugar o que lle corresponde a esta cidade, en segundo lugar o que o Presidente da Deputación se comprometeu co Alcalde e en

terceiro lugar o que é xusto.

Máis que orientar a súa mirada a este goberno e querer establecer diferencias, o que debería é mirar para a súa formación política, seguro que a cidade llo recoñecería como vostedes hoxe deberían recoñecer a este goberno.

Imos votar en contra da súa moción polo conxunto de falsidades e inexactitudes que ten no seu texto como o que di da "...clara repercusión económica". Que repercusión ten, Sr. Conde? Xa dixen que cando hai un anuncio ou unha comunicación é porque este goberno fixo algo. Anúnciase, publícase, comunícase por aquela área do goberno que a fixo polo que non ten ningunha repercusión, cunha particularidade Sr. Conde: que nós cando facemos publicidade ou comunicacións non as utilizamos en favor persoal e en ningunha figuran fotografías das persoas que compoñemos este goberno. Sinxelamente se remiten ó realizado.

Como dixen cando empecei a miña intervención, coido que esta moción demostra o fracaso do Partido Popular por tentar converter a este goberno nun goberno desunido. Dous anos despois este goberno está tan unido coma o primeiro día e ós únicos que lles pesa é a vostedes, non ós cidadáns, eu non oí a ninguén na cidade preocupado porque un logo dunha concellería, da Tenencia de Alcaldía ou da Alcaldía figure naquilo que realizamos. Realmente ós únicos que lles importa é a vostedes pola non aceptación dos resultados.

SR. CONDE GIL: Vou empezar poñendo un exemplo. Levamos dúas fins de semana que o Sr. Alcalde e máis eu coincidimos nun festival de bandas de música en Beade e vimos actuacións moi boas, por exemplo da banda de música do Concello de Ourense. En ningún lado vimos carteis que dixesen "instrumentos de vento da Banda de Ourense" ou "instrumentos de percusión da banda de Ourense" porque son dunha única banda. Vostedes teñen Tenencia de Alcaldía e Alcaldía porque non son unha banda, son dous gobernos. Por un lado o goberno do Partido Socialista e polo outro o goberno do BNG.

Efectivamente vostedes asinaron un acordo marco de goberno no seu día no que falaban do principio de unidade de xestión e de solidariedade. Podemos afirmar con rotundidade que vostedes non teñen un director da banda, teñen dous. Un para as áreas do Partido Socialista e outro para as do BNG e a dobre goberno dobre gasto.

Non me diga vostede que non aceptamos os resultados electorais porque si que os aceptamos, estamos na oposición. Como antes dicía o meu compañeiro, Sr. Coello,

nós somos dúas bancadas dunha mesma cor política e vostedes son dúas bancadas unha de cada cor. É tan curioso que nin se sentan xuntos porque o lóxico nunha estrutura de goberno é que o Tenente de Alcalde estivese sentado onde está vostede e así progresivamente.

Vostedes fan a fotografía de presentarse por separado porque teñen a necesidade de vender as súas actuacións por separado, teñen un público diferente ó que se dirixir porque uns votaron a vostedes e outros ó BNG, nin máis nin menos. Como di a Sra. Méndez é evidente que lles encanta estar de apuntadores.

Vostede di que o pacto se cumpre; eu non estou tan de acordo con iso: “Domínguez reprocha novas inxerencias á Caballero que lle achaca ansias de protagonismo”, “Caballero e Domínguez reafírmense en dous gobernos que traballan por separado”, “O PSOE advirte ó BNG que non pode ser goberno e oposición á vez polas súas continuas críticas”. Méndez: “Caballero debe saber que con autoritarismos non imos a ningures”, “Font acusa de deslealdade ó Bloque e teme que os seus erros rematen co bipartito”. Estes son titulares dos medios de comunicación que se quere á saída llos entrego e iso é evidencia da desunión que hai entre vostedes e da existencia de dous gobernos diferentes que teñen que vender de xeito diferente os seus logros.

Nós o único que pedimos é que as actuacións que teña o Concello sexan do Concello de Vigo. Non teñen que ser como din vostedes por un lado da Tenencia de Alcaldía e polo outro da Alcaldía, non é lóxico.

Sempre recorren ó mesmo e xa aburren co tema da Deputación. Eu non vin en ningún sitio o logo de Vicepresidencia da Deputación, acaba do inventar vostedes. Agora si, no Concello Tenencia de Alcaldía, Concellería de Cultura, Alcaldía... Iso é o anormal, permítanme a expresión.

Parece que lle molestou un pouco pero fun eu quen dixo que o Sr. Domínguez Olveira, non que estaba de xeonllos, dixen que estaba tombado diante do Alcalde por querer manter o seu status de Tenente de Alcalde deste Concello e reafírmome. Non pode negar que son dous gobernos que actúan de xeito distinto, que non existe esa unidade de xestión e solidariedade da que falan no acordo de goberno e que se perde eficacia.

Xa empezamos o 9 de xullo de 2007 co Sr. Domínguez pedindo 800.000 euros para gastos de gabinete, protocolo e representación. Iso é actuar e pedir por separado, duplicar o gasto.

Cando eu queira, na miña última intervención, dareille os datos destes gastos ós que

aludo porque de momento quen determina ós meus tempos son eu e non vostedes.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, en todo caso teña en conta que pode reabrir o debate. Xa llo advirto.

SR. CONDE GIL: Xa estamos como sempre, estou debatendo, estou facendo a miña moción, non creo que vaia reabrir o debate porque senón imos reabrir os debates sempre e poderei facelo como a min me dea a gana, terei que ordenar eu o meu debate, non mo vai ordenar vostede. Xa lle dixen no último Pleno que se quere calo que parece que é o que lle gustaría é amordazarnos.

Se vostede considera que se grave o debate eu non teño ningún medo a debater con vostedes o tempo que faga falta, como se temos que estar aquí toda a tarde. Os únicos que teñen medo ós debates e que queren impoñer tempo son vostedes.

Por certo, falando do que se dixo aquí esta mañá, dun tema tan importante coma o regulamento do Pleno, se non o temos é precisamente pola desunión que existe entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego porque non se poñen de acordo en presentar ese regulamento.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde, o regulamento do Pleno téño eu aquí neste momento, se quere llo ensino, o mesmo regulamento que vostedes durante tres anos e medio mantiveron.

SR. FIGUEROA VILA: Aquí se debatía de todo, a oposición podía presentar as mocións que quixera. Esa é a diferenza.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, non ten vostede a palabra. Aquí se presentan as mocións que a orde do día da lugar e son os Plenos máis longos de España ó seu pesar, cousa que non lle gusta nada escoitar. En ningún Concello de España se está tanto tempo nos Plenos coma en Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Antes igual.

A PRESIDENCIA: Non, Sr. Figueroa, nunca tanto coma agora e vostede sábeo e ós feitos me remito.

SR. CONDE GIL: Remato por onde empecei. Entendemos que é un tema importante, que non é lóxico que exista esta diferenciación, que todas as actuacións que se fan aquí son do Concello de Vigo. Antes a Sra. Díaz falaba de por que iamos ás inauguracións; Eu vou porque as obras que se fan aquí son do Concello no que represento á cidadanía, a quen me votou e a quen non. Por iso vou á inauguración das obras, porque o Partido Popular é parte deste Concello e representamos a toda a cidadanía. Entendemos que as obras son do Concello de Vigo. Agora ben, se as obras son dunha persoa determinada igual temos que dar outro tipo de cualificativos.

A PRESIDENCIA: Gracias Sr. Conde Gil, a máis quérolle dicir que nos satisfai que estea nas inauguracións porque son invitados coa mellor das intencións.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vou tentar manter o ton que sempre quero ter nesta Corporación, un ton de tranquilidade.

Vou tentar manter ese mesmo ton de tranquilidade que é o que ademais os nosos cidadáns piden que fagamos pero realmente é difícil. Vostedes utilizan as mocións para sacar debates que non teñen nada que ver con elas e por riba se queixan de que non se traen ó Pleno as mocións que vostedes queren. Esa é a práctica política que están a facer continuamente.

Estamos debatendo da utilización de dous logos e xa dixen ó principio que se ese é o problema da cidade de Vigo que ben o estamos a facer. Non se pode dicir “eu aquí fago o que me da a gana”. Iso eran outros tempos. Nunha Corporación democraticamente elixida nin eu nin ninguén “fai o que lle da a gana”, senón que facemos o que ditan as normas democráticas e estas normas din que vostede non pode aproveitar o exercizo absolutamente lexítimo que vostede ten a presentar unha moción para reabrir debates que non teñen nada que ver coa moción.

Non se pode utilizar esta práctica política continuamente, Sr. Conde. Aquí non estamos a falar de discrepancias de hai un ano e pico, vostede non leu a data desas discrepancias, nin estamos a falar do gabinete de Tenencia de Alcaldía que podemos facelo cando vostede queira, non teño nada que agachar, nin o BNG nin a Tenencia de Alcaldía.

Déixese vostede de dicir tantas cousas como as que leva dito, que se empresas, que se amigos, que se a dedo. Estoume empezando a fartar diso, cando teña vostede

algunha proba vaia ó Xulgado directamente, cando crea que hai algunha irregularidade. Non utilice unha moción de dous logos para confundir, difamar e non falar do que ten que falar.

Acaba de ler seis ou sete discrepancias que puidemos ter en dous anos e cinco meses que levamos neste goberno. Voulle lembrar unha cousa e non lle vou falar nin da Deputación nin da Xunta de Galicia. O Partido Popular, con quince concelleiros, con maioría absoluta, non foron quen de aprobar dous orzamentos seguidos e eran da mesma cor política e iso porque a Sra. Porro ía por un lado, a Sra. Fernández Piñeiro por outro, o Sr. Figueroa por un e o Sr. Gil Sotres por outro, cun Alcalde que non era quen de gobernar nin o seu propio grupo.

Esa é a diferenza entre vostedes e un goberno cun Alcalde lexitimamente elixido e cun Tenente de Alcalde. Voulle dicir unha cousa e espero non ter que repetila en toda a lexislatura: estou aquí polos votos dos vigueses e viguesas e porque os meus compañeiros do BNG quixeron que estivera para que os representara. Non estou polo Alcalde nin polo Partido Socialista polo tanto non lles debo nin ó Alcalde nin ó Partido Socialista ser tenente de Alcalde e por iso non me teño que dobregar absolutamente ante nada nin ante o Alcalde.

Coma eu quero á miña cidade e quero facer as cousas que verdadeiramente importan ós cidadáns, non eses logos, por iso colaboro e colaborarei sempre co Alcalde que foi elixido democraticamente. Non lle vou poñer trabas no camiño sempre que ese camiño, como está a selo ata o de agora, sexa para beneficiar ós cidadáns de Vigo.

Don Santiago Domínguez, Tenente de Alcalde, non ven aquí dobregarse ante ninguén nin a buscar un prato de comida, Sr. Conde. Afortunadamente teño un posto de traballo que me gusta moito e que sempre vou ter cando isto remate.

Xa está ben de utilizar unha moción sobre dous logos para seguir dicindo o mesmo. Traballen por esta cidade, critiquen a este goberno todo o que queiran e que consideren que é oportuno pero de verdade volvamos ter unha Corporación coma as que tivemos nas anteriores lexislaturas onde se falaba de política, onde se traballaba, mesmo compañeiros de seu que o fixeron moi ben cando estaban na oposición noutras lexislaturas e non me doen prendas no dicir, criticando ó goberno pero traballando.

Déixense de utilizar sempre calquera tipo de debate para poñer non sei que cousas nas súas bocas que non son máis que difamacións. Dedíquense a traballar por esta

cidade, pregúntenlle ós cidadáns se a súa preocupación é dous logos ou son as becas para os libros, a sanidade pública, o paro, o emprego, o traballo nesta cidade, as axudas ó pequeno e mediano comercio. Como ben dicía o Sr. Font iso é o que hai detrás deses logos. Pregúntenlle ós cidadáns se estas polémicas estériles son realmente as que lles importan.

Repito que non utilice unha moción para falar de cousas que non teñen que ver. Teña valentía política e cando queira falar dos gastos da Tenencia de Alcaldía poña vostede unha moción e falamos diso cando queira. Se ten algún problema cos gastos repito que vaia ó Xulgado pero, por favor, polo ben desta cidade e polo ben seu, porque vostedes tamén representan a moitos vigueses e viguesas que lles votaron, por suposto que si, sexan tamén respectuosos con eses 65.000 votos que tiveron que queren que non veñan aquí polemizar, senón que veñan traballar.

SR. CONDE GIL: Véxoo moi alterado Sr. Domínguez. En ningún caso falei do tema do vídeo que ó final é o que máis lle preocupa a vostede, debín pinchar en óso. Eu non nomeei a empresas absolutamente para nada neste debate. Falei dos dous logos e contesteilles ó que vostedes din. Agora, quen se pica, allos come, por algo debe ser. Eu non teño que ir ó Xulgado a nada, aquí non estou coma avogado, estou como concelleiro do Concello de Vigo por se non lle queda claro. O partido Popular non ten a costume de mesturar os temas xudiciais cos políticos, ó contrario do que soen facer vostedes. Como mostra vostede non fixo aquí defensa da moción nin do goberno, estivo facendo defensa da Tenencia de Alcaldía, do BNG, única e exclusivamente. En ningún caso escoitámolo falar do tema da moción.

Imos falar de gastos. Nos correspondentes departamentos do Concello do orzamento do ano 96 había aproximadamente 125 millóns de pesetas para publicidade. No ano 2000 é curioso porque hai un cambio de goberno, gobernan o BNG e o Partido Socialista e por entón creouse un departamento, a Primeira Tenencia de Alcaldía que representaba o Partido Socialista e onde se produciu un incremento de máis do 200% no apartado de publicidade. Pasou de 125 millóns de pesetas/ano a 310 millóns de pesetas/ano, dos que aproximadamente uns 200 millóns de pesetas pertencen única e exclusivamente ó departamento da Primeira Tenencia de Alcaldía que neste intre representa vostede.

No ano 2001, 310 millóns; no ano 2002 aproximadamente uns 315 millóns e no ano 2003 pasan a 320 millóns de pesetas/ano. Estou a referirme a unha moción que

presentou no ano 2006 a voceira de entón no Partido Socialista, Sra. Porteiro García, na que pedía a elaboración dun regulamento de publicidade e comunicación institucional conforme á Lei 29/2005, do 29 de decembro, de publicidade e comunicación institucional deste Concello, regulamento que se aprobou por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación naquel intre e que vostedes non desenvolveron.

Pero no ano 2004 o que presupostaron para publicidade ascendía a 1.923.238,73 euros. No presuposto do Partido Popular baixouse en máis de 900.000 euros, quedando escasamente nun millón de euros. Pero volven vostedes ó goberno e no ano 2008 os gastos de publicidade pasan a 1.700.000 euros e no 2009 a case 2.000.000 de euros. Isto quere dicir que co Partido Popular, nun só mandato, reducíronse 500 millóns de pesetas respecto do que vostedes gastaban entre os anos 2000 e 2003 e co regreso de vostedes e coa nova instauración neste caso da primeira tenencia de Alcaldía, non do PSOE senón do BNG, vimos como se pasa do presuposto do ano 2005 cun millón de euros a case dos millóns de euros no 2009 e *“lo que te rondaré morena”* e virá no presuposto deste ano.

Di vostede que non teñen divisións. “Font acusa de deslealdade ó Bloque e teme que os seus erros rematen co bipartito”. Non estou a falar do ano 2007: Faro de Vigo, 28 de marzo de 2009. Vostedes tamén amosaron as súas divisións ó longo deste ano con diversos temas coma o albergue, Artes e Oficios e cunha serie de cousas, non diga agora que non. Se non lle preocupa o que nós digamos, vaia exemplo de democracia que nos ven dar aquí.

Di que este non é un tema importante. O que vou facer cada vez que vaia presentar unha moción é chamalo antes ó seu despacho para que me diga se lle gusta ou non. Se non lle gusta presentareina e se lle gusta tereino que pensar.

O que pedimos é que a partir de agora nas comunicacións se utilice “Concello de Vigo” e que polo menos cara ó público que disimulen un pouco esa división que teñen entre Tenencia de Alcaldía e Alcaldía e que tamén para o aforro cidadán, que sexa un e non dous.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso

Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do grupo Popular, Sr. Conde Gil, instando a utilización do sinal “Concello de Vigo” en todas as actuacións, publicidade e actos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (214) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO INSTAR Á XUNTA DE GALICIA E PROPOÑERLLE Ó GOBERNO CENTRAL A SINATURA DUN ACORDO INSTITUCIONAL SOBRE INFRAESTRUTURAS. DOC. 90106042.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo de 2009, número 90106042, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“O ministro de Fomento realizou o pasado día 26 de maio de 2009 unha comparecencia perante o Congreso dos Deputados, na que deu conta dos cambios introducidos no proxecto do AVE a Galicia.

Durante esa comparecencia o agora ministro recoñeceu o que viña negando antes como membro do Grupo Parlamentario Socialista no Congreso, cando apoiaba as teses defendidas pola súa predecesora no cargo, a Sra. Magdalena Álvarez, aceptando a imposibilidade da chegada do AVE a Galicia no ano 2012, tal e como viña denunciando o Grupo Parlamentario Popular de Galicia en diversas iniciativas parlamentarias.

Hai que ter en conta ademais que o goberno da Xunta de Galicia durante a pasada lexislatura fixo súas estas consideracións sobre a chegada do AVE, asegurando que se ía cumprir ese horizonte temporal de 2012 para a chegada da alta velocidade á nosa Comunidade Autónoma, contradicindo a opinión de todos os expertos que aseguraban que non se poderían cumprir eses prazos no estado de tramitación do proxecto.

O ministro de Fomento asegurou ademais que tanto o goberno central como a Xunta de Galicia eran coñecedores dende hai anos de que sería imposible cumprir o prazo de chegada do AVE á nosa Comunidade Autónoma para o ano 2012, o que sen dúbida engade gravidade ao feito de que as declaracións publicas realizadas durante

moito tempo por responsables de ambos gobernos, eran no senso contrario garantindo eses mesmos prazos.

Resulta rechamante este cambio de postura do Goberno Español sobre o prazo de chegada do AVE a Galicia, ademais de que supón unha autentica falta de rigor e do mínimo respecto que merecen os cidadáns galegos por parte do goberno, en canto a unha infraestrutura moi necesaria para Galicia e que vai supoñer un verdadeiro avance.

Por todo isto, o Grupo Popular do Concello de Vigo presenta para a súa aprobación polo Pleno, o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia que propoña ao Goberno central a sinatura dun acordo institucional sobre infraestruturas no que queden protocolizados os seguintes compromisos:

1.- Aprobar un novo cronograma consensuado, dos proxectos e da liña do AVE con chegada á cidade de Vigo, con datas de tramitación, licitación e o prazo aproximado de finalización das obras.

2.- Aprobar, a partir do ano 2010, as dotacións orzamentarias necesarias nos Presupostos Xerais do Estado para cumprir cos novos prazos establecidos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Esta moción que agora imos debater é unha mostra máis do que está a suceder neste Pleno. Unha moción do 13 de xuño de 2009 na que instábamos a asinar un acordo que xa está asinado porque ata o mes de outubro non se puido debater neste Pleno. Tiña razón o meu compañeiro, Sr. Coello, ó diciren que é intrinsecamente perverso o funcionamento deste Pleno. A única norma que rexe é a vontade do Alcalde, mirámolo antes coas emendas que o mes pasado non se votaban e este mes si cando o regulamento, os concelleiros, o Alcalde son os mesmos e sen embargo cambia de criterio porque el é quen decide. Ogallá co Sr. Domínguez Olveira, que preside neste momento, volvésemos a Plenos anteriores, cando non se limitaban las mocións dos grupos da oposición e se xogaba con esa vitalidade democrática que debe existir nun Pleno dunha Corporación coma esta.

Sen embargo vemos que neste Pleno, esta moción que era para debater no mes de xullo ven no mes de outubro debido á falta dun regulamento orgánico do Pleno que aínda que o Alcalde diga que existe non é así, o que hai é un regulamento orgánico do Concello de Vigo. Outro erro do Sr. Alcalde. Igual que agora aprobamos

inicialmente un regulamento do Consello Escolar Municipal, por que non se trae o regulamento orgánico do Pleno? Un tráese e o outro non é posible porque non se poñen de acordo para presentalo e leva xa tantos anos coma o regulamento do Consello Escolar Municipal.

A PRESIDENCIA: Perdoe un minuto, a moción é solicitando instar á Xunta de Galicia e propoñer ó Goberno Central a sinatura dun acordo institucional sobre infraestruturas. Por favor cingase ó contido da moción.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Estou explicando por que esta iniciativa se debate en outubro cando ese acordo xa está tomado. Non puidemos tralo porque non nos deixaron ata o mes de outubro. Esta moción non se puido debater cando foi o momento ou polo menos ó máis próximo e sinxelamente foi porque existe esa limitación e censura para presentar as mociós.

Presenten o regulamento orgánico do Pleno que como antes dicía o meu compañeiro están divididos e por iso non o presentan pero como dicía Cervantes “...*dejad el cuidado al tiempo que es un gran maestro e dar e hallar remedio*” e tiña razón porque aínda que esta moción había que a debater no mes de xullo, sen embargo agora segue de actualidade.

A primeira parte da moción instaba á Xunta e ó Goberno Central a asinar un acordo institucional en materia de infraestruturas no que aparecese un novo programa consensuado e iso asinouse no mes de xullo no Hostal dos Reis Católicos, o “Pacto do Obradoiro”, do que nos felicitamos porque é mostra da xestión do goberno da Xunta de Galicia que acadou desatascar unha situación que antes existía. Coñecemos ben o que pasou coa anterior ministra de Infraestruturas e de Fomento en España que nos estaba enganando coas cifras de cando se remataría o AVE. Acadouse asinar ese pacto cun novo cronograma e un programa de investimentos do tren de alta velocidade a Galicia que é o que reclaman os cidadáns ós gobernos, atopar solucións, non buscar problemas.

O que fixo o Partido Popular dende o Goberno da Xunta foi atopar unha solución a un problema que existía. Cantas veces oímos durante anos que o AVE a Galicia chegaría no ano 2012? Sen embargo nun ataque de sinceridade o novo ministro de Fomento recoñeceu que esa fecha non era certa, que se producira unha fuxida cara adiante e que ademais sabían que non eran certas. Sen embargo aquí se mantivo esa cifra ata

hai pouco tempo. Hai menos dun ano: “Caballero garante o AVE a Madrid en 2012 e os expertos o sitúan no 2016. A tramitación progresa segundo os prazos acordados”, “Manteño que o AVE directo estará en 2012”. Iso dixo o Sr. Alcalde ó mesmo tempo tamén que Audasa ampliase a ponte de Rande. Ese día lucíronse, ningunha das dúas cousas eran certas e hai un ano que o dixeron.

É máis, o 13 de abril de 2009: “O PSOE vigués garante que o AVE chegará á cidade nos prazos previstos. O Alcalde, Abel Caballero, e o Secretario Local, Manel Gallego, afirman que a alta velocidade será realidade en 2012 porque as obras van a bo ritmo”, hai seis meses seguían mantendo a cifra de 2012 sabendo que non era verdade.

Por iso facían falta novas datas e novos prazos e así chegouse ó pacto do Obradoiro asinado no mes de xuño do que nos felicitamos, da mostra da capacidade de xestión dun goberno que busca solucións e non crea problemas. Borrón e conta nova, imos ver que fai o novo ministro de Fomento.

Pero sen embargo en Vigo sempre existiu unha dúbida. O Sr. Caballero afirmou o 15 de xaneiro de 1997, cito ó Sr. Caballero pero non lle aludo, que se non había garantía total clara e inequívoca de que o AVE viría por Cerdedo no ano 2012 el non sería candidato á Alcaldía de Vigo. Reuniuse logo co Secretario de Estado de Infraestruturas e dixo o candidato Sr. Caballero que por primeira vez se fixan o plan e as cifras e que o Ministerio de Fomento anunciaba o compromiso de que o AVE a Vigo, a través de Cerdedo, estaría en funcionamento no ano 2013, “...O compromiso é total, sérveme”.

Demostrouse que non era certo, mesmo o Ministerio de Fomento reconece que nesa data sabía que esas cifras non eran claras. Se o Sr. Caballero só era candidato se se lle garantía que o AVE chegaba en 2012 por Cerdedo e foi candidato, que garantía lle deron ó Sr. Caballero para que aceptase ser candidato ó Concello de Vigo? Que garantías existían e fixeron que aceptase? A cidade de Vigo quere saber iso porque diso dependía que se presentase ou non, presentouse porque llo garantiron. Garantías son formas de asegurar o cumprimento dunha obriga. Con que lle aseguraron o cumprimento da obriga de que o AVE viría a Vigo no ano 2013 e que quedaríamos conectados Vigo e Madrid no ano 2012.

O Sr. Caballero seguía dicindo que “...no ano 2012 o AVE chegará a Vigo media hora antes que á Coruña”. Con esta moción pediría que explicasen que garantías lle deron ó Sr. Caballero para que el aceptase ser candidato á Alcaldía de Vigo porque a

verdade é que os vigueses estamos un pouco confusos. Se eran tantas as garantías, por que resulta que non eran verdade? Que garantías lle deron para lle convencer se é que existía algunha ou non existía ningunha e era sinxelamente unha posta en escena.

Nesta moción o que facemos é ratificar o pacto do Obradoiro porque queremos esixir, así se estableceu, cifras e prazos, non coma o Sr. Caballero que deu un cheque sen fondo ó Ministerio a cambio de nada. Apoiar o pacto do Obradoiro cos prazos e o compromiso do Ministerio de Fomento é o que queremos con esta moción, ratificar o acordo de aprobación do pacto do Obradoiro porque, aínda que ese pacto xa está asinado, tamén é a esixencia de garantir que o Ministerio de Fomento que inclúa partidas no presuposto para a súa execución.

Hai tres meses que se asinou e existiron xuntanzas da comisión de seguimento pero é necesario que no ano 2010 haxa partidas suficientes pola cantidade de 3.362 millóns de euros e polo que parece agora non as hai e resulta que o ministro de Fomento di que vai ir á iniciativa privada. Aquí vale, como dicía o meu compañeiro o Sr. Figueroa cando gobernan vale e na oposición non. O Sr. Blanco afirmou que vai acudir ó financiamento privado para rematar de construír o AVE e garantir os prazos do pacto do Obradoiro, por tanto vemos que neste caso si se pode acudir ó financiamento privado e noutros casos, cando están na oposición din que non. Non se pode dicir unha cousa na oposición e outra no goberno.

En resume, con esta moción queremos ratificar o pacto do Obradoiro do que nos alegramos e foi un éxito do goberno de Alberto Núñez Feijoo. En segundo lugar queremos lembrar ó ministro de Fomento o cumprimento das súas obrigas que esperamos que o faga, non temos dúbidas porque está asinado por escrito, para garantir que se cumpran os prazos e se invista nas partidas previstas.

En terceiro lugar insisto en preguntar que garantía lle deron ó Sr. Caballero para que se presentara a Alcalde da cidade de Vigo cando tiña dito que se non lle garantían que o AVE chegaría no ano 2012 a Vigo el non se presentaría. A cidade de Vigo ten dereito a coñecer se existiu algunha garantía; se non foi así non poderán presentar, ensinar nin amosar nada.

SR. LÓPEZ FONT: Se non fose porque nos ten acostumados a terxiversar as cousas de tal xeito, mesmo sería crible que unha moción coma esta a quixera converter en primeiro lugar nunha reafirmación do pacto do Obradoiro e en segundo lugar nunha

petición sobre as garantías que tivo o candidato do Partido Socialista. O talante democrata de quen preside este Pleno permítelle a vostede e a moitos membros do seu grupo facer este tipo de xogos dialécticos.

Conviría que lles contase a historia do AVE doutro xeito ós cidadáns de Vigo que sempre tiveron o desexo de que o AVE fose directo Vigo-Madrid, conviría que lles contase o que fixeron a Sra. Porro e o Sr. Fraga o 2 de abril de 2002 porque realmente aí é onde empezan os problemas do AVE a Vigo. Vostede conta sinxelamente unha historia na que os quere situar en xullo deste ano.

O peor de todo é que a Sra. Porro, con tal de ser candidata á Alcaldía de Vigo, aceptou a imposición do Sr. Fraga en canto a un trazado do AVE de Vigo a Santiago para chegar a Vigo. Esta é a realidade do AVE, Sr. López-Chaves. Xa vexo que non quere ver este recorte de prensa, 2 de abril de 2002, cando o Sr. Fraga di á Sra. Porro ante os periodistas “A ver Corina, pónhase aquí para que a vexan” a Sra. Porro é quen acepta que o AVE non veña directo a Vigo. Esta é a realidade, é o que teñen que saber os cidadáns.

Non é o Sr. Núñez Feijoo quen trouxo o AVE directo a Vigo nin moito menos. A Sra. Porro nesta data, con tal de ser candidata á Alcaldía de Vigo, aceptou o que lle marcou o Sr. Fraga e nese momento o goberno da Xunta e a Sra. Porro fundiron todas as expectativas e ilusións que tiñan os vigueses. Quen rescatou desa resignación xeneralizada de que o AVE xa non viñese a Vigo directo de Madrid foi o Sr. Caballero. O 15 de xaneiro de 2007 e non de 1997 que se trabuca en dez anos, Sr. López-Chaves, vostede tamén ten erros coas datas, fai unha aposta decidida en contra dos seus intereses persoais porque o AVE chegue a Vigo directo dende Madrid por Cerdedo. Vostede non se atén ó que publicou a prensa e podo dicirlle que mentiu a este Pleno. O Sr. Caballero o 15 de xaneiro de 2007 non se compromete a que o AVE chegue a Vigo en 2012, é mentira, está a faltar da verdade. A vostedes que lles encanta amosar recortes de prensa, nesta información do 15 de xaneiro o Sr. Caballero puxo a súa candidatura a disposición do Partido Socialista se o AVE non chegaba a Vigo directo por Cerdedo e na mesma data que chegase ó resto das

ciudades de Galicia. Esta é a verdade.

É a forma de facer política que teñen vostedes, dá o mesmo que estean aquí, en Madrid ou en Valencia, que a forza de repetir as cousas converten unha verdade en mentira ou unha mentira en verdade. A realidade é que quen conseguiu e quen apostou forte polo AVE directo a Vigo foi o Sr. Caballero, non a Sra. Porro nin o Partido Popular, esta foi a realidade. Polo tanto, cando o Sr. Caballero é Alcalde de Vigo e vostedes preguntaban cando se ía publicar o trazado Madrid-Cerdedo-Vigo e insistían en que tiña que ser antes de rematar o verano de 2007, publicouse no Boletín Oficial do Estado.

Xa vexo que vai que ter que mirar moitos papeis porque non vai atopar ningunha argumentación fronte a isto. Nese intre había AVE directo de Madrid por Cerdedo a Vigo gracias á insistencia do Sr. Caballero. Moitos trataron do convencer para que renunciase a ese proxecto de AVE directo e fun testemuña persoal de que dende o primeiro momento non tivo ningunha renuncia con respecto a que o AVE chegase a Vigo.

A Sra. Porro é un exemplo de que hai políticos que se preocupan do fácil, do inmediato e hai políticos, Sres. do Partido Popular, que deixan ronsel polas propostas e un día a historia recompensaralles como merecen. Non esquezan que o Sr. Caballero foi que trouxo a alta velocidade a este país como ministro de Transportes e os cidadáns de Sevilla e de Andalucía xa gozan deste servizo, dende Madrid a Sevilla vaíse en AVE directo.

O Sr. Caballero, coma Alcalde de Vigo e co compromiso electoral que asumira é o artífice de que haxa AVE directo a Vigo e está comprometido polo ministro de Fomento. Unha obra que vale 1.950 millóns de euros e que comprendo que non queiran ver as informacións que lles estou a dar.

Sr. López-Chaves é moi curioso que diga vostede que o éxito do pacto do Obradoiro é do Sr. Núñez Feijoo; ese éxito é de quen paga e de quen pon o compromiso político. Todas as grandes infraestruturas que chegaron a Galicia, as

autoestradas e o AVE, pagáronas o Goberno Socialista do Estado Español. O Sr. Núñez Feijoo no pacto do Obradoiro non pon absolutamente nada, veulle coma un auténtico regalo de Reis. Foi o Sr. Blanco cando chegou ó Ministerio de Fomento quen fixo unha aposta de 4.700 millóns de euros para que chegue o AVE a Galicia. Polo tanto adxudique ó Sr. Núñez Feijoo a parte que lle corresponde como Presidente da Xunta de Galicia pero o que nunca lle pode atribuír é o éxito conseguido.

Díciallo vostede, coido que é a primeira vez que oio neste Pleno que recoñecen algo e paradoxalmente foi o Sr. López-Chaves. Efectivamente a moción que vostedes presentaron o 13 de xullo está conseguida pero lle volvo dicir que o está gracias á iniciativa política do Ministerio de Fomento, á iniciativa política e compromiso de investimento do seu ministro don José Blanco. Ese é realmente o compromiso para que se poida chegar ter o AVE en Galicia.

Dixeron moitas cousas neste Pleno. O Sr. Figueroa pretendía facer unha “churrascada” nesta explanada na que traballan seiscentas persoas e na que xa se introduciron quilómetro e medio nun sentido e un quilómetro con dous no outro. A realidade do AVE é que onde vostedes pretendía facer un churrasco o túnel estase a facer; que o AVE chega directo a Vigo a diferenza do que pretendía a Sra. Porro; o AVE chega a Galicia gracias ó que define o Sr. Núñez Feijoo coma un acordo histórico e é o presidente do seu partido; o AVE chega directo a Vigo porque o Sr. Blanco nunha comparecencia no Club Financeiro o día 25 de setembro, manifestou o compromiso inequívoco de que Fomento pagará todo o AVE a Vigo para que estea no 2015.

O resto, igual que ata o de agora, son intentos de terxiversación. Coido que vostede o que lle debe responder ós cidadáns vigueses é o que fixo o Sr. Aznar como presidente do Goberno de España polas infraestruturas de Galicia; o que fixo o Sr. Rajoy como vicepresidente do Goberno Español. Iso é o que debe responder porque eu direille que as autoestradas asinouas o Sr. Saenz de Cosculluela e finalmente o AVE, cando estea rematado e para o goce dos cidadáns vigueses, será gracias a gobernos do Partido Socialista.

A PRESIDENCIA: Imos agora coa intervención de grupos e vou intervir eu no nome do grupo municipal do BNG.

En principio gustaríame corrixirles unha cuestión, tanto ó Sr. Font coma ó Sr. López-Chaves. Empezar dicindo que o AVE e as infraestruturas non as pagan nin o Sr. Feijoo

nin o Sr. Ministro de Fomento; as infraestruturas págnas os vigueses e viguesas, galegos e galegas, cos seus impostos. Coido que isto é importante dicilo.

Sorpréndeme moito que cando estamos a falar dunha moción que como xa lin antes di: “Propoñer ó Goberno Central a sinatura dun acordo institucional sobre infraestruturas”, dio en plural. Logo de ler a moción e a exposición de motivos paréceme que única e exclusivamente se fala de AVE. Non sei que entendemos realmente por un acordo en infraestruturas. O BNG entende que é algo bastante máis importante que sinxelamente o AVE porque este país chamado Galicia e esta cidade necesitan a nivel de infraestruturas bastante máis cousas que o AVE, aínda que tamén, evidentemente.

Aquí falamos do pacto do Obradoiro. Por parte do Sr. López-Chaves se falou de que garantías lle ofrecía ó Sr. Caballero o Ministro. Eu pregunto, que garantías lle ofreceu ó Sr. Feijoo o Ministro de Fomento? É un contrasentido absoluto o que vostede acaba de dicir, por un lado grande éxito do Sr. Feijoo que pecha ese pacto do Obradoiro para infraestruturas pero un minuto logo di que hai que esixirle ó Sr. Ministro de Fomento que poña as partidas necesarias no orzamento. Iso é o que lle estamos esixindo dende o BNG.

Cando aquí se falaba da posibilidade do AVE no 2012 o Sr. Feijoo foi a unha xuntanza e veu dela dando a man, montando un circo e aceptando o AVE para o 2015. Ese foi o grande éxito do pacto do Obradoiro, que o presidente da Xunta de todos os galegos e galegas acepta sen ningún tipo de problema esa redución. Pero non só iso senón que ademais se ve claramente agora nos orzamentos do Estado, ós que nós presentamos emendas, que esas partidas que agora mesmo están neses orzamentos e que imos tentar mellorar loxicamente, non chegan nin sequera para cumprir eses prazos de 2015. Onde está ese grande éxito do Sr. Feijoo no pacto do Obradoiro. Nós non o vemos por ningún lado.

Claro que o AVE virá a Vigo e por unha razón moi clara: porque esta é a cidade máis importante de Galicia e sería unha inxustiza histórica que non viñera. Virá polo traballo e polo esforzo dos traballadores e traballadoras desta cidade, da clase política desta cidade, da clase empresarial e sobre todo porque tanto o Estado coma o Goberno da Xunta de Galicia teñen unha importante débeda histórica con esta cidade.

Grande éxito do pacto do Sr. Feijoo, xa o vemos agora reflectido tamén nos orzamentos da Xunta. Dicía o Sr. López-Chaves que sempre existiu unha dúbida en

Vigo; evidentemente sempre existiu para o Partido Popular. Agora o vemos tamén aquí referendado nos peores orzamentos dos últimos quince anos cos que nos quere castigar a Xunta de Galicia, pero si se trae aquí que se faga un grande acordo de infraestruturas.

Cales son as infraestruturas que o Partido Popular considera que son urxentes, prioritarias e necesarias para esta cidade? Gustaríame que na próxima intervención vostede dixera cales son porque sinxelamente falou do AVE referendando un acordo que o que vai facer é que Vigo non teña AVE polo menos ata o ano 2015-2016 e que o Eixo Atlántico coa saída sur 2016-2017. Ese é o grande éxito do Sr. Feijoo e do seu pacto do Obradoiro.

Antes de rematar e se mo permite voulle dicir o que o BNG considera que debería ser un verdadeiro pacto por infraestruturas para esta cidade e o que debería ser a metodoloxía normal que o Goberno Galego tería que defender diante do Goberno do Estado.

Hai tres eixos fundamentais que temos que poñer enriba da mesa do Estado e da Xunta de Galicia: a nosa rede ferroviaria si, a nosa rede marítimo terrestre tamén e sobre todo a nosa rede aeroportuaria. Son os tres eixos fundamentais e básicos onde se ten que plasmar un acordo futuro de infraestruturas para a nosa cidade que nos leve asegurar que esta cidade nun prazo de dez ou quince anos teña todas as súas necesidades cubertas.

Isto faise en primeiro lugar reclamando ó Sr. Feijoo que esa subcomisión de infraestruturas que o Vicepresidente da Xunta anterior, don Anxo Quintana, conseguiu poñer en marcha que funcione verdadeiramente, que haxa un control sistemático e periódico non só das partidas presupostarias senón tamén das distintas adxudicación e as distintas execucións desas partidas. O Sr. Núñez Feijoo tiña que estar reclamando agora mesmo que esa subcomisión se reúna antes de que se cheguen aprobar os orzamentos do Estado.

Hai máis. O AVE é moi importante para a nosa cidade pero a articulación do sistema ferroviario de proximidade é tamén fundamental para a nosa cidade e ninguén parece que estea a falar disto. Se queremos articular á nosa Área Metropolitana e o noso contacto moi importante non só de proximidades, senón tamén de mercadorías varias coa PLISAN, temos que estar falando de que vai pasar coa estación provisional no Areal que dende o BNG dicimos que ten que ser a futura estación definitiva que articule ese tráfico de mercadorías e de persoas, esa rede de proximidades.

Non estamos a falar do tráfico marítimo-terrestre. Que pasa coa autoestrada do mar? O Sr. Feijoo ten que reclamar do Estado un acordo moi claro para potenciar que Vigo non poida perder a autoestrada do mar, mentres a Presidenta da Autoridade Portuaria non sabemos o que está a facer neses temas. O Presidente da Xunta tiña tamén que estar traballando aí.

Tiñamos que estar a falar de que pasa co túnel de Beiramar, coa conexión do tren con Bouzas e coa PLISAN que é fundamental para o desenvolvemento non só do noso porto, senón tamén do noso tráfico de mercadorías.

Non estou escoitando falar nada do tráfico terrestre. O Sr. Núñez Feijoo ten que poñer nas partidas da Xunta cantidades concretas que rematen dunha vez por todas a nosa rede terrestre de estradas. Non sabemos, non se contesta nada por parte da Xunta da nova autovía Vigo-Porriño, desa nova alternativa á autoestrada Vigo-Pontevedra. Diso non se fala nada.

Falemos da rede aeroportuaria, non se está a falar nin se está a poñer enriba da mesa do Estado que teña que seguir investindo no noso aeroporto e que teña que facer realidade un plan director ambicioso e de futuro, igual que as nosas liñas internacionais e os nosos enlaces.

Coido que cando se fala dun pacto global de infraestruturas como do que se fala nesta moción non podemos quedar en falar única e exclusivamente do AVE, non podemos dicir que o pacto do Obradoiro foi un grande éxito cando nestes momentos ese pacto non ten ningunha continuidade nin ningunha concreción nin nos orzamentos da Xunta nin nos do Estado. Por iso o AVE e outras infraestruturas virán á nosa cidade cando as clases políticas vaian, tanto a Santiago coma a Madrid, defender os intereses dos vigueses e viguesas e non só os intereses do partido dependendo de quen governe en cada quen.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: E vostede que fixo por esta cidade durante catro anos cando ía á Xunta de Galicia? Foi goberno, tivo responsabilidades no goberno bipartito. A diferenza é que aquí hai a sinatura dun ministro. Ó mellor vostede non se fía dos ministros, non me estraña. Quere ensinar o Sr. Caballero algún papel para garantir que ía chegar o AVE de Madrid no ano 2013?

Sr. Domínguez, vostedes votaron nos últimos anos os orzamentos do Estado un tras outro ó Partido Socialista. Que pasou con eses cartos que dicían que traían a Galicia? Esa choiva de millóns que dicían que viña para Vigo, onde están esas obras do

Goberno Central? Cando o Partido Socialista necesita ó BNG chámalo e vótalle, é como o banco dun club deportivo, cando chegan os xogadores pídelle. Un? Manda un. Dous? Manda dous. Este ano non lle fixo falta ningún por iso agora se apoñen ós presupostos. Durante moitos anos lles apoiaron os presupostos e non vimos resultados para nada en Vigo. Iso é a cooperación intelixente do Sr. Quintana.

Por que non vixiaban a execución estes anos deses cartos que dicían que era para Vigo? Que pasou? Hai que falar de todas as infraestruturas que non fixo en catro anos o goberno central que vostedes apoiaron, votaron e mantiveron mesmo á ministra Magdalena Álvarez. Lémbrese dela que non foi recusada gracias ós votos do Bloque, a abstención do Bloque? Iso si que non lle importa, esqueceuse, aquela ministra que non investiu nada en Galicia e que non tiña ningún interese na cidade de Vigo. Vostedes mantivérona, son corresponsables do que pasou aquí, non se vaian de “rositas” porque son corresponsables.

Sr. Font, non me estraña que o Alcalde non queira escoitalo. En Vigo non hai unha soa focha e non dixeron que o AVE chegaría Vigo-Madrid no ano 2012 e polo mar corren as lebres e polo monte as sardiñas. Aquí podemos dicir cada quen o que queiramos.

Que foi iniciativa do PSOE, por que non o fixo o goberno bipartito? Vaime dicir que non o asinaron porque se querían cargar a Touriño. Por que non asinaron este papel no goberno de Touriño? Que pasou? Se era tan claro que era do PSOE por que non o fixeron tres meses antes. Xa sabe o que dixo o Sr. Touriño, que lle enganaran, botaba a culpa ó ministro de Fomento, ó Goberno Central e ó Sr. Zapatero que lle dixeran que era no 2012. Sabe que é verdade que apareceu na prensa o Sr. Touriño.

Quere papeis? 15 de decembro de 2003, “Fomento inicia o estudo ambiental AVE Vigo-Ourense por Cerdedo”. Estes son os papeis, aí se inicia o AVE Vigo-Ourense por Cerdedo, non foi o Sr. Caballero. Aí aparece alcaldesa Corina Porro, Ministro Álvarez Cascos. Antes non houbo ningún papel nese sentido “Fomento encarga o estudo da variante do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo”, no mes de setembro do ano 2003.

Sabe onde quedaba o AVE no plan de infraestruturas que elaborara o Sr. Caballero cando era ministro? En Valladolid. O AVE tróuxoo a Galicia o goberno do Partido Popular. Vaia ás hemerotecas a ver ata onde chegaba o tren de alta velocidade.

Segundo Caballero chegaba en 2012; agora non é certo. Pero é que tamén anunciaba que ía estar no ano 93: “Abel Caballero anuncia en Vigo que en 1993 Galicia contará con trens intercity ou de alta velocidade”, data 3 de maio de 1988. Imos contar mentiras. Voulle ensinar tamén o que dicían da candidatura porque os papeis

aparecen: “O Sr. Caballero da un prazo a Fomento... “Se non hai un compromiso claro e inequívoco eu non me presento”, avisa”. Reúnese o 23 de xaneiro do ano 2007 e di: “O ministro de Fomento asumiu que o compromiso de que o AVE a Vigo, a través da conexión Ourense-Cerdedo, estará en funcionamento en 2013”. “Por primeira vez se fixan prazos e cifras. O compromiso asumido por Fomento é total, sérveme e iso fai que estea satisfeito do acadado”. Iso dio o Sr. Caballero. Non nos volve enganar.

Sr. Caballero, 7 de outubro de 2008: “Manteño o compromiso do AVE directo a Madrid para 2012” e na prensa apareceu que fora presentado coma alcalde por esas garantías. Onde están as garantías? As únicas garantías que había eran a foto de brinde coa ministra de Fomento que non fixo nada. Nesta foto hai moita xente que xa non está porque a palabra retirouse, o Sr. Touriño, a ministra Magdalena Álvarez, a conselleira; o único que queda é o Sr. Caballero que foi quen dixo que só sería alcalde se se garantía o AVE directo Vigo-Madrid no ano 2012.

Di que 1.950 millóns de euros. Canto hai no presuposto do ano que ven? Un millón de euros. Tardaremos 1.950 anos? Para que é iso? Leva anos así. En 2003 empezou o AVE en Cerdedo, conseguíuno Corina Porro, Alcaldesa de Vigo e o Partido Popular en Madrid. O Sr. Caballero puxo a súa candidatura dependendo de que chegase no ano 2012. Que garantías lle deron no Ministerio de Fomento? Ensine algún papel.

O AVE rematarao o Partido Popular e se acabarán as mentiras e os enganados, xa está ben de contar mentiras.

SR. LÓPEZ FONT: É moi posible que o Alcalde se fora por non escoitalo a vostede. Dado que entra na provocación é máis fácil que se ausentase por descansar de vostede.

Sr. López-Chaves, segue sen demostrar absolutamente nada. Eu pedílle que especifique que fixo o Sr. Aznar, que fixeron os ministros de Fomento e de Transportes polo AVE e polas infraestruturas de Galicia. Absolutamente nada, non me dixo nada e eu demostreille que vostede mentiu na súa anterior intervención.

2 de abril de 2002: “Corina, póñase aquí na foto”, neste momento se decide o AVE Madrid-Santiago-Vigo. É vostede quen de mirar a esa cámara e dicir que isto é mentira? É quen de dicir que o AVE directo a Vigo chega porque o consegue a Sra. Porro? O seu nivel de descaro político se consuma hoxe ata límites absolutamente insospeitados.

As únicas realidades son as que eu lle dixen. Vostede non pode exhibir un Boletín

Oficial do Estado de ningún goberno do Partido Popular no que estea o AVE Madrid-Vigo por Cerdedo e eu si, 21 de setembro de 2007. Sr. Figueroa, é a primeira vez que nun Boletín Oficial se concreta o AVE a Vigo, polo tanto, Sr. López-Chaves, é evidente que o impulsor da alta velocidade en España é o Sr. Caballero, mesmo polo que vostede leu, con posteriores desenvolvementos e é evidente que leu o mesmo recorte de prensa e por fin somos quen de coincidir nunha información de prensa.

Na prensa do 16 de xaneiro de 2007 o Sr. Caballero non condiciona a súa candidatura a que o AVE chegue no ano 2012. Esta é a realidade, con este argumento é co que vostedes levan mentindo á cidadanía dende o principio. Reafírmome no que lle dixen dende o primeiro momento, en xaneiro de 2007 o AVE non era unha realidade para chegar directo a Vigo. Consequiuno o pulo político do Sr. Caballero. Nese mesmo ano quedou reflectido no Boletín Oficial do Estado.

Logo me fai unhas preguntas que nin sequera sei como é quen. O Sr. Blanco non foi ministro de Fomento estando o Sr. Touriño como Presidente da Xunta. Como ían asinar un acordo sobre o AVE? Esta é a gran mentira do Partido Popular que vostede quere adornar como o grande éxito do pacto do Obradoiro. As cousas son como son e nunha terminoloxía galega “a vaquiña polo que vale”. Os únicos que trouxeron as infraestruturas e é verdade que é un éxito de todos os cidadáns, como ben dicía o tenente de Alcalde, pero a vontade política é de quen a pon e o Sr. Álvarez Cascos e o Sr. Aznar non tiveron esa vontade política que tiveron o Sr. Zapatero e o Sr. Blanco para que o AVE chegue aquí.

O acordo do Obradoiro é a instancias do Sr. Blanco e do Partido Socialista. Cando as cousas se fan dende un goberno dende logo son polo seu propio pulo político. Do mesmo xeito que este goberno municipal está a facer cousas en beneficio dos cidadáns de Vigo moi diferentes ás que fixeron vostedes, tamén o actual goberno do Estado Español co seu pulo político e co seu esforzo de investimento, é quen vai traer o AVE a Galicia. Como quedou demostrado non me puido contestar que é o que fixo o Partido Popular polas infraestruturas en Galicia, outra mentira máis das que nos teñen habituados.

Insisto en que a realidade do AVE, a vostedes que lles gustan as informacións de prensa, é o túnel, a estación provisional de Guixar, o acordo asinado en Santiago no mes de xullo. Esa é a realidade. Sempre que hai socialistas no goberno do Estado Español as infraestruturas chegan a Galicia. Cando durante oito anos gobernaron o Sr. Aznar e o Sr. Rajoy no houbo nin un só investimento nin realización para Galicia.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sr. Font, hoxe é xoves e estamos en Albacete. Da o mesmo, poden manter todo o que queiran. Polo mar corren as lebres e polo monte as sardiñas, diga o que queira, non importa o que apareza.

15 de decembro de 2003: “Fomento inicia o estudo de impacto ambiental do AVE Vigo-Ourense por Cerdedo”. Foto do ministro Álvarez Cascos que que eu saiba non é do Partido Socialista; Alcaldesa Corina Porro. “Boletín o Goberno informa, Ministerio de Fomento. Iníciase a valoración de impacto ambiental do corredor de Cerdedo, tramo Ourense-Vigo, pola rede de alta velocidade de Galicia”. Isto é mentira? Como pode dicir que isto é falso? Como pode dicir que o que sae nos medios de comunicación é falso? Está a dicir que isto é falso. O AVE Vigo-Madrid por Cerdedo é gracias á Alcaldesa Corina Porro e ó Goberno do Partido Popular.

Aquí están os papeis, se non os quere ver hoxe é xoves e estamos en Albacete. A vostede dálle o mesmo.

Eu son miope pero o peor cego é o que non quere ver e vostede non quere ver isto, dálle o mesmo. A conclusión á que chegamos neste Pleno do Concello é que o Sr. Caballero vai ter que oír ós vigueses e ós votantes do Partido Popular.

En conclusión, o Sr. Caballero non tiña ningunha garantía, foi todo unha estafa, foi un cheque sen fondos, unha representación teatral: “Voume a Madrid a que me garantan”. Onde están as garantías? Non me presentou nin unha por tanto non existen. O Sr. Núñez Feijoo ten a garantía da sinatura dun ministro. Que garantías tiña o Sr. Caballero cando dixo que ía ser Alcalde se viña o AVE no ano 2012 a Vigo? Nin unha, nin sequera o recibiu o ministro, recibiu o Secretario de Estado de Infraestruturas.

Ademais hai que ter en conta que o Sr. Blanco é o número dous do Partido Socialista, é a garantía que ten hoxe o partido Popular. Que garantía ten o Sr. Caballero por se presentar? Que garantía de ter decidido que se presentaba se viña o AVE no ano 2012?

Agora pode dicir que hoxe é xoves e estamos en Albacete. Coma outras cousas, coma a Carta de Municipalidade e tantas cousas que se dixeron. Era todo engano e fraude. Onde están esas garantías? Agora, temos o pacto do Obradoiro conseguido gracias a xestións do Goberno do partido Popular, de acordo que con José Blanco no Ministerio, pero é que antes había outra ministra de Fomento socialista. Que pasou con ela? Xa se foi ó fondo do esquecemento, xa está totalmente esquecida? Foi ministra de

Fomento cinco anos. O plan Galicia, lembran? Era tamén ministra socialista, por que non asinou ningún convenio de garantía e mantivo o AVE a Vigo en 2012?

Conclusión: o Sr. Abel Caballero non pode presentar ningunha garantía de por que se presentou a Alcalde de Vigo, que garantía lle presentou o Ministerio de Fomento de que o AVE viría en 2012? Foi candidato e resulta que non hai garantía, é todo un engano.

En segundo lugar o pacto do Obradoiro é un logro do Goberno do Partido Popular, efectivamente coa colaboración e o apoio e por iso nos felicitamos do ministro. Pero houbo cinco anos ministros socialistas de Fomento que vostedes defenderon e o Bloque apoiou a aquela ministra para que non fose censurada no Congreso dos Deputados. Vostedes dous estiveron atrasando o AVE e enganándonos durante moito tempo. Agora temos datos que dependerán de que o Ministerio de fomento os cumpra pero, Sr. Domínguez, aí asinou un ministro, o número dous do Partido Socialista.

Vostede sen embargo elixiu un Alcalde que dixo que non sería nunca candidato se non se lle garantía do AVE a Vigo por Cerdedo no ano 2012 e vostede apoiou os presupostos durante moitos anos no Congreso dos Deputados. Dígnanos algunha obra que fixeran como consecuencia dese apoio. Agora non o apoian no ministerio porque non necesitan os seus votos, xa non lles fan falta ó Partido Socialista, xa non lle son útiles, foron útiles durante estes anos e Vigo non sacou nada. Iso era a cooperación intelixente, ceder a cambio de nada.

O Sr. Caballero quizais agora se garde unha quenda porque con este sistema que ten non sei se será por alusións ou por última intervención, pero insisto que pedín en catro ocasións que me entregasen algún documento que nos dese as garantías que tivo para aceptar ser Alcalde de Vigo. Non existen, Sr. Font, recoñezao, non existiron nunca, era todo un tema electoral. Non hai ningún papel asinado nin polo ministro, nin polo secretario de estado, nin por un director xeral, nin por un xefe de servizo. Asináronlle algo, Sr. Alcalde? Porque vostede veu aquí dicindo que lle convenceran, que tiña unha garantía completa e chea de que ía chegar. Non era certo, Sr. Alcalde.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a

Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, relativa a instar á Xunta de Galicia e máis ó Goberno Central a sinatura dun convenio institucional sobre infraestruturas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (215).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO SE DOTE DE TAQUILLAS E SE PROCEDA Á LIMPEZA DOS SERVIZOS E INSTALACIÓNS DO PARQUE DE CASTRELOS . DOC. 90106046.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo de 2009, número 90106046, a concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Muñoz Posse, formula a seguinte moción:

“O parque de Castrelos é un dos pulmóns principais da nosa cidade, por isto, son moitos cidadáns que cada día acoden a el para levar a cabo practicas deportivas, en especial, footing. Tamén é habitual ver a equipos federados de diferentes deportes como fútbol, atletismo, baloncesto, entre outros, adestrando no parque.

A pesar disto, as instalacións municipais que se atopan en Castrelos, como aseos e vestiarios non cumpren coas condicións de hixiene e servizos necesarios para satisfacer as necesidades dos citados deportistas. Os vestiarios carecen de taquillas onde poidan deixar as súas pertenzas e ademais recibimos numerosas queixas pola sucidade nos aseos.

Dende o Partido Popular consideramos que o fomento do deporte cara ós mozos e non tan mozos é fundamental para conseguir unha cidadanía máis sá e con mellores hábitos de vida.

Por todo isto, o Grupo Popular do Concello de Vigo presenta para a súa aprobación polo Pleno, os seguintes acordos:

1.- Que o Goberno adopte o compromiso firme de dotar a ditas instalacións de “taquillas”.

S. Ordinaria 26.10.09

2.- Que dende o Goberno municipal se dean as ordes oportunas para manter limpos os servizos das instalacións municipais do parque de Castrelos.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión de data 20 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Muñoz Posse, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: En primeiro lugar quero agradecer á Sra. Muñoz Posse que presentara esta moción porque así podo falar de todo o que estamos a facer dende este Goberno polas melloras en Castrelos. É certo que o parque de Castrelos é un dos pulmóns principais da nosa cidade, o seu principal parque, utilizado por mozos para realizar prácticas deportivas pero tamén por moita máis xente: por rapaces, por maiores..., por iso estamos a realizar dende este Goberno un importante labor de mellora porque é certo que recibimos este parque nunhas condicións moi deficientes. Podo facerlle un pequeno resumo de todo o que fixemos nestes dous anos que levamos gobernando e que non se fixera ata esa data. En primeiro lugar realizamos un repoboado de árbores transplantados doutras zonas da cidade, dalgunhas zonas de humanización. Falamos de máis de trinta árbores exclusivamente nos arredores do parque de Castrelos pero tamén estamos a falar de case cen árbores que están no viveiro que hai detrás do parque.

Tamén fixemos unha importante resemteira en zonas verdes que perderan completamente o céspede e polo tanto o recuperamos como zona de paseo para os cidadáns.

Quero dicirlle tamén que hai uns meses procedemos á limpeza do lago. Coido lembrar que dende que se fixo o lago que penso que foi cando era Alcalde o Sr. Soto, non se realizou nin unha soa limpeza. O Partido Popular durante sete anos e medio nese tempo e en ningún momento acordou que se fixera unha limpeza do lago.

Procedemos tamén á colocación dun valado no perímetro do contorno do lago ante situacións de risco que podería haber para algúns nenos que pasean por certas partes do lago. Tamén fixemos actuacións de recibados de pavimento nas zonas de paseo onde corren os atletas porque había problemas que podían ocasionar lesións nos pés dos atletas.

Tamén instalamos cabinas de aseos públicos que non había situadas ó carón do parque infantil, o mesmo que fixemos noutros parques infantís como é o que hai en Castelao, na praza do Emigrante.

Tamén pensando neses atletas dos que vostede fala introducimos por primeira vez na cidade de Vigo xogos ximnásticos para atletas. Xogos consensuados cos propios atletas, falouse coas federacións de atletismo e eles mesmos nos propuxeron cales eran os xogos que querían. Neste intre xa están instalados.

Claro que queda moito por facer. É certo que nos sitios onde se visten os atletas neste momento non hai *taquillas*, son unhas casetas de madeira e por suposto que son deficientes, son as que vostedes nos deixaron. Tamén falamos con eles para buscar unha solución porque non é moi lóxico que durante o tempo que estean correndo deixen a roupa alí exposta a todo o mundo, polo tanto si que é certo que hai que seguir mellorando moitas cousas. Xa falamos con eles para buscar cal sería a mellor forma de solucionar ese problema, onde colocar a súa roupa mentres están facendo as actividades deportivas .

Por todo iso, porque xa fixemos moitas cousas no parque de Castrelos, estamos facendo máis cousas e cremos que aínda hai que facer máis, propoño unha emenda a súa moción que di: Instar ó Goberno municipal a que continúe cos labores de recuperación e mellora no parque de Castrelos como xa ven facendo nos dous últimos anos, con actuacións como repoboamento de árbores, limpeza do estanque ou instalación de xogos deportivos, entre outras.

SR. ALONSO PÉREZ: En moitas das intervencións do Partido Popular instan ó Goberno a que reduza as partidas de publicidade e eu coido que dende o Goberno imos ter que aumentar a publicidade porque a concelleira que presenta a moción non sabe o que pasa no parque de Castrelos nin as iniciativas que hai dende a concellería de Deportes.

Como concelleiro de Deportes e ademais practicante de footing dende hai moitos anos no parque de Castrelos, atendín unha demanda de “Corre con Vigo” que existe dende o inicio da lexislatura e que ademais é unha das que estou máis contento, vai continuar e espero que tamén continúe unha vez que eu deixe de ser concelleiro de Deportes. É unha iniciativa que da resposta de xeito eficaz á maioría das cousas que vostede expón.

A iniciativa parte dunha liña de traballo do BNG en materia deportiva de fomentar o

deporte e a saúde. Partindo de que no parque de Castrelos hai moita xente que por iniciativa propia vai alí a correr, por primeira vez existe nese parque a utilización polas persoas que corren dos vestiarios que utilizan os cantantes no período de verán. Estes vestiarios están a utilizarse no inverno para a xente que corre no parque.

Convídoa a que asista e con gusto acompáñoa porque cando podo vou, tres días á semana de 7 a 9 da noite hai unha monitora licenciada no INEF e ex-atleta que acompaña á xente que se achegue ó parque de xeito gratuíto, sexa atleta federado ou popular; acompáñoos en exercizos previos de preparación para carreiras, logo e en función da capacidade das persoas corren, andan ou fan series e mentres, unha persoa que paga a concellería de Deportes, custódialles a roupa nos vestiarios para que a xente estea tranquila. Esta iniciativa faise tres días á semana e coido que por primeira vez o Concello está dando resposta aínda que non sexa definitiva, só son tres días á semana pero esperamos ir atendendo a todas as demandas que hai no parque como ben dicía a Sra. Díaz na súa proposta.

Supoño que por razóns de descoñecemento, lamento que estea a reivindicar esta cuestión. O mellor é que os atletas e a xente que corre en primeiro lugar estean instruídos, que alguén os acompañe co coñecemento do que teñen que facer. En segundo lugar que por primeira vez teñan auga quente para se duchar; xa digo que eu levo vinte anos ou máis correndo en Castrelos e este é o primeiro ano que gozo no propio parque da posibilidade dunha ducha de auga quente nos vestiarios que utilizan os cantantes no verán.

Coido que o gasto de publicidade debeu ser insuficiente porque polo que vexo descoñece este programa da Concellería de Deportes e repito que estou aberto a que luns, mércores e xoves, que son os días que funciona o programa, me acompañe para que vexa como a xente está contenta desta iniciativa e esperemos que en colaboración coa Concellería de Parques e Xardíns e coa proposta de mellora poidamos cubrir todas as necesidades que ten o parque para a xente que corre, a que camiña ou a que sinxelamente goza del.

SRA. MUÑOZ POSSE: Sra. Díaz, a cabina de baño público que hai a carón do parque non funciona dende hai tempo. Non lle discuto que estea posta pero non funciona. Non sei con quen terá falado vostede para poñer os xogos para atletas pero non son os mesmos cos que falei eu porque me dixeron que o que necesitan son bancos de

abdominais e bancos de dominadas, que os demais non se usan. De feito se vai alí verá que os aparatos xa están rotos, eu acompáñoa, estiven o venres alí.

En canto á limpeza as follas non as limpan, a xente corre por sitios coma este da foto e o que pasa e que non sabes o que hai debaixo, non sabes onde pisas, pode haber unha castaña, unha pedra, podes romper un nocello, unha perna, etc. Hai xente que corre aquí porque lle gusta e outra corre porque está adestrando para campionatos e non é o primeiro atleta que non vai a un campionato por culpa de caer en Castrelos.

Os bancos están rotos co cal un pouco menos de publicidade e un banco novo.

Sr. Alonso, si que estou informada e sei como funciona o programa “Corre con Vigo”, tres días á semana. Por que non funciona os cinco? E non hai auga quente, haberá os días que vai vostede porque o resto non.

O único que pido é que dentro deses vestiarios, que inda por riba só abren de 7 a 9 da noite, se vas ás 6, que fas coa roupa? Xa non a podes deixar. Só luns, mércores e xoves de 7 a 9, o resto dos días non vas porque non podes ir, non tes onde deixar a roupa. A roupa déixase nas casetas que dicía antes a Sra. Díaz coma esta, na que sempre ten que haber alguén porque se non queda ó ar libre xogándoches que cha poidan roubar.

Como só están abertas as instalacións luns, mércores e xoves de 7 a 9 a xente vaise así a súa casa os días que chove, en autobús, andando ou como lles dea a gana pero se van así. Non creo que custe tanto que unha desas partidas de publicidade as saquen para auga quente e para abrir os vestiarios todos os días da semana nun horario máis amplo. Se aínda por riba nos din a que hora temos que ir a Castrelos para poder ducharnos, agora mesmo en auga fría, polo menos poñer a auga quente e máis horas, non só os días de “Corre con Vigo” porque así matamos tres paxaros dun tiro.

Dentro deses servizos que utilizan os cantantes cando veñen no verán poñer unhas *taquillas* que non é tan caro, das que metes un euro e te levas a chave como hai en todos os ximnacios desta cidade.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Asómbreme Sra. Muñoz Posse. Quero que volva amosar esa caseta. Esa caseta púxoas o Partido Socialista? Non, foi o que herdamos do Partido Popular. Nos fomos e démonos conta da situación; vostedes en tres anos e medio non foron conscientes dela. Teño aquí un informe técnico e podo lerlle que di: “Neste momento están localizados os modelos que custan aproximadamente 130 euros en

resina para uso ó ar libre en medidas 184x45x35 de alto-fondo-ancho para uso dos usuarios tendo que facer a estrutura para albergalas". Temos localizadas xa as *taquillas* se queremos.

A cuestión é que estamos pensando se iso é o mellor, barallamos todas as opcións. Como ben dicía o Sr. Alonso, estamos neste intre contemplando a posibilidade de abrir máis días. Cantas horas estaban abertos eses vestiarios para os atletas na época da Sra. Porro? Cero. Pode dicir que tres días non son suficientes; ó mellor non pero son máis dos que tiñan vostedes, nin o dobre, nin o triple porque sobre cero das horas que sexan da infinito.

Os bancos están consensuados coa Federación de Atletismo, falamos cos seus representantes, viñeron corredores e atletas coñecidos na cidade; falamos con monitores que dan clases alí cos mozos e cos rapaces. Consensuamos os aparatos, a zona onde se instalaron e hai bancos abdominais, non sei quen lle dixo que non. Hai bancos de abdominais para dúas persoas, unha barra fixa para tres persoas que foi pedida expresamente ó Sr. Alcalde nunha carta dun cidadán en representación de máis cidadáns. Temos tamén barras paralelas e barras de salto, todo consensuado con eles.

Por suposto que se poden poñer máis, por suposto que a actividade de atletismo non é só estes catro tipos de estiramientos ou de exercizos, hai moitos máis, pero, cantas barras tiñan vostedes? Eu lembro de velos estirar na ponte cos pes enganchados no bordo para facer os exercizos. Iso é o que pasaba na época da Sra. Porro.

Xa lle dixen que hai moito que facer por iso a emenda é instar a continuar con labores de recuperación e melloras no parque de Castrelos, pero o que lle podo asegurar é que aquí fixemos moito máis en dous anos do que vostedes fixeron en sete anos e medio.

SRA. MUÑOZ POSSE: Deixen de se preocupar polo que fixeron outros partidos políticos cando gobernaron e preocúpense de gobernar agora. Eu non dixen en ningún momento que non houbera bancos de abdominais, dixen que necesitan máis. Tampouco se crean vostedes que se usan tanto, non hai colas para os usar, a xente segue estirando na ponte porque hai dous bancos e un que puxo un señor particular e que alí segue.

Só pido que abran os vestiarios todos os días, que poñan *taquillas* para que a xente poida deixar a súa roupa e que non teña que ir alguén alí a quedarse toda a tarde

mentres adestran para que non lles rouben as cousas. Iso e que por favor limpen o parque, ramas caídas, luces metidas entre as follas das árbores e non se ve, cando é de noite hai zonas nas que non se ve absolutamente nada.

Se realmente cren que o parque de Castrelos está ben, así tamén cren que a cidade está ben, vena tan bonita e tan marabillosa e realmente o parque de Castrelos non está ben, nin está limpo, nin hai cousas para os deportistas. Tanto custa poñer unhas *taquillas* nuns vestiarios? Non, pois póñanas para que poidan deixar a roupa, abran os vestiarios todos os días da semana e con auga quente e non con auga fría como teñen agora. So estamos a pedir iso.

A PRESIDENCIA: Entendo que non se pronuncia sobre a emenda. Como a concelleira mantén a súa emenda procedemos a súa votación.

Emenda formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sr. Díaz Vázquez, por escrito de data 26 de outubro:

Instar ó Goberno Municipal a que continúe cos labores de recuperación e melloras no Parque de Castrelos como xa ven facendo nos dous últimos anos con actuacións como repoboamento de árbores, limpeza do estanque ou instalacións de xogos deportivos, entre outras.

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro do Grupo Popular).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLA SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACORDASE:

Aprobar a emenda formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez, co texto que se transcribe anteriormente.

S. Ordinaria 26.10.09

VISTO O ANTERIOR ACÓRDASE: Instar ó Goberno Municipal a que continúe cos labores de recuperación e melloras no Parque de Castrelos, como xa ven facendo nos dous últimos anos con actuacións como repoboamento de árbores, limpeza do estanque ou instalacións de xogos deportivos, entre outras.

18.- (216).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO SE PROHIBA UTILIZAR A PONTE DE TORALLA COMA TRAMPOLÍN E SE INSTALEN OS SINAIS OPORTUNOS. DOC. 90106048.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo de 2009, número 90106048, a concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“Cada verán incrementase o número de rapaces que utilizan como trampolín a ponte da illa de Toralla para lanzarse á auga e nadar, despois, ata o areal da praia do Vao.

Fixo falla que un rapaz resultara ferido o pasado día 10, para que, de xeito improvisado, o Goberno que preside o Sr. Caballero, anunciara reunións para tomar medidas ao respecto.

Unha mala caída pode causar danos medulares irreversibles e moi facilmente calquera tipo de traumatismo. A pesar diso o Sr. Calviño non parece ver con claridade o perigo das citadas prácticas, que na súa maioría son levadas a cabo por menores, xa que en declaracións aos medios de comunicación sinalou que non se poden controlar.

Dende o Grupo municipal do Partido Popular denunciámos, unha vez máis, a ineficacia do concelleiro de seguridade Sr. Calviño para levar a cabo de xeito eficaz as súas competencias neste sentido.

Por todo o exposto, instamos ao Pleno da Corporación para que adopte os seguintes acordos:

1.- Que de xeito urxente se prohiba utilizar a ponte de Toralla como trampolín para lanzarse á auga.

2.- Que se instalen sinais que advirtan dos perigos que implica saltar á auga dende esa altura.”

A Comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 20 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

INTERVENCIÓN DA SRA. LARRIBA LEIRA: Esta moción ven insistir no que xa fixemos neste Pleno en dous ou tres mocións precedentes porque a realidade é que xa perdeu actualidade a denuncia deste problema.

O Partido Popular alégrase que tralo rexistro desta moción se solventara esta cuestión e que dende o goberno se colocase un sinal impedindo ós rapaces tirarse dende a ponte de Toralla ó mar. Isto é o que levamos adiantado na mellora dos servizos de seguridade nos areas da cidade para o próximo ano.

Engadir ó xa comentado polos meus compañeiros se a falta de aprobación dun regulamento non responderá tamén a unha intención de que as nosas mocións queden obsoletas e que sexa esta unha intención pretendida dende o goberno local.

Propoño a retirada desta moción.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Esperaba de vostede un pouco máis de elegancia porque coido que ten unha cultura política máis sensata que algúns dos seus compañeiros, pero non me resisto a incidir en que de novo na proposta de moción ven o retrouso de "...denunciamos unha vez máis a ineficacia do concelleiro de Seguridade Sr. Calviño..." No sei se xa é o retrouso que teñen para todas as mocións nas que intervén a Concellería de Seguridade ou doutras concellerías pero volvo insistir en que é unha honra que vostedes digan isto porque sei que no fondo están a pensar o contrario e se o din de min, a pesar do que diga o Sr. Coello que ó mellor peço de falta de humildade, é porque estou orgulloso da miña xestión pero tamén a da Laura, a de Raquel, a de Mariño... Realmente estamos orgullosos da xestión e parece triste que vostedes, para disfrazar esa boa xestión teñan que estar a falar todo o tempo de incompetencia e outras cousas que estamos a escoitar a miúdo.

Neste tema vimos o que había de lexislación ó respecto e puxemos o que nos pareceu máis oportuno e como este tema está cumprido e coido que están satisfeitos, como gastamos pouco en publicidade e non pode saber a xente as cousas que estamos a facer, informarlles tamén que este mesmo sinal colocámolo na praia de Saiáns porque tamén había unha situación de posible perigo. Obviamente seguiremos procurando atender á seguridade de toda a veciñanza facendo o traballo que nos corresponda.

Podería dicir o de sempre: durante tres anos e medio este sinal non se puxo, durante moitos anos se tiraban dende eses sitios e non se facía nada. Tivo que vir este

gobierno para que se poña ese sinal como tantas moitas outras cousas que estivemos a facer e é lóxico que esteamos orgullosos, por suposto que o estamos e a moita honra.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, retira a súa moción non sendo sometida a votación.

19.- (217).- ROGOS E PREGUNTAS.

* REITERACIÓN PREGUNTA SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO RELATIVA Á TRAMITACIÓN DOS QUIOSCOS DE PRAIAS.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: No mes de xullo presentamos oralmente unha pregunta neste Pleno pedindo información sobre a situación da adxudicación dos quioscos de praias. En agosto reiteramos a pregunta xa que non nos contestaran adecuadamente, en setembro non nos contestaron e a miña pregunta é: contestaron esa pregunta?

A pregunta tiña dúas partes; en que situación se atopaba o procedemento no mes de xuño de 2009 e a segunda parte cal era o motivo do atraso desa adxudicación. Insisto en que a presentamos catro veces. No último Pleno díxome que en dous días tería a resposta. Non chegou esa resposta.

Ese é o respecto ás iniciativas que presento ó Pleno. Sr. Alcalde, non sei se a partir de agora poderemos crer ou non no que di pero xa estamos en outubro e aínda non contestou cando dixo que ía contestar nos catro Plenos anteriores.

A PRESIDENCIA: Estou a contestarlle, están adxudicados.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: A pregunta é en que situación se atopa no mes de xullo a adxudicación dos quioscos. Esa é a pregunta, non ma contesta, iso foi o que pasou nestes catro meses anteriores. Prégolle que por favor se respecte o xogo democrático deste Pleno, que se respondan as preguntas en prazo e con respecto ó contido. Formuleinas catro veces e negáronse a contestar a pesar de que vostede deu a súa palabra no Pleno de que o farían en dous días no mes de setembro, que ían contestar

inmediatamente no mes de agosto e que ían contestar no mes de xullo.

A PRESIDENCIA: Sr. López-Chaves, o expediente desa adxudicación é público e polo tanto está a súa disposición o coñecemento de todos os pasos que se foron dando en cada momento.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.